

LOLA,
FILLA DE CANGAS

ASUN BERNÁRDEZ RODAL

Lola, filla de Cangas

© Asun Bernárdez Rodal - 2020

lolafilladecangas@gmail.com

ISBN: 978-84-09-22416-6

Depósito legal: VG 357-2020

Edita: Asociación Cultural Memoria Histórica 28 de Agosto. Cangas

Asesoramento lingüístico: Paula Cousillas

Foto portada: Federico Patellani. Cangas, 1946.



*A Evaristo Dobarro Landín,
un de tantos esquecidos.*

Chámome Lola, son filla de Cangas

Chámome Lola e son filla de Cangas. Cando me preguntan como é que teño tan boa memoria, eu contesto que é un don co que nacín. Pero digo isto para non aburrir cos meus pensamentos, que son meus e de ninguén máis. As lembranzas, en cambio, son outra cousa, están aí para poder espallalas ó vento cando faga falta. Sei que se teño boa memoria é porque me empeñei hai moitísimos anos en non esquecer. Calei a boca, coma todos, porque ter a lingua solta non é cousa boa cando tes unha bota dura enriba da cabeza e a túa xente tamén a ten. Estamos sós, estivemos sós. Por iso gardei as historias vividas na miña primeira xuventude, por se chegaba o día no que puidese contalas.

Agora xa non sei se lle interesarán a alguén. Pasou tanto tempo! A maioría quere esquecer e mirar para diante: *Aquí xa somos todos iguais, paxariños e pardais!* A isto se reduciron corenta anos de silencio. Ás veces as miñas amigas dinme: “pero *aínda* andas con esas cousas, muller?”. “*Aínda, aínda...*”. Eu gardei estes recordos na memoria, por se acaso a alguén lle fosen vir ben. O faiado da miña cabeza está cheo do que miraron os meus ollos, do que escoitaron os meus oídos e tamén doutras historias que non vivín eu: as que me contaron os meus pais, os

meus tíos, os meus amigos e as miñas amigas. Aprendín que a memoria viva se compón de anacos de experiencias tanto propias como alleas que debín acochar e gardar con moito coidadiño, pois son o maior dos meus tesouros.

Quero subir a ese faiado e empezar a desempaquetar estas lembranzas. Teño que facer limpeza: sacudir o po, varrer, fregar, tirar trastes ó lixo ou queimalos. A miña vida rematará pronto, para semente non hei quedar! Desde hai un tempo, resoa na miña cabeza esa frase tan maliciosa con que os mozos pican os vellos malhumorados nesta vila: “Hai que ir morrendo”. E si, teño que ir morrendo, xa o sei, pero espero non chegar a perder nunca a memoria. Por se acaso, alá vou, armada co plumeiro, a vasoira e o trapo de fregar. Ese faiado é caótico, tan caótico como a propia vida. Quero deixalo ordenado e escapar así da tea de araña do tempo, deixando un lugar arraxado que outros poidan visitar.

Compartirei con vós as historias que ata agora tiven sempre que murmurar ó caladiño. Xa estou farta de escoitar durante anos que todos fixeron mal, os dun bando e os do outro, ou que todas as barbaridades que pasaron non foron para tanto. Isto non é certo: uns foron asasinados e outros asasinados; uns atacaron e outros padeceron a violencia; uns apoiaron un goberno que saíu das urnas e outros un que saíu das armas. Non sei o que pasou noutros lados, non son unha muller con estudos, pero aquí as cousas foron o que foron e eu vivinas. Non houbo dous bandos enfrontados, non. Foron persoas concretas as que asasinaron, as que meteron a outras na cadea, as que puxeron multas, as que encerraron en psiquiátricos, as que raparon mulleres e impuxeron unha forma de pensar e de vivir. Despois a traxedia foise envolvendo nunha rede de silencio. Que podíamos facer?

Agora é fácil falar de todo, mais xa ninguén quere falar de nada. Eu vivín todo aquilo que pasou e, aínda así, recoñezo que non o sei todo. Que pretendo a estas alturas? Ser unha vingativa como din algúns agora? Non, porque saber de onde vimos non pode ser nunca nada malo. Espero que esta historia sexa como esa nortada que entra na ría no mes de maio e arrastra as nubes limpando o ceo, traendo claridade despois dunha suduestada. O aire é frío, pero compensa a luz que fai brillar a herba húmida e toda a fermosura da natureza explota.

Toda flor foi primeiro unha semente.



1926

A matanza das bigornas

Na miña casa moita xente entraba e saía sen preguntar nada. Sentaban a falar de política ou a ler algo en voz alta e despois, veña... a discutir uns cos outros o tempo que fixese falta. Eu tiña cinco anos, andaba sempre tirada polo chan e o meu universo estaba poboado de pantalóns cos baixos esfiañados e de zapatos vellos pero ben lustrados a petar no chan a ritmo das palabras. Non había entón crueldade naquel mundo no que eu vivía e nin pola cabeza se me pasaba que ningún daqueles homes ou mulleres fosen ruíns, pero aquel día ía descubri-lo, porque se me partiu o corazón.

As horas pasaban naqueles faladoiros nos que se empezaba dicindo como era o mundo, e se remataba en como debería de ser.

–Pois a min cando morra, non me levedes á igrexa, eh!–Dicía un.

–Non te pases, ho... que non somos animais! –Replí-caba outro.

–Ti es un ignorante! Non ves que Deus é un invento dos ricos para teren sometidos os pobres?

Entón miña nai mandábanos ós pequenos ir á igrexa rezar o rosario, mentres dicía:

–Non faledes iso diante dos rapaces!

É que ela era unha muller crente que ía á misa cada día antes de ir traballar. Levantábase ás cinco, facía as cousas da casa e marchaba. Pero nós non sabiamos sequera a que hora era o rosario aquel do que falaba miña nai, nin queriamos sabelo. Ese era o momento no que meu irmán Ángel me collía da man, dáballe un empuxón a Evaristiño, o fillo dun amigo do meu pai, e saíamos saltando para a rúa chovese ou ventase.

Eles ían fociñudos, porque xa se sentían homes para escoitar aquelas lerías e non querían entender por que os botaban de alí.

–Pensan que somos parvos –rosmbaba Evaristiño. –Eu xa sei ler desde os catro anos!

–Ben, mellor. Imos ata Rodeira pescar –bisbaba o meu irmán.

–Espera que colla un caldeiro para traer as navallas.

–E que facemos coa mocosa esta? –Preguntaba Evaristo.

–Levámola con nós, non nos queda outra!

Tiñan oito anos e corrían e corrían e eu apuraba detrás deles, facendo voar os pés canto podía ata que me ían deixando moi atrás. Entón empezaba a chorar desesperada e eles paraban.

–Non chores parruliña –dicíame meu irmán. –É que se imos ó teu paso non chegamos nunca! Despístaste con todo! Veña, vamos, non chores.

Rodeira era un mundo de area branca coma a neve, as dunas das Saíñas, cun río no final de todo, eran montañas máis altas ca calquera das casas de Cangas. Eu mireinas ir desaparecendo conforme ían levando a area para construír o peirao de Vigo e tanto edificio novo que fixeron. Aquelas dunas mudaban sempre de cor e de forma, conforme os días e as

estacións do ano ían pasando. Tirabámonos desde arriba a rebolóns ata chegar case á beira do mar e volvíamos cheíños de area para casa; pero a ninguén lle importaba porque a area estaba en Cangas por todas partes. Na primavera, enchíase todo dunhas floríñas roxas e azuis, que para min eran xoias que levar para a casa e que foron tamén desaparecendo conforme foron levando a area.

Aquel era o territorio da aventura. Podías atopar cousas curiosas que o mar devolvía: madeiras desgastadas, anacos de rede, latas, restos de vidro... Aquelas crebas envoltas entre algas eran os nosos xoguetes, os nosos tesouros que trocar con outros. Aquel día quedamos ó principio da praia e, desde alí, baixabamos cos outros nenos a rebuscar nas ameixas. Daquela movías unha pedra e saía unha nécora, saía un anguiacho ou saía unha martilonga. Antes esta ría nosa era unha cousa nunca vista do peixe que había.

Estabamos no verán, mais aquela tarde ía algo de fresco, aínda que a nós iso dábanos igual, xa que habendo sol o demais non importaba. Como di o refrán *chuvia con sol non molla o pastor*. Rodeira facía que eu entendese aquela xente maior sempre a falar do tempo, e con razón, porque aquí é un espectáculo incerto e cambiante: non hai un día igual ca outro, cada un ten o seu vento particular, as súas nubes a viaxar a unha velocidade diferente polo ceo e o seu sol máis ou menos escondido.

Aquela tarde pasaba algo. De cando en vez soaban explosións que viñan da Illa e facíannos tremer. Sabiamos que se usaba dinamita para coller peixe a pesar de estar prohibido, mais aquelas explosións metían medo. De repente, miramos vir moitos

barcos fumegantes cheos de homes. Outros máis atrás, a vela, que co Norte tiñan que facer moitos bordos para poder entrar. E, diante, imponentes, dous cañoneiros da Armada.

–Mirade, que será iso? Vamos á ribeira ver! Corre, vamos, Loliña, deixa todo!

Cando chegamos á praia, estaba chea de xente.

–Que traen? –Dicían uns.

–Xa volven cedo! –Exclamaban outros.

–Saíron matar bigornas.

Un home saltou dun dos barcos grandes a unha gamela afundida na auga case ata a borda e remou ata a praia. Traía moito peso con el. Coámonos os tres ata a beira do mar e miramos como os homes empezaron a botar na area uns peixes enormes, máis grandes ca min.

–Estas cabronas levan dous anos acabando coa sardiña! –
Dicía un orgulloso, con moita fachenda.

–E rompen os aparellos! –Recriminaba outra.

–Eu nunca mirara unha bigorna! Parece que están a rir.

–Bendito sexa Deus! Que grandes son! Teñen cara de
persoas! –Saltou outra.

–E danlle leite tamén ás crías.

O arroz tiña un gran furado na barriga. Estaba esnaquizado. Aquel home botado para diante, rindo, meteulle a man ata as entrañas e sacoulle unha cría enteiriña aínda palpitante. Pobriña! Eu empecei a chorar a berros cando mirei ese animalíño nas mans daqueles homes endiañados.

–Non o matedes! Botádeo ó mar! Deixádeo, deixádeo!
Sodes malos! –Berrei todo o alto que puíden.

Algunha xente debeuse conmoer e quixeron consolarme.

–É a filla de Lola e de José.

–Rapariga, vaite para casa. É un peixe coma outro, bobiña –dixo unha muller.

–Hai que matalos, porque se non non temos para pescar cando chegue a ceifa da sardiña!

–Mira que chorar por isto! –Saltou outra.

Evaristiño foi recuando e cando saín de alí mireino vomitar, horrorizado coma min, e meu irmán con el, pálido e desencaixado. No buraco daquel corpo desfeito descubrimos o mal que podemos provocar coa desculpa do inevitable. Aquela xente nosa non era tan boa se podía facer aquilo cos pobres animais. Facerse maior é descubrir que os adultos poden ser crueis e fan por mirar para outro lado. Non sabía entón ata que punto aquela escena de terror estaba a ser unha premonición.



Dona Perfeuta

Non estou segura de se haberá un inferno, pero o que sei de certo é que eu me topei unha vez no camiño co demo encarnado nunha mestra. Meu pai e miña nai andaban sempre con que os rapaces tiñamos que ir á escola, que polo menos aprendésemos a ler, escribir e as catro regras, “para que na vida non vos tomen o pelo”, mais eu renegaba sempre que cruzaba a porta daquela escola. A min gustábame aprender, porque cando viñan os amigos do meu pai, Taratola, o Petiscado, o Corbacho e moitos máis, convertíame no centro de atención cando o meu avó me sentaba no bordo da mesa e facía unha exhibición do ben que sabía ler a neta os titulares do *El Socialista*.

–Que lista é esta rapariga –dicía caéndolle a baba sen darse conta de que os meus irmáns maiores miraban envexosos de esguello, porque ninguén miraba para eles, nin moito menos os gababan cando lían.

Cando empecei na escola debía ter sete ou oito anos, e dona Perfeuta era a mestra. Aquela muller era mala coma un demo e non ensinaba nada. Pegábanos cunha vara: tris, tras, sen mirar a quen daba. Ben, non miraba ata que chegaba mallando á *Plana Maior* e alí paraba en seco, porque eran as fillas dos gardas civís e doutras xentes de ben, coas que non conviña meterse. Que mala era aquela muller! Estaba casada con outro mestre e cada un deles tiña dereito a que o concello lles dese unha casa onde vivir. Cando chegou a República, meu pai, que era concelleiro, foi un

día falar con eles, porque non entraba na cabeza de ninguén que, sen teren fillos nin nada, tivesen dúas casas mentres que a maioría das familias mariñeiras de Cangas vivían a montefeixe. A partir de aí... quen a quería oír!

O tempo da escola foi un tempo de medo e rabia, sempre con indirectas contra a miña irmá e contra min. Cando chegou a II República, viñeron un día do concello a quitar os crucifixos e puxeron na parede a fotografía de Alcalá Zamora, o primeiro presidente provisional. Viña Corbacho, o amigo de meu pai, que mirou para min e botoume un sorriso cómplice. A dona Perfeuta a boca fóiselle revirando ata que se converteu nunha cremalleira engurrada. Cando a comitiva emprendeu a marcha, empezou a rosmar, pensando que non a escoitaban.

–¡Esos descamisados! ¡No tienen educación! ¡Esos salvajes!

E non paraba con que eran uns tumba que dálle. Corbacho, entón, deu a volta desde a porta e espetoulle:

–Oiga, señora, ¡por favor! Hay que cumplir las normas.

En canto ela mirou que a comitiva xa estaba na rúa, seguiu criticando del e do meu pai.

Dona Perfeuta veume ó día seguinte e díxome:

–Lola, ¿cómo es que nombraron a tu madre vocal de una mesa electoral? ¿Acaso sabe leer y escribir? ¡Hasta los gatos quieren zapatos! –E botouse a rir dunha forma tan sádica que non esqueceréi xamais.

Era o ano 36 e a Fronte Popular acababa de gañar as eleccións e por fin parecía que as leis sobre o laicismo se ían cumprir. A xente máis conservadora andaba rabiosa, porque

varios dos concelleiros eran traballadores dos sindicatos e dona Perfeuta era unha desas persoas para as que ningún mariñeiro, ningún canteiro, ningún albanel valía nada. Na súa boca eran todos mala xente.

–¡Ah, borrachos! Si os abrieran la barriga, ¡cuánto vino soltaríais! –Dicía sempre daqueles homes coma o meu pai que andaban de acá para alá, falando cuns e con outros para que os mariñeiros se organizasen nos sindicatos.

A min gustábame aprender pero o caso é que non podía. Eu sabía a lección de cabo a rabo e de rabo a cabo, pero as poucas veces que me chamaba á mesa xa tremía, porque aquela mestra aproveitaba a mínima para insultarme. Cando foi o da República, ela que era unha fascistona, unha monarcona, colleunos a unhas cantas: a miña prima Teresa, a Obdulia e a Chimé e relegounos aínda máis, sentándonos nun banco longo nunha esquina da aula, postas cara á rúa e de costas para ela e para as demais raparigas.

–Ahí vienen las de la *compañía de seguros* –rosmaba, facéndonos mofa porque os nosos pais andaban a loitar por conseguir un seguro de accidentes para os mariñeiros.

Había o que ela chamaba dúas sesións: a primeira era para as máis listas, as que sabían máis; e, a segunda, era para as torpes. Como podedes imaxinar, as fillas dos gardas civís e as medio ricas de Cangas, aínda que fosen burras, tratábaas na primeira sesión. Todas sentadiñas diante dela nos pupitres de a dúas, cada un cos seus tinteiros para escribir coa pluma e as cousas ben gardadiñas debaixo. Esas eran as da *Plana Maior* e nós todas, en cambio, no banco corrido non podíamos nin apoiar a pizarra para escribir. Porque libros, libros, había poucos. Só un para todos os cursos entre os oito e os catorce anos e para todos os

irmáns. Nel aprendíamos Xeometría, Xeografía, Matemáticas, Historia de España e Historia Sagrada. Máis de corenta rapazas entre oito e catorce anos na mesma aula. As tardes de inverno cando había temporal aquel libro convertíase tamén nun xoguete na nosa casa, porque nos faciamos preguntas que había que buscar nas súas páxinas ata que nos quedaban as cousas na cabeza.

A mestra mandábanos estudar dun día para outro un anaco de lección. Ó día seguinte, ía unha por unha preguntando:

–Venga, tú, y ahora, tú... –Todo de memoria. Cando chegaba a min saltábame, non me preguntaba; un día, outro día, outro día, e así.

Dona Perfeuta Sitoula era grande e tesa toda ela, cunhas unllas longas que nos cravaba nos brazos cando nos collía. As raparigas pobres producíámoslle noxo. Unha vez que se lle puxeron unhas espullas polos dedos... Como se puxo!

–¡Uf! Estoy infectada de tocar vuestras cosas. ¡Qué repugnancia!

Non serán as miñas cousas as que toca, pensaba eu. Disque tiñamos a culpa nós de todo o malo que a ela lle pasase.

Nin ela nin o seu home eran fillos de Cangas. Andaba sempre con aquilo de “pueblo de borrachos”. Burlábanse de nós poñéndonos alcumes: *la mocosa*, *la sin peinar*... Non debían estar moi felices naquelas escolas cheas de rapaces pobres ó sentir que merecían ensinar a cativas de máis alcurnia.

Na escola había dous obxectos máxicos: unha bóla do mundo, que estaba enriba da mesa de dona Perfeuta, grande e fermosa que non lle podías nin tocar; e o outro un mapamundi de

hule, enorme, sempre enrolado e cheo de po. Eu morría por darlle voltas a aquela esfera, pero non me deixaba, porque era só para as raparigas ás que ela quería caerlles ben.

–Ven Marita, ¿Puedes decirme dónde está España?

–Claro, doña Perfeuta, aquí, con el Mar Cantábrico al Norte, al Sur y al Este el Mediterráneo, y al Sur y al Oeste el Atlántico. –Contestaba aquela rapariga tan educadiña e tan ben peiteada de ollos azuis e tristes.

–Muy bien. Algunas de vosotras vais aprendiendo algo.

As poucas veces que abría o mapamundi a min enchíanseme os ollos e a cabeza de fantasías.

–Y Galicia, ¿sabéis dónde está Galicia?

Dona Perfeuta envolvía despois o mapa, e podía pasar un ano sen que volvease abril. E nós alí, mirando para as rapazas máis ricas como se fosen actrices dunha película, chegadas doutro mundo. Os nosos vestidos sempre vellos, porque alguén nolos daba de media vida. Iamos aproveitando todo, pois non se tiraba nada; ata os farrapos valían moito, xa que os envolviamos apertadiños en arames e faciamos pelotas para xogar ó fútbol.

Un día, debía ser no Entroido, unha comparsa pasou pola porta cantando:

*Señor alcalde, señor alcalde
cuente con los Capuchones
para que los concejales no
se peleen en las sesiones.
Conseguiremos a todo
trance que el socialista y el
radical hagan las paces y se
abracen y se disfracen en carnaval*

As raparigas todas lanzáronse cara á porta. E dona Perfeuta saltou para frealas:

–Niñas, niñas, dejadlos pasar, que van borrachos.

Non houbo xeito de paralas. De repente, todas fóra. Eu dei a volta e aproveitei para arrimarme moi disimuladamente a aquela bóla do mundo para tocala mentres a mestra andaba despistada. Lendo todo: América, Argentina, Méjico, Estados Unidos... Busquei os sitios onde moita xente marchaba daquela. Quedei aparvada dándolle voltas a aquela máxica esfera ata que dona Perfeuta entrou e topoume acariciándoa como se fose un canciño.

–¡Quita las manos de ahí, asquerosa!

Case caín ó chan do susto.

–Só quería mirar ben onde está Buenos Aires. E teño as mans limpas –desculpeime.

Empecei a chorar. A ela deulle o mesmo. Caéronme unhas boas vareadas nas mans e no lombo. Cando chegamos á casa, a miña irmá contoullo á miña nai e eu alí morta de medo por se me rifaba ela tamén. Miña nai sentou diante de min, colleume das mans e miroume con mágoa as palmas. Só dixo:

–Que che fixo *o Cabalo*? Esa muller é o mesmo demo cos cornos, rapariga. Veña, tranquila, vaite para a rúa xogar – acabou por dicirme despois de facerme un aloumiño nas mans.

Non me berrou e eu nunca a quixen máis que naquel momento, porque sabía que ía protexerme sempre.

1930

A radio de don Víctor

As tardes do verán pasabámolas na praia da ribeira sempre chea de gamelas e motores. As cordas de amarrar os barcos eran as randeiras para a gandallada de rapaces máis atrevidos.

–Xosé! Fita! Lola! Baixade correndo que vén o amo! Había sempre alguén que avisaba e desaparecíamos todos botando lume polos pés coma se nos queimasen as areas. Por pouco tempo, porque en canto marchaba o perigo de apañar un tirón de orellas, alí estabamos outra vez, dálle que dálle no bim-bó.

A praia da ribeira era o corazón da vila que compartiamos os nenos e as nenas cos máis vellos, sobre todo coas anciás, que pasaban o día sentadas no bordo do paseo, elas sempre a mandar e nós a facernos as xordas.

–Rapariga, vaite para a casa soprarlle á ola, que se vai apagar o lume –pedíannos sempre as avoas, mentres deixaban pasar o tempo mirando como o resto do mundo traballaba e sen parar de darlle á lingua.

Non tiñan máis que facer, porque total, o caldo, con catro verzas, un pouco de fariña e unto, íase facendo só durante todo o día dentro da pota posta na trepia da lareira.

–Xa vou, mamá Xoaquina –replicaba a miña amiga Arxentina á súa avoa, pois daquela chamabámoslle tamén mamá ás avoas. Pero alí seguía sen facer caso ata que aquela muller tan

lingoreteira entraba en cólera e Arxentina corría para volver logo xogar sen perder a vez no pelouro. Pero aquel día volveu axiña co susto na cara, porque disque mirara un home descoñecido entrar na casa.

–Eu non vou, mamá Xoaquina, aínda que me mate– dixo mentres empezaba a chorar. –Hai un home apoiado na parede, así, de lado, fumando un cigarro –ía dicindo mentres estiraba dous dedos, e os levaba á boca como se fumase de verdade.

–Díxoche algo?

–Nin mirou para min, pero alí está.

–Non sexas parva, rapariga. Un home? Que home? Vai alí, muller, que me vai deixar de ferver o caldo e despois encroállanseme as patacas todas!

Pensar que alguén entrase na casa a roubar non se lle ocorría a ninguén, porque alí dentro non había de nada. A familia de Arxentina era tan pobre coma a nosa, a pesar de que o pai traballaba coma un boi sacando pedra das canteiras, a nai tiña un xornal nunha fábrica, e tres das irmás maiores estaban xa nas fábricas de conserva. Os salarios eran todos unha miseria.

–Que non vou, non! Que hai un home! –Repetía Arxentina sen deixarse amedrentar.

Nisto, siña Josefa abriu moito os ollos e dixo cun xesto teatral:

–A ver se a rapariga mirou algo! Ó mellor era un fantasma!

–E que ía mirar? Déixate de andrómenas! A ver, como era ese home? –Preguntou a avoa intentando frear o medo que a rapaza lle comezaba a bailar nos ollos.

–Pois alto, delgado, cun sombreiro, estaba fumando tan tranquilo na esquina do corredor, xa cho dixeran.

–Mirácheslle a cara? –Preguntou interesada siña Josefa.

–Non, non –replicoulle Arxentina –pero entroume un medo que non me podía mover, nin falar, nin berrar... canto me deu a virada para saír correndo. Non quero ir soa.

–Ai, alabado sexa Deus! Ese é o defunto do meu home!–
Dixo entón mamá Xoaquina.

–Esta rapariga mirou o avó! Talmente. Era así, un home alto e ben plantado. Como de rapaz se criou en mellor casa... pensaba que era un señorito, e nunca arriou o sombreiro!

–Como pode esta nena describilo tan ben se non o coñeceu? Isto é cousa de defuntos –rematou entón a outra vella. Imos rezarlle un rosario pola alma. Se veu aquí é que quere algo!

As raparigas apertabámonos entón cos corpos das vellas, mortas de medo, ata que paraban coas historias das almas do outro mundo, que algunha vez todas elas toparon nos seus camiños. Ó cabo dun pouco, botámonos outra vez a voar, como as gaivotas esquecendo o medo ás pantasma.

Unha das tardes de finais de verán, cando o ceo xa vai perdendo luminosidade, miramos pasar un home que sabiamos que non era de Cangas.

–Quen é? Non é de aquí –rexoubaron as vellas controladoras.

–É un home fino, leva sombreiro.

–Se cadra veu no vapor dar un raite a Cangas.

Cando na caída da tarde volvín á casa, alí o estaba, sentado na mesa falando co meu pai, era don Víctor. Escoitei que era mestre. Mestre! Que medo me deu. Un pouco groso, baixiño, tranquilo e ben falado.

–Hola, ¿y tú quien eres?

Non sei sequera se lle contestei co medo que tiña acordándome de dona Perfeuta e o marido. A partir dese día, veu

moitas veces á casa polas tardes cando se xuntaba o meu pai cos outros homes a discutir durante horas. Don Víctor ás veces traía unha caixiña cun xadrez debaixo do brazo porque ía xogar co veciño José Mujuto, que tiña un taller mecánico no Forte. Pero ata que marchaba, meus irmáns collíanllo, sentaban e poñíanse a xogar sen pelexar, concentrados, coma se o mundo non existise. Nunca quixeron ensinarnos á miña irmá e a min, dicindo que eramos moi pequenas.

Don Víctor nin sequera era galego, veu do interior, de Estremadura. Eu non sabía nin onde estaba aquela terra aínda que, botándolle moito valor, llo preguntara un día a dona Perfeuta, pero non lle deu a gana de abrir o mapa de hule para ensinarmo. A min gustábame moito oír falar a don Víctor, porque tiña unha voz doce, con aquel castelán que na súa boca non facía dano, porque non era coma aquel con que nos des prezaba sempre *o Cabalo*.

–Cuando llegué aquí fue la primera vez que vi el mar. No saben ustedes lo que tienen! Cogí con miedo el barco en Vigo, pero cuando vi los arenales de Cangas redondos como una concha, supe que iba a vivir aquí para siempre.

–Si, don Víctor, pero do bonito non comemos os pobres.
–Contestáballe meu pai un pouco agre daquela.

–Lo sé, lo sé. Mis padres eran jornaleros. A mi me costó mucho acabar los estudios, pero no me arrepiento. Siempre quise ayudar a estudiar a nuestra gente.

–Dentro de unos años –dicía Taratola– todos los hijos de los obreros aprenderán a leer y a escribir.

–E aprenderán leis e non os van enganar máis –saltaba o Pitiscado. –Ó mellor chegan á Universidade.

–Soñades –retrucaba meu avó.

–La escuela del Pósito va muy bien. Muchos niños vienen todos los días.

–E non se atopa vostede soíño, don Víctor? –Preguntaba miña nai.

–Sí, Dolores, sí. Pronto vendrán mi mujer y mis hijos. Mis padres y mi hermana están vendiendo todo en Extremadura y se vendrán para acá.

–E gustaralles isto? Aquí hai moita miseria e moita chuvia no inverno.

–La miseria, como en mi pueblo, solo que encima no tenemos mar. Y el verano es una maravilla aquí, cuando sale el sol es cómo estar viviendo dentro de un prisma!

–Si, si –contestaba a miña nai –co mar todo se leva mellor. A min non me entra na cabeza vivir nun sitio no que non se mire o mar. As veces que fun a Santiago pareceume triste. Será máis grande, con edificios moi bonitos e o que queiran, pero a miña cabeza, por onde quer que vaia, vai sempre buscando o mar.

–E onde van vivir?

–Allí mismo, en el Forte. Voy a comprar una vaca y a alquilar un terrenito para que mis padres puedan cultivar la tierra como en nuestro pueblo.

E así foi. Despois dun ano, don Víctor era un máis da vila. A súa era unha gran familia, o matrimonio con cinco fillos, os pais e unha irmá. A familia de don Víctor foi unha curiosidade mal aproveitada en Cangas. Ían polos montes e collían unhas bolsas enormes de plantas silvestres na primavera que aquí non se comían: allos bravos, espárragos silvestres, unhas folliñas que medraban cerca dos ríos e, o máis terrible de todo, caracois!

–Ai, que noxo, que noxo! –Dicíamos nós que eramos de verdade ignorantes. E o pan de culebra? Así lle chamabamos nós

ós cogomelos. Aquilo xa era demasiado. Eles estaban encantados. Tiñan unha vaca e ían vender o leite á praza, plantaban patacas e botaban millo. Os rapaces axiña se adaptaron e andaban sempre pola alameda a xogar ó redor do reloxo coma os fillos dos mariñeiros.

Don Víctor fíxose cargo da escola do Pósito dos mariñeiros. O problema para el era que moitos nenos faltaban ás aulas moi a miúdo.

–Tenéis que decir a los padres en el sindicato que manden a los niños a la escuela. Que no se preocupen, que también les enseñaré las cosas del mar... es mejor que aprendan de pequeños. Muchos se van a trabajar con diez años y tienen que saber por lo menos leer y escribir. ¡Y yo no puedo hacer milagros si no me mandáis a los niños!

–Nós mandámoslos, don Víctor, pero... –Dicía meu pai.

–Cando podemos –contestaba algún.

–Teñen que vir andando desde Coiro dúas veces no día –explicáballe miña nai. –Sobe e baixa, chovendo e ventando. Tapadiños con sacos, descalciños... e cando vai frío, pobriños, non queren vir! Que van aprender así? E nas aldeas tódalas mans fan falta. Mire vostede que a maioría das casas aquí en Cangas non acenden o lume para quentarse. Non hai leña e moitos dos pobres rapaces teñen calor só pola noite cando se deitan tres ou catro no mesmo colchón de follacos. E claro, pola mañá non hai quen os saque de alí.

–Sí, sí, decidme lo que queráis, que no me váis a ablandar. Los niños tienen que venir a la escuela. Estoy aquí para esto, Dolores.

–A ver que podemos facer... –Dicía meu pai.

A don Víctor iluminóuselle a cara e díxolles ós demais:

–Ya pensé en lo que podemos hacer, le he estado dando vueltas. ¡Compraremos una radio!

–Unha radio para a escola?

–Pues claro. La mayoría de las cosas se aprenden escuchando. Oiremos las noticias y también se leen libros y se cuentan historias del mundo entero. Es la mejor forma de aprender. Además, ya es hora de que los marineros tengan una radio en algún sitio.

–Algúns teñen na casa –saltou Taratola.

–Los pobres, ninguno. Así podemos hacer reuniones de las asociaciones allí también. Al fin y al cabo, es la casa de todos, ¿no?

O día que trouxeron a radio fomos todos para alá correndo, rapaces e rapazas nun frenesí. Don Víctor:

–¡Shh... sentaditos ahí, sin hablar ni alborotar!

E empezou a mover a roda dun lado a outro. Aquilo facía uns ruídos inimaxinables. Música! Soou Carlos Gardel. Os mozos riron contentos e as mozas tamén, mais un pouco avergonzadas, porque aquela música poñía aínda no aire un halo de pecado. Eu, por vez primeira na miña vida pensei que os seres humanos podíamos fabricar cousas, de verdade, maravillosas. O cine e a radio parecíanme os mellores inventos do mundo.



1931

Imos a Saturno!

Os domingos eran sempre un bo día, aínda que había que ir á misa, sobre todo se eras muller. Pero o máis interesante chegaba pola tarde, cando todo o pobo saía a pasear, arriba e abaixo pola rúa Real, onde están as casas dos ricos de Cangas, todas grandes, de pedra, bonitos balcóns e teitos altos. Desde o reloxo meteorolóxico ata a fonte da Mina costa arriba e despois costa a baixo ata o mar. No medio do camiño, o adro da igrexa e o cine, algunha taberna, que non eran para nós, pois neses sitios só podían entrar os homes.

Se algún domingo iamos xuntos ó cine, antes de saír da casa, os catro irmáns rodeabamos a miña nai a mirar parviños para ela mentres se peiteaba diante dun espello pequeniño e poñía o vestido dos domingos. Todos saltabamos ó redor sen quitarlle os ollos de enriba de tanta admiración.

–Anda, marchade para a rúa. Deixádeme tranquila, que xa remato!

Iamos entón para a rúa Real, mirar uns para os outros. Algún domingo o meu pai tiña no peto un pataco para cada un, que era o que custaba a entrada do cine Saturno, que daquela era a única verdadeira diversión que había na vila.

Titirrintriiiiin, tocaba o timbre cando ía empezar a película, que sempre era máis tarde ca cedo. A xente ordenábase alí por clases, como cando iamos á misa. Nada máis entrar había

un dosel de veludo encarnado e unhas cantas butaquiñas para a xente máis distinguida, e tamén as da primeira planta eran para as señoritas. A xeral estaba abaixo, onde íamos nós. Os rapaces máis golfeiros entraban pola última porta e ían para o galiñeiro, no que sempre se armaban grandes liortas. Os mocíños compraban castañas asadas na porta, e pasaban o tempo tirando as pelas á xente desde arriba matándose a rir.

Cando as películas eran mudas, e se había sorte, alguén tocaba o piano e lía para os demais os carteis. Aquela máquina de cine era moi vella e rompía continuamente. Pero isto non era para nada motivo de desgusto para os rapaces, senón todo o contrario, xa que aproveitaban para berrar a pleno pulmón: “Saturno, Saturno! Devólvenos o pataco!”, mentres petaban cos pés tan forte que parecía que o cine ía vir abaixo. Eran as risas, porque calquera cousa daquela nos facía rir. Ademais, así que había un nada, pumba! Podíamos quedar ás escuras. Porque a luz aquí tamén era unha porcallada, estaban os cables todos por fóra. Un nada que había, preparábase unha avaría. Andaba un empregado da empresa da luz que se chamaba *La Hulla Blanca* por toda a vila coa escaleira no lombo.

–Manuel, vai á rúa do Lirio, fai favor, que estamos sen luz.

–E despois vaite para o Costal, que estamos outra vez na mesma –contestaba no momento outra.

E aló ía aquel home de acá para alá desde a mañá á noite, cargando coa ferramenta e a escaleira. Non era raro que de cando en vez tivéssemos que esperar media hora a que Manolo volvese enganchar a luz do cine.

A min gustábame ir ó cine porque me facía sentir que a miña vida era moi boa. Acórdome cando botaron aquela película, *Fan e Claudiné*, que era de dous rapaciños orfos que o pasaban moi mal. Eu collíalle a man ó meu pai con moito medo de perdelo. Encantábanos Charló, que ía tamén con aquel neno abandonadiño tan guapiño. Poñían tamén historias das guerras. Acórdome moito do *Plus Ultra*, cando Ramón Franco, non o Franco cabrón, o ditador, senón o irmán máis pequeno, que era republicano, cruzou con aquel avión por primeira vez o Atlántico voando sen parar ata Arxentina.

Canto me gustaba ir ó cine! Alí aprendía cousas sen botar de menos o mapamundi, sempre enrolado na escola e custodiado por dona Perfeuta como se fose un instrumento de poder. O cine, en cambio, era para todos: para as señoritas ricas e para nós, que non tiñamos nada. O cine era a fantasía de apagar as luces e compartir o mesmo mundo.

No cine tamén podían acontecer outras moitas cousas. Podían ir cantar os coros de música e os de baile, pero o que máis me gustaba eran as obras de teatro. Cando había algunha recadación de diñeiro polo afundimento dalgún barco, ou para os máis desvalidos, alí ía a xente máis rica ben vestida, que achegaba algo para as familias dos náufragos de Cangas. Daquela, perigaban moitos barcos como o Josefa, o Amalia, o Concepción e, sobre todo, recordo a traxedia da traíñeira a motor, *o Azaña*, na que morreron vinte e dous homes de Cangas no ano 32.

Foi cerca da illa de Sálvora. Houbo só dous sobreviventes, un deles veciño meu. Cando chegou, contou o que pasara, pero unha soa vez. Despois calou para sempre, porque

nunca máis puido volver poñer en palabras tanta morte. Seica unha onda xigante de Nordés, unha soa, deulle ó barco de través e todos caeron ó mar. Catro desapareceron naquel momento. Vinte puideron agarrarse ó casco desfeito. Un día e unha noite enteiros foron aqueles homes arrastrados á deriva, caendo un a un, soltándose das madeiras cando quedaban sen forza. Só dous conseguiron aguantar enriba do casco e xa estaban sen azos e a punto de deixarse ir, cando apareceu un barco noruegués, *o Keret*, que os recolleu e os acercou a outro barco que os trouxo ata Vigo.

Eu vivín aquela historia con pánico polo meu pai, polos meus irmáns, polos meus primos e por toda a xente que quería. E mentres estaba alí no cine escoitando aquelas cancións tan bonitas non acababa de entender que era un “acto benéfico” e por que tiñamos que estar pasándoo tan ben. Cos anos entendín o que naquel momento non puideron: que a xustiza non ten nada que ver coa beneficencia, que é só un parche nun sistema inxusto.

1931

A República

Din que os martes son os días en que a enerxía se concentra e se es sensible podes vela brillar coma un rubí. Os martes son días para desafogarse, para que as palabras estoupen na gorxa e deixalas ir. E se son martes de abril tes que ter ollo de non queimarte! Pero estas cousas aprendinas moito máis tarde, despois de pasar a vida enteira intentando comprender por que pasou aquí o que pasou.

Aquel catorce de abril de 1931 era tamén un martes. Andabamos as rapazas pola ribeira aboiadas cando vimos o barco de Vigo, que viña pitando desde a punta de Rodeira. Fomos para o peirao, xa abarrotado de xente. Era o *María Luisa* aproximándose cunha bandeira republicana tricolor enarborada no máis alto do mastro. Pancho Eiroa e Lorenzo Corbacho, a rir, sacando peito ó seu carón. A xente a aplaudir e a lanzar aclamacións á República, aquel soño breve que naquel momento nos encheu de felicidade. Alí estaban todos, homes e mulleres, mozos e vellos. No peirao esperaban os da Xunta do Centro Republicano, que se puxeron á fronte dunha manifestación espontánea que percorreu Cangas cantando a *Marsellesa* e a *Internacional*.

En moitas das casas ninguén saíu, ninguén se asomou pola fiestra. Todo pechado baixo sete chaves. Debían ter medo de que as cousas virasen a favor dos pobres ou dos laicos. Pero a nós dábanos igual, aquela tarde era para pasalo ben e para non

preocuparse. ¡Arriba parias de la Tierra!, ¡En pie famélica legión! Eu non sabía todas as cancións, só o retrouso que oía cantar nos mitins de Cangas ou de Pontevedra ós que me levaron meus pais. Alí estaban eles, cunha alegría que nunca lle mirara antes naquelas caras que empezaban a estar marcadas polo tempo.

A multitude chegou festiva ata o concello. Entraron a falar só uns poucos homes co alcalde. Ó pouco tempo volveu saír Eiroa cun papel asinado na man, que leu con enerxía:

–Queda constituída, baixo a miña presidencia, un comité para o goberno municipal, unha vez entregados os poderes por parte do xa exalcalde Gándara.

E veña, outra vez os aplausos e os vítores pola República.

–O noso primeiro acordo é que mañá mércores sexa festa local –continuou– así, veciños e veciñas, poderemos festexar todos xuntos este éxito conseguido despois de tantas loitas.

Fomos indo conforme a noite caía, todos moi satisfeitos. A maioría dos homes quedaron de leria nas tabernas, mentres as mulleres ían camiñando amodiño porque ningunha quería meterse na casa. Ó pasar pola ribeira, estaba o coche de punto de Pepe, que alugaba a todo aquel que podía, parado na metade da rúa. Dunha casa saíu un berro que nos fixo a meus irmáns e a min frear en seco.

–Que pasou? Quen é? Quen berra?

–Veñen buscar a Finita. En Moaña mataron a unha tal Cándida Lago. É familia, non sei se prima ou tía.

–Pero, como?

–Disque estaba nun grupo que ía celebrar no peirao a proclamación e uns monárquicos, que estaban no portal do almacén de salgadura, puxéronse a disparar para matar o mestre e matárona a ela de casualidade. Puido ser calquera!

–Ai, Xesús! Que desgraza para esa familia!

Chegamos á casa co medo no corpo.

–Mamá! Mataron unha muller en Moaña. Vainos pasar a nós tamén! –Dicía chorando miña irmá.

–Non, non. Todo vai ir ben. Non sei como pasan estas cousas. Tranquilos, filliños. De aquí en diante todo vai ir mellor. Tivo mala sorte esa pobriña, eses bandidos! Iría tan contenta como fomos nós para celebrar a República e o que topou foi a morte.

Ó día seguinte non fomos á escola. Ás doce da mañá saímos un grupo moi grande en manifestación desde a Casa do Pobo ata o concello, toda a comitiva detrás da bandeira da Alianza Mariñeira que levaba Nores. Así percorremos varias rúas ata chegar ó concello. Corbacho, aquel amigo sempre animoso do meu pai que era canteiro, subiu áxil coma un gato á fonte do Cabalo que hai a carón da igrexa, coroada co Santiago Matamouros. Coa ferramenta que levaba, borrou entre vítores o escudo monárquico e todo eran cánticos e sorrisos. A sombra da veciña de Moaña parecía non pesarlle a ninguén máis cá min que, aínda sendo unha nena, metéuseme o frío do medo polas veas ó presentir que as cousas podían mudar da noite para a mañá e toda esa ledicia que sentiamos naquel momento se convertese nunha travesía longa e agónica. Os malos pensamentos non son tan fáciles de mudar coma os escudos de pedra.



1933

O submarino

Taña doce anos, mais o meu corpo non acababa de crecer. Eu quería facerme canto antes maior e ir traballar de atadeira nas redes dos barcos. Polo menos na chabola ou no peirao onde ía miña nai andar coa rede nunca faltaba un conto que contar, unha morte que lamentar ou unha alma do outro mundo que temer. Aquelas chácharas de mulleres eran para min un misterio emocionante. De cando en vez, poñíanse a falar baixiño para que as raparigas non oísemos. Ás veces, o misterio podía acabar en grandes gargalladas e, noutras ocasións, caía un veo de silencio. Eu calaba a boca, curiosa, mentres roldaba ó redor da miña nai, sen dicir nada, porque sabía que se preguntaba algo, podían mandarme corrida de alí.

–Marcha para casa, Lola. Colle aqueles trapiños que quedaron no caldeiro e vaite para o río lavalos. Dáche tempo de deixalos a sollar un pouco, que hoxe non chove e os días xa son máis longos.

E alá ía eu para casa, enfurruñada, aínda que me duraba pouco. Collía a roupa e enfilaba para o río do Señal, contenta porque entraba nun territorio tamén de mulleres, un de tantos nos que me gustaba estar. Cando chegaba ó lavadoiro era sempre un momento delicado: eu tentaba poñerme canto máis arriba mellor porque así chegábanme as voces de todas. Mais nunca faltaba algunha que me dixese:

–Vaite máis para abaixo, rapaza, que estou lavando

cueiros dunha criatura e ti andas con roupas do mar.

E así íanme botando cada vez máis para abaixo, para que non puidese escoitar as conversas. Eu rabiaba, pero non me quedaba outra.

–Miña irmá Fita foi confesar co cura de Aldán –dixo unha.

–E por que? –Preguntou a outra.

–Din que ese home é o demo con cornos.

–O mozo bautizouse alí e tenlle que dar a partida do bautismo para casar. Así que aproveitando a ocasión, mandounos confesar ós dous. A ver se así se decatava de algo do que pasaba en Cangas, que a ese gústalle moito saber.

–Teño oído que a irmá dese cura é unha beatona que non vexas ti.

–Miña irmá é parva. Desde que foi confesar di que non pode vir ó río porque llo prohibiu o cura.

–Que non pode vir ó río? Ai, érache boa! Déixasme acorada! Porque vés ti por ela, que se non...! Ese cura aínda ha de pensar que somos señoritas!

–Díxolle que os lavadoiros son moi malos, que teña coidado, porque son sitios onde anda o demo! Que hai demasiadas murmuracións das mulleres criticonas, que andan a rascar unhas doutras e que o demo anda sempre con nós! Mandoulle que viñese o menos posible e que falase pouco ou nada. Que se puxese a rezar caladiña mentres as demais lle daban á lingua.

–Hai que ser inxenua para crer iso. Os curas son homes coma todos, xa os tiñan que deixar casar. Eu non entendo por que non poden ter unha familia coma os demais, así saberían o que é a vida, que despois andan por aí querendo meterse en todo e o peor é que lle din á xente o que ten que facer ata nos seus matrimonios.

–O que lles dá rabia a eles é que aquí non poden vir ver o que falamos as mulleres entre nós.

–Baixa a voz, muller! A ver se te van oír esas que veñen por aí. Mira que son moi de misa e vanllo latricar ó cura de Cangas.

–Que digan o que queiran! Eu vou á misa falar con Deus e non co cura.

As dúas mulleres que viñan co caldeiro no brazo pasaron sen dar chío.

–Non queren xuntarse coas *rojas*. Pois alá elas! O outro día escoiteinas falando mal de Lola, a nai desa rapaza. Coidan elas que van chegar ó ceo dos ricos por pensar coma eles!

–Deixádeas ir, xa volverán cando lles dean permiso.

Aquel verán pasamos fame. Os armadores fixeron un peche patronal, porque non querían pagar o seguro de accidente ó que estaban obrigados por lei. Eran poucos cartos para eles, pero supoñía moito para as familias mariñeiras. Recordo que aquel ano eu quería ir ás festas do Cristo, o último domingo de agosto, con algo novo. Levaba xuntadas algunhas chicas nun buraco no muro do faiado todo o inverno, mais vindo aquela primavera de fame, xa barruntaba eu que non ía poder ser. Aínda así, en Cangas sempre pasaban cousas interesantes que nos facían esquecer a pouca comida que había a ferver na lareira.

–Acaba de entrar un submarino! –Dixérame a miña veciña Carmiña mentres viña correndo cara ó río.

–Imos miralo, veña! Xa está todo o mundo na ribeira.

E alá fomos corre que te corre, eu, coa roupa mollada dentro do caldeiro.

–Como me mire miña nai, vaime dar unha tunda.

–Veña dálle, apura dunha vez! Que por vir buscarte perdín o sitio diante.

Cando chegamos alí sufrín unha gran desilusión.

–Onde está? Pero se é moi pequeno! Se apenas caben dous homes aí de pé!

Naqueles días estabamos lendo ós poucos na casa pola noite *Veinte mil leguas de viaxe submarino* de Julio Verne, que falaba da Illa de San Simón, da cantidade de peixes e de sitios fermosos que había polo mundo. Imaxinaba que o submarino do Capitán Nemo tiña que ser enorme, porque toda a tripulación podía vivir no mar sen necesitar nada da terra, porque non comían carne. O nome Capitán Nemo, significa “Capitán Ninguén” en latín, segundo nos dixo don Víctor, porque aquel capitán non necesitaba nin glorias nin recoñecementos. Vivía nunha natureza perfecta. Aquela historia gustáballe moito ós meus irmáns e quizais por iso se deberon facer despois anarquistas, non sei. Daquela xa eu ía caendo na conta de que a realidade é sempre máis triste e pobre cá ficción.

–Parece un anaco de follalata.

–É que a meirande parte do barco está afundido, muller –dixo meu irmán Ángel que por alí andaba. –É unha visita á Escola de Pesca e veñen de prácticas a Cangas. Aquel de alí é o primeiro comandante, Félix Ozamiz. O submarino é o B-1 –empezounos a relatar, facéndose o interesante.

–Que saberás ti? –Retouno a miña amiga. –Sempre vas de listo!

–Seino porque estou indo á Escola de Pesca este ano.

–Vaia! Vas ser capitán, logo? Ó mellor ata podes embarcar na mercante!

–Non, aquí todos imos á pesca, pero pode ser...

Ángel mirou para a miña amiga e foi a primeira vez que o vin poñerse tan nervioso que non sabía nin o que dicir.

–En Cangas temos a primeira Escola de Pesca de España, mais meu pai non quere que sexa mariñeiro.

Sen dicir máis nada, marchou case correndo sen mirar para atrás. Carmiña quedou un pouco cortada.

–Eu non quixen dicir nada malo, eh!

–Déixao ir que anda un pouco raro –contesteille eu.

Ó día seguinte, meus irmáns erguéronse moi cedo. Eu andaba sempre pendente deles e non os deixaba en paz.

–Onde ides?

–Vaite para cama, que isto non vai contigo, anda.

Cando saíron fun miralos á porta, alí había outros rapaces que a min xa me parecían grandes homes: Evaristo, Antonio, Agustín... Marcharon xuntos cara ó peirao. Eu tiveron un mal presentimento e saín correndo detrás deles.

Chegou o vapor de Vigo coa mercancía para as tendas, xa que case toda a subministración de víveres chegaba a Cangas por mar. A maioría dos comercios seguían pechados pola folga fronte ó paro patronal e nas casas xa faltaba de todo. Só se acercou ó barco un home mentres atracaba para coller as cestas do pan. Entón, os mozos lanzáronse contra del e sacáronllas das mans. Leváronas ata a Capela do Hospital e repartiron todas as bolas á xente que andaba por alí. Eu púxenme moi contenta, pois dei saído correndo para a casa cun molete grande e fun beliscando nel coa fame que tiña. Aquilo de que os mozos roubasen o pan foi moi comentado ata nos xornais como un sinal de que podía xurdir a violencia.

Daquela eu xa tiña claro que para as festas do Cristo non ía poder estrear ningún vestido novo, mais como tiña algún pataco escondido para poder subir nos *barquillitos* sentía que era rica igual. E pola noite, cando chegaba á casa, estaba a historia de Nemo, que me poñía moi contenta aínda que ás veces me aburría moito. Aquel libro ordenaba todo en categorías con palabras que eu non coñecía. Para meus irmáns, en cambio, eran as mellores partes e tiraban tempo a discutir se era posible ou non facer de verdade un submarino como aquel coa tecnoloxía que de verdade existía. Ángel preparaba así cada día as preguntas que ó día seguinte facía o mestre da Escola de Pesca.

Cando caía a tarde eu non sentía que nos faltase nada. Na miña casa os meus pais eran xente de paz e viviamos coa tranquilidade de topar un refuxio seguro cada noite.

20 de maio de 1933

Os anxiños

–Pilarriña, onde vas? Que traes aí? Onde colliches esas flores? Como te colla a ama da casa vaiche dar unha boa tunda. Rapariga, xa temos bastantes liortas nesta casa para que veñas ti traernos máis compromisos! –Berroulle miña nai á miña irmá, que acababa de entrar correndo na casa coa abada chea de rosas acabadiñas de cortar. Eran pequeneiras con moitos pétalos miúdos que enchían o aire de perfume primaveral.

–Imos ir a un enterro Maruja, Gelucha e eu, que morreu outro anxiño.

–Ai, meu Deus, non fan máis que morrer criaturas nesta vila! O mes de abril non me gusta nada, non trae máis que morte. E onde foi? –Preguntou tristeira miña nai.

–Disque en San Roque, á tarde tráena ó cemiterio de Cangas. Nós imos levarlle flores á casa. É unha primiña de Gelucha.

Eu xa empezaba a ser unha mociña, mais miña irmá aínda era unha nena. Ía berrarlle eu tamén, pero calei a boca. Non había tanto que eu mesma, cando o mes de maio explotaba en flores, ía coas miñas amigas ós enterros dos anxiños: nenos pequenos que morrían antes de tempo. Unha vez escoitei unha señorita dicir na igrexa:

–A las mujeres pobres no les duele tanto que se lles mueran los hijos, como tienen tantos y son tanta carga... ¡No sufren como nosotras!

O que hai que oír ás veces e calar! Cando morría un meniño, eu sabía que sempre había unha nai para choralo por moitos fillos que tivese.

Cando eramos unhas nenas ir a aqueles enterros era un entretemento co que sentirnos solidarias cos máis cativos. Escoitabamos as campás tocar a morto, preguntabamos quen era e se se trataba dun neno ou dunha nena buscabamos a casa para ir acompañar. Sabiamos que alí podiamos facer algo importante, porque tiñamos un papel naquel momento de dor, sen molestar a ninguén. Cando penso nisto despois de tantos anos paréceme algo que eu non vivín. Acompañar os anxos ata a igrexa ou ata o cemiterio era un ritual de primavera, no que había que ir roubar rosas, iso si, pero cando as conseguíamos era como se medrásenos dez anos.

–A ver se ides collendo sentidiño, raparigas. Levamos moitos meses sen traballar.

Aquela frase de miña nai espetouseme dentro, porque era sempre ela a que consolaba os demais. “Se tremes ti, que será de nós?”, pregunteime.

–Marcho para a Alianza Mariñeira, que hoxe vén o Delegado de Traballo, a ver se alguén se apiada e acaba con este paro dos armadores e con esta folga tan longa. Xa non podemos máis.

Eu saín detrás dela, sen que se dese conta. Cando chegamos xa había alí unha multitude de persoas. Taratola dicíalle á xente:

–Imos ter coidado para non provocar a ninguén. Xa falamos co alcalde para que prohiba saír ós balcóns, non vaian os veciños tirar pedras desde as casas.

Fomos entón todo o grupo para o concello, primeiro os nenos, despois as mulleres, todos con letreiros: *Queremos pan e traballo, nada máis*. As tendas estaban todas pechadas. Unha gran columna de xente avanzaba pola rúa da República, berrando en contra daqueles que non deixaban saír os barcos ó mar. Cando chegamos ó adro da igrexa aquilo metía medo. Gardas civís a cabalo e a pé protexían a entrada facendo un círculo para que non pasásemos. Fíxose un silencio tenso e incómodo no momento en que saíu o alcalde. Despois entraron Taratola e Soliño. Meu pai non podía estar porque o tiñan detido dentro do concello pola súa participación na folga.

Alí estaban xa os da patronal. De novo, comezaron os berros da xente, tan potentes como a fame que tiñamos amoreada había meses. Taratola saíu ó balcón para acalmarnos. Pediu que marchásemos todos, que despois iría á Alianza Mariñeira comunicar o resultado da reunión. Con esa promesa, a xente empezouse a mover paseniño. Como se lle podía chamar a aquilo “negociación”? Uns con todo o poder nas mans e outros poñendo na mesa só a fame e a necesidade.

–Bueno, pues, ¿qué es lo que queréis? –Preguntou o Delegado de Trabajo.

–Non queremos nada máis que un soldo fixo de 1,50 pesetas por día e, o que collamos de máis, que queden os armadores con todo –contestou Taratola.

Xa sabía el que nin de broma llo ían dar. Un salario fixo non se lle dá a un pobre mariñeiro, porque, se van as cousas mal, non se lle paga nada e andando.

–No podemos aceptar eso de ninguna manera –respondeu o representante da patronal.

–Entonces, ¿qué quieren ustedes de esta gente?

¿Matarlos de hambre? Esto afecta a máis de tres mil marineros y outras tantas mulleres de las fábricas. Tienen que poner unas bases para poder llegar a un acordo –insistía o delegado por unha vez no lado dos máis pobres, segundo nos contara despois Taratola.

Eu fiquei na porta do concello, agardando. Os rapaces podíamos enredar por onde quixésemos sen que ningún reparase en nós. Ó pouco tempo mirei saír da igrexa, fronte do concello, unha xente coa caixiña do anxo cara ó cemiterio. Pilarita e as amigas ían detrás da pouca xente que quedara para acompañar aquela nai, aquela avoa, aquel pai ata o camposanto. Miña irmá levaba as flores na man. Ía moi seria e atenta ás bagullas das mulleres, ós choros que non estaba ben conter naqueles momentos. Pilarita ía pálida, fracucha, detrás deles. A min deume un calafrío. A febre e a tuberculose roldaban tamén pola nosa casa. Entón, saíu Taratola do concello andando lixeiro e fomos voando detrás.

–De momento, gañamos. O Delegado de Traballo ordenoulles ós armadores saír ó mar ata que non se solvente o preito coa Lei de Accidentes de Mar e Terra!

E todo o mundo estalou a berros de contento, rompendo a aplaudir.

–Só temos unha pequena batalla gañada. Iremos traballar, aínda que isto non estea amañado de todo. Esta xente ten que entender que queremos o xusto para comer e que vivan os nosos fillos.

Aquilo non era unha solución, só unha tregua naquel camiño no que meus pais andaban sempre. Pasou maio, pasou xuño e a primeiros de xullo a xente da vila seguíamos sufrindo coa fame. Había sardiña suficiente, pero o prezo estaba polo

chan. As fábricas non podían comprar todo o que se pescaba. Os armadores non estaban dispostos a deixar de gañar o que lles correspondía, segundo eles, así que, unha vez máis, os mariñeiros eran os que o perdían todo.

Aquel verán, miña irmá fíxolle compañía no enterro de moitos anxos ata que as rosas deixaron de saír e entraron as néboas de agosto. Unhas néboas densas e paseniñas que vibraban como cordas dun instrumento desafinado enturbando os nosos corazóns.



1934

O mitin da praza de touros

Algunhas noites as cousas enrarecíanse na miña casa. Os amigos do meu pai deixaban de vir, porque pasaban horas na Casa do Pobo, nas rúas, no Pósito, sempre discutindo. Meu pai andaba sombrío. Cando entraba pola porta quería que a miña nai lle fixese caso, como a un rapaz pequeno.

–Lola, deixa iso muller, que fagan mañá a comida as raparigas. Senta aquí comigo, que eu como calquera cousa. Se hai un pouco de touciño e pan xa está.

Entón miña nai sabía que algo pasaba porque non lle miraba para os ollos cando falaba.

–Que tes, José? Pasou algo?

–O de sempre –contestaba el. –Temos que decidir cada un con que grupo está. Se non temos forza entre todos vannos dar unha malleira. Vai haber un mitin na praza de touros en Pontevedra, haberá que ir.

–Eu tamén vou! –Saltei rapidamente.

–E eu tamén! –Exclamou miña irmá.

–Ti non tes forza para ir andando –salteille eu.

–Ai, non, iso diralo ti! –Contestou ela carraxenta, porque non quería que a tratásemos como a pequena da casa.

–Imos tardar moito se vés connosco –rematei eu para facela arrabear.

–E ti queres ir porque seguro que vai Evaristo!

–Mamá, está dicindo parvadas! –Berrei eu chea de coraxe. Non lle fagades caso!

–Ben, iremos todos se queredes. Non discutades
–replicou meu pai con calma. Miña nai baixou a voz e bisbou:

–O rapaz está na cama, non está ben. Botou un pouco de sangue pola boca. Eu non sei, está aínda Cangas cheo de xente enferma. Non quero deixalo só.

–Non teño nada, ide vós alá –contestou meu irmán, que escoitaba todo desde a cama.

–Só estou canso de tanto tusir. Non ha de ser nada. Cantos máis vaiades, mellor. Estamos así pola fame.

Daquela había un andazo de tuberculose e tiñamos medo de que tamén meu irmán enfermase coma outros tantos mozos e mozas que morrían despois de moitos padecementos. Ademais, os meses anteriores foran moi duros. Os habitantes de Cangas eramos xente de ribeira, non tiñamos terra nin para poñer unha hortiña e non había gando nin montes comunais. Vivíase só do salario do mar e cando faltaba, por unha folga, por un paro patronal, porque escaseaba o peixe ou porque ía mal tempo, quedabamos sen nada.

–Vale, filliño, ti tranquilo. Deus hanos axudar ós pobres.

–Deus está con eles, mamá, non con nós.

–Ai! Non digas esas cousas. Deus está con nós. O que pasa é que esa xente é católica, pero non cristiá. Non fan o que dixo Xesucristo. Queren someter o resto á escravitude.

–Ben, faremos por non ir andando todo o día. Xa amañaremos –intentaba tranquilizar meu pai, que non ía á misa, pero nunca lle dicía nada á miña nai, porque a ela si lle gustaba ir.

–Falarán sobre todo os comunistas: Álvarez del Vayo, a Pasionaria... e estarán todos os de Pontevedra: Gamallo, Pampín, Don Amancio. Tamén os de Bueu e os de Redondela.

–Deixádevos de historias. Hai que facer unha fronte

única. A onde imos divididos os obreiros? Imos tomar polo cu!

–Contestaba meu irmán.

–Imos ir un bo grupo de mulleres. As das fábricas e as da rede están moi animadas. Levo días afoutando unhas e outras. Imos ir xuntas.

–Xa o sei. A cousa é decidir que queremos realmente. Mudar o mundo ou só que nos paguen un pouco máis? Hai que loitar pola solución. Mirade o que está pasando co goberno. Á mínima temos os conservadores mandando. Non hai maneira de avanzar un pouco.

–Come, home. Non imos ir para atrás agora. O peor xa pasou.

–Outra vez teremos que ir á folga. Pero quizais agora si consigamos algo.

E alá fomos tres días despois. A subida cara á praza de touros de Pontevedra estaba xa chea de xente coas bandeiras da UGT, da CNT-FAI, do PC e do PSOE. Os homes que ían de Cangas a un lado e as mulleres a outro. Miña nai coas atadeiras e fabricantas, concentradas escoitando á Pasionaria e a outros homes que ían falando. Polas súas bocas saían as ideas que tiñamos todos.

–¡Un solo frente!, ¡Una sola unión!

–Es absolutamente imprescindible ir preparando el ambiente para una Huelga General Revolucionaria.

–Vosotros, los voluntarios de la libertad y la justicia social, sois los que tenéis el destino de España en vuestras manos.

Eu alí, caladiña, escoitando todas aquelas palabras que soaban tan ben. Que sorte tiñan os que aprendían a falar así! Se eu tivese de subir aí arriba e dicir algo, pararíase o corazón. Só que pensalo arrepiábame.

Canta xente chea de esperanza! Miraba para aqueles homes e mulleres, para aqueles mozos e mozas, para aqueles vellos e vellas. Todos parecían ter nas súas mans o poder de debuxar un mundo novo. Eu non era nada máis ca unha rapariga de trece anos e aínda non descubrira que a vida dos adultos era verdadeiramente miserable. Aínda non aprendera que podían albergar no seu interior unha cobiza maior que o universo enteiro; aquel era un mundo marcado polo egoísmo e pola violencia dalgunhas persoas, que podían chegar a ser máis crueis cós sacamanteigas. Eu aínda non comprendía como os seres humanos somos a única especie animal capaz de escravizar o seu igual. E por riba, por se isto non fose dabondo inxusto, conseguir que o escravo pense que ten de estar agradecido ó amo.

Naquel momento todas estas ideas eran apenas unha néboa que se albiscaba no horizonte e non podía de momento arrefriar o meu espírito. Cando saímos de alí, case todo o mundo fervía de emoción. Evaristo mais eu lacazaneamos un pouco e ó saírmos por unha das portas rozamos os brazos coma se nada, de casualidade. Ata Cangas fun pensando se o fixera adrede. Era tan serio aquel rapaz! Cando chegamos era xa case de noite. Miña nai mirou para Vigo e dixo:

–Hoxe mírase moi preto o outro lado da ría, seguro que vai chover.

Falouno dunha maneira que me fixo pensar que non estaba a referirse ó tempo.

1934

A revolución de outubro

O ano 34 foi un claroscuro. Meus irmáns, varios dos meus primos, Evaristo, Rufino Miranda e outros máis fundaron unha asociación que chamaron Mar y Tierra, que foi unha desculpa para que a xente máis nova nos xuntásemos a ler algúns libros ou revistas dos que non había na casa. Iamos tamén algunhas rapazas, pero menos, porque parecía que aquilo dos libros non era para nós. Alí estabamos xuntos e contentos porque á tardiña tiñamos un sitio onde toparnos. Líase o que fose e falabamos de todo sen aburrirnos. Eu calaba cando lían a Kropotkin ou a Bakunin, con aqueles nomes que non me atrevía nin a pronunciar, pois non fose o demo de facer o ridículo e que se risen de min. Os maiores discutían sobre a necesidade de recuperar a natureza fronte ó desenvolvemento das fábricas, de coidar os animais e ata do nudismo, que disque se estaba poñendo de moda nas praias de Vigo. “Total, así é como vimos ó mundo e non hai que terlle medo ós corpos!”, dicían os máis convencidos. Para outros todo aquilo era unha parvada, porque o que había que facer era atacar as bases do capital.

O que organizaba todo en Mar y Tierra era Rufino Miranda, aquel rapaz que tiña unha enerxía que che levaba a cabeza a onde el quería. Desde pequeno andaba sempre no Pósito. Ordenaba os libros, prestábaos, pero sobre todo amañaba aquelas lecturas en voz alta que lles daban tanto de que parolar e cavilar. Rufino estaba namorado de Ofelia, a irmá pequena de

Evaristo, que era moreniña e tiña os ollos máis grandes da vila. Cada vez que ela aparecía por alí, poñíase de todas as cores, pero aguantaba a vergoña e despois acompañábaa ata a casa se se facía de noite.

As novelas escollíaas a miúdo Evaristo. Un día comezou unha que se titulaba *El Botín* dun tal Zugazagoitia. Líaa en alto, mais cando a historia foi avanzando, meu irmán maior empezou a protestar.

–A ver, estas raparigas, que vaian para a casa, que son pequenas aínda para escoitar estas cousas!

–Eu non marcho! –Dicíalle eu –Non ves que todo o que conta aí, eu xa o sei?

–Déixaas estar – respondíalle sempre Rufino, que dicía ser anarquista e estaba convencido de que as mulleres ían ser coma os homes en pouco tempo.

Mais eu xa tiña un medo particular metido no corpo por ser muller. Xa aprendera aquilo que sempre me dicían as veciñas, *ser muller e pobre, dúas desgrazas a un tempo*. As mulleres maiores latricaban sempre o mesmo conto, para que as rapazas non perdésemos a cabeza en pensar nin por un momento que eramos iguais ós homes. A min parecíanme cousas de vellas, pero naquela novela dábanlles a razón a elas e iso facíame sufrir. Mulleres abusadas polos homes todos e enganadas polos ricos en particular; mulleres á venda para poder comprar un pouco de pan. Tamén falaban de folgas e reivindicacións obreiras, de señoritas y *gente bien*, pero a min o que máis me impresionou foi aquel mundo de mulleres prostituídas, tanto polos ricos coma polos pobres. Miña nai nunca nos falaba desas cousas, coma se ser muller non fose nada particular nin importante.

O Primeiro de Maio do ano 34 meus pais estaban especialmente alegres.

–Custar custou, pero conseguimos facer unha soa fronte obreira –dicíalles miña nai ás mulleres que esperaban poder entrar no mitin organizado na Casa do Pobo para celebrar a festa do traballo.

Mais a maioría das mulleres tiveron que ficar na porta, e eu con elas, da cantidade de xente que había dentro. Fóra chegaban as decisións conforme ían sendo aprobadas pola asemblea, a correr de boca en boca. “Amnistía para tódolos traballadores que quedan no cárcere”. Ben, todo o mundo asentía.

- “Opoñémonos a que se restableza a pena de morte”.

Ben.

- “Derogación das leis represivas de orde pública”. Ben.

- “Liberdade plena de asociación e de prensa”. Ben.

- “Respecto polas leis sociais da República”. Ben.

- “Contra o fascismo”. Ben.

- “Contra a guerra”. Ben.

- “Recoñecemento da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas”. Isto non estaba tan claro, pero ben. Todo sexa por estarmos xuntos.

Aquel verán fora duro, pero agora, coa perspectiva do tempo, tamén me pregunto cal deles non o foi de toda a miña infancia. A xente pedía un cambio xa, aquel cambio que non chegaba nunca, e se preparaba unha folga xeral insurreccional.

–Que é iso? –Pregunteille eu a Don Víctor unha tarde que pasou pola nosa casa co seu fillo de cinco anos collido da man.

–Pues significa que la gente obrera no se deje comprar

por una miseria. Que vayamos más allá de pedir unos céntimos más por cada día de trabajo. Y que hay que seguir luchando todos unidos, aunque tengamos que renunciar a alguna parte de nuestras ideas.

Eu era nova e non me decatava daquela liorta de partidos e ideas. Soamente interpretaba a realidade pola cara dos meus pais e desde o verán estaban inquedaos. A folga convocouse por fin do 6 ó 9 de outubro. O día dez os barcos volveron xa para o mar, mais os problemas acababan de empezar.

Ó domingo seguinte a xente andaba pola rúa coma se nada pasase ata que escoitamos un grupo de mozos ir cara ó casino, para protestar contra aqueles señoritos que eran tamén da vila, mais que non lles importaba nada do que lles puidese acontecer ós pobres. Os mozos pararon pola rúa o fillo de Eiroa, que non se deixou cachear, tamén a Eugenio Cordeiro e algún outro máis. Disque ían buscando armas. Ó pouco tempo, chegou de Vigo unha lancha con gardas de asalto que empezaron a disparar refachos cunha metralladora apuntando á xente, que escapaba polas rúas de arriba. Algúns tiros saíron tamén dalgunha casa de Cangas, pero non acadaron a ninguén. Ó cabo dun par de horas, todo quedou silandeiro. Algúns homes escaparon para as Andias, para San Roque, pero foron volvendo pouco a pouco a Cangas conforme caía a noite. Meu irmán Ángel non entrou na casa ata as dúas da mañá. Ó pouco de chegar petaron na porta:

–¿No es esta la casa de Rodal?

Miña nai colleu todos os papeis de propaganda da folga que había enriba da mesa, abriu o burato disimulado do faiado e alí meteu todo xusto a tempo. Meu pai escapou pola fiestra de

atrás. Eles viñan buscalo a el e tamén a rexistrar a casa a ver se tiñamos armas. O que toparon foi un revólver vello que era do meu bisavó, non tiña balas nin nada. Aquilo era unha peza de museo.

–¿Dónde está su marido? Dígale que cuando vuelva del mar que se presente en el cuartel.

Por sorte para nós, e por desgraza para outros pobres, aqueles homes levaban présa e saíron da casa en pouco tempo. Guiábaos Gatos ó lombo, un que fora de Alianza Mariñeira, despois fíxose garda municipal e agora ía moi dereito cos gardas de asalto que viñeran de Vigo, ensinándolles as casas dos sindicalistas máis significativos. Da nosa casa foron á rúa do Sol, alí ó lado, petaron nunha porta e déronlle unha chaquetilla a un pobre home, un pai de seis fillos. Así, sen máis, sen preguntar, sen xulgar. Seica foron ó Forte e alí zouparon noutro mariñeiro ata mandalo ó hospital. Déronlle tamén unha malleira a outro que toparon vindo do mar coa patela debaixo do brazo, só por ser do sindicato. E pensar que os que lles sinalaron as casas eran tamén fillos de Cangas! Seica o Chiripa, os irmáns M e outros traizoaron a súa xente, o seu fogar, o seu pobo.

Meu pai escapou e como non había case luz nin coches nin nada, non lle custou subir pola torre do Galo ata que chegou á casa do seu irmán Ángel en Santa Marta. Pero claro, non podían acollelo. Levárono para unha caseta que tiñan na praia onde gardaban a leña e alí estivo agochado dous meses. Tódalas noites os gardas saían polas estradas a ver se o atopaban, a el e a outro home que tamén andaba por alí escondido, que lle chamaban Evangelio. Estiveron alí un día e outro día, ata que alguén de Cangas falou con compañeiros do sindicato de Vigo e mandaron

un botiño para sacalos. Viñeron de noite, arrimáronse á praia de Liméns e cruzaron a Ría ata Bouzas. Todo o grupo de fuxidos foi ata a porta do Sol de Vigo e cada un tirou para onde puido. Meu pai marchou a Tui onde estivo cinco meses cuns familiares.

Daquela prenderon moitos homes da miña familia. Os meus tíos, os meus primos e tantos máis leváronos á cadea en Vigo, onde estiveron algúns días. Despois soltáronos a todos e viñeron xuntos para Cangas. Lorenzo Corbacho, Manuel Núñez, Don Víctor, o Charrúa, Ángel Calvar... sempre andaban a mallar nos mesmos. Pero a cousa non quedou aí. Como represalia tamén pecharon os locais das sociedades obreiras, tanto de mariñeiros, como de canteiros e demais oficios, e tamén o Pósito e a súa escola de Coiro. Todo aquilo que custara tanto traballo erguer. E que todo pasase naquela soñada República!

Foi un mal presaxio. Durante meses acabaron as lecturas daquelas novelas de xente rica que escravizaba os pobres. Remataron as xuntanzas nas que escoitabamos as palabras dos anarquistas. Iamos, sen sabelo, camiñando cara a un mundo máis escuro do que eu podía imaxinar naquel intre.

1935

Lola Blanco

Miña nai tamén se chamaba Dolores. Tiña os ollos pequenos, xuntiños e vivos como se fose unha criatura pequena. Era unha muller tranquila que sabía estar calada cando facía falta, mais tamén levantar a voz cando non quedaba outra. Traballaba nas redes ou nas fábricas, onde lle tocase, pero faenaba sempre, todos os días, excepto os domingos, claro. Erguíase ás cinco da mañá e marchaba para ir á misa, deixando feito na casa o que podía.

A miña nai prendérona por dúas veces antes da guerra, acusada de “coaccionista”, xa ves ti. Que palabra! *Coaccionista: alguén que coacciona á xente*. A quen coaccionaba ela? O único que facía era falar coas mulleres das fábricas ou coas atadeiras, porque en Cangas non estaban organizadas. Choiaban de sol a sol, desde os once ou doce anos, en xornadas de máis de dez horas. Se tiñan fillos pequenos deixábanos na casa. Ás veces podían ficar soíños horas e horas, agardando a que algunha veciña puidese entrar e mirar o meniño de cando en vez. Se daban á luz, quedaban sen soldo ningún. Cando medraban as fillas maiores empezaban a axudar ás nais no coidado dos pequerrechos, dado que era cousa de mulleres. Aínda que tiveses cinco anos xa te podían deixar para ter conta dalgún cativo. Naquel tempo, ser a irmá maior dunha familia numerosa era unha desgraza, seguriño que che tocaba quedar na casa, mentres os demais ían á escola. Miña nai deu á luz cinco fillos e vivimos

catro. Non eran moitos para aqueles tempos. As mulleres fomos, por sorte, as pequenas, así que non tivemos que reparar de irmáns e puidemos ir aprender a ler e a escribir.

Daquela xa había sindicatos de mulleres en Vigo, en Baiona, en Moaña, pero en Cangas, nada. Un día apareceu un home chamado Manuel Piñeiro. Era un mozo ben feito, rexo e que, sen ter por que, mirou como estaban aquelas mulleriñas de apuradas e deulle por axudarlles a organizarse. Viñera de Buenos Aires, era un rapaz bastante instruído e de boa familia. O seu pai era secretario no xulgado. Manuel empezou a ir pola Alianza Mariñeira para falar cos demais homes, por ver se apoiaban a sindicación das fabricantas e das redeiras.

Nese momento había polo menos doce fábricas de conserva e salgadura en Cangas, nas que traballaban sobre todo mulleres, aínda que case todos os encargados eran homes. E mulleres eran tamén as que reparaban aquelas redes enormes de algodón que os mariñeiros tiñan que cargar coma mulas, levándoas desde os barcos ata o encascador de Antolina, porque non sempre había carros de bois para cargalas ata alí. Despois inventouse o nailon, e toda aquela traballeira terminou. Os aparellos eran de algodón e había que tratalos para que non podrecesen. Metíanse primeiro en auga doce e despois en auga fervendo con cáscara machucada de salgueiro e piñeiro roxo. Finalmente, había que poñelos no sol a sollar.

As mulleres que facían todo isto eran as nais dos rapaces que empezaban ir ó mar, as fillas dos vellos e vellas rebentados de traballar, as mulleres daqueles homes que volvían moitos días coa patela sen un peixe. Aínda levando o peso do mundo enriba

delas, mostrábanse alegres e festeiras en canto había ocasión. Se había algo que facía rir non había que privarse, pois a maior diversión das pobres era rirse as unhas das outras.

Cando tocaba sacar as redes para que volvesen ó mar, unha ía á igrexa coller auga bendita e elas mesmas bendicían o aparello. Non precisaban cura ningún. Se algunha protestaba dicindo que aquilo de facer o traballo dos curas non estaba ben, xa saltaba outra con que Deus non anda con esas andrómenas, pois xa sabía el da boa intención que tiñan. Lémbrome dunha vez que veu á chabola onde traballaba a miña nai unha muller da Guarda que vendía as redes e aprendeulles ás de Cangas unha oración para acompañar a auga bendita que hisopou cunha póla de acivro.

*Aceviño, meu miniño,
aquí te veño buscar,
dálle sorte ó meu home
no halar e no lagar.*

Moi bonito o ensalmo, pero claro, en Cangas acivro case non había, nin se podía investir moito tempo en ir buscalo, así que os seguintes conxuros foron adiante con fiúncho ou loureiro, que si había por todos lados. A aquelas mulleres sobrálles entusiasmo, mais por riba de todo, sentido práctico da vida.

Manoliño, seguramente porque era un bo home, un home idealista que non lle gustaba mirar a miseria ó seu arredor, non parou en meses de quentarlle a cabeza a canto afiliado había na Alianza Mariñeira:

–No hay derecho a lo que hacen con ellas en las fábricas. Cuando hay mucho pescado no las dejan ir a comer, ni siquiera

pasar por casa media hora durante todo el día a ver a los niños. Esto no puede ser.

A aquel home non se lle podía dicir que non. Un día veu pola nosa casa, meu pai estaba comendo e tivo que deixar o prato.

–Señor Rodal, estoy pensando por qué no propone una asamblea y apoyan la organización de un sindicato para las mujeres, las ataderas, las fabricantas. Me han dicho que todos dirían que sí.

E alí estaba miña nai, mirando de esguello sabendo xa que o conseguiran.

Entre todas constituíron unha asociación. Puxéronlle o nome de *A Reivindicadora*, xusto cando as demais sociedades estaban aínda clausuradas despois da revolución de outubro. Aínda así, conseguiron un local no Forte e alí empezaron a xuntarse. Fixeron as eleccións. Olivia Calvar: presidenta. Lola Blanco: tesoureira. Cando a xente recuperou os locais sindicais ó ano seguinte, elas tamén foron para o local da Alianza Mariñeira.

Tan pronto como se constituíron, empezou unha folga de mulleres nas fábricas, porque aquilo xa non había quen o aguantase. En Moaña acababan de conseguir a xornada de oito horas, pero en Cangas nada de nada. O conflito xa viña de atrás e o feito de se xuntaren deulles forza. Miña nai non paraba aqueles días, sempre falando coas que estaban no grupo para que non recuasen.

O que solicitaron foi unha pequena subida de salario, xa que gañaban a metade dos homes, que xa era pouco. Entón, os conserveiros pecharon as fábricas pensando que castigando con fame máis unha vez as familias elas ían dar o brazo a torcer.

Fixeron de todo para non daren nin unha chica máis. Trouxeron xente de fóra para seguir traballando. Ata mulleres vellas trouxeron, pero as pobres non tiñan nin xeito nin dereito. Facían calquera cousa para non aceptarlles unha xornada de oito horas como tiñan xa en Moaña ou en Vigo. A miña nai tivo que soportar ademais que algunhas da dereitona lle tirasen pedras cando se manifestaban. Detivérona o 14 de maio, levárona para Pontevedra, pero daquela estivo só un par de días na cadea, porque Manolito foi alá, non sabemos con quen falou, mais o caso é que a soltaron e veu con ela para a casa.

Que as mulleres estivesen sindicadas era algo que a moita xente non lle cabía na cabeza. Todo o ano 35 foi moi duro para miña nai, pois non só atendía a casa, senón que ía traballar coma de costume, ademais de pelexar arreo para organizar as mulleres.

–O que máis me doe –díxome un día– é que moitas das que traballan nas fábricas son as que menos conciencia teñen. Non sei se lles teñen medo ós homes ou ós curas, non sei... pero non hai maneira de convencelas para que se unan a nós. Pensan moitas que as van mirar mal na fábrica se se afilian no sindicato.

–Ti anda con cautela, que todo fas ti polas demais. Cando consigades as oito horas, as outras seguro que non din que non, pero es ti a que estás deixando o pelexo nisto –dicíalle sempre a miña veciña Marita, que non sei como, pero conseguiu vivir toda a vida sen ir á fábrica.

–Ben, o mundo non pode parar porque unhas cantas non queiran facer nada.

–O problema é que non son unhas cantas. Son a meirande parte, Lola –replicáballe tamén o meu avó, que quedaba a cear sempre connosco. –Tes catro fillos e aquí hai

moita xente que non vos quere, que vos ten moito odio, pero calan a boca.

Miña nai dáballe a razón, pero ó día seguinte alá marchaba á saída da fabrica: á de Massó, á de Chamadoira, á de Cervera, á de Paganini ou para onde fose cos folletos na man, esperando que algunha llos collese e viñese ó mitin da Pasionaria, que estivo en Cangas un 11 de novembro pola mañá. Non estabamos acostu-madas a escoitar falar as mulleres así, en voz alta, para todo o mundo, dicindo palabras que nos enchían de ganas de vivir. Alí foi recibida polas mulleres da Reivindicadora, que non sabían moito de partidos, pero xa aprenderan o gusto de andaren xuntas. Benigna a Peteira entregoulle un ramo de flores enorme e pareceunos que marchaba moi leda.

–Manda carallo, que ben fala para ser unha muller!–
Dicían moitos homes. E Manolito estaba alí, axudando con todo, recordándolles ós outros o valor das mulleres. El, un home mozo, que non lle ía nin lle viña. Que bo era aquel home!

–¿Véis? Menos mal que las apoyasteis. El futuro va a ser de las mujeres –dícialles moi contento ós outros. –Ellas tienen mucha fuerza si se unen.

Coitado! foi o primeiro que asasinaron os falanxistas en Cangas. Aqueles irmáns M e outros máis, que naquel ano trinta e cinco calaban a boca mentres preparaban as armas e facían as correas daquel uniforme inventado coas camisas azuis para poder matar sen culpa durante os primeiros anos da guerra. Non quero falar moito desta xente, desta familia de moitos irmáns, porque cando se poñen as ideas en palabras é unha maneira de intentar entendelo. Eu non quero saber deles, non quero nin imaxinar que os levou a se comportaren así con outros fillos de Cangas. Eu só

sei que daquela sentía que todos os que viviamos na ribeira eramos como unha familia, eramos todos fillos de Cangas, e iso implicaba solidariedade coas outras familias, como se fosen a túa propia.

Aquelas camisas azuis, que no principio da guerra eran catro na vila, foron facéndose máis e máis tan axiña como Galicia quedou no lado franquista. Chegaron a ser tantas que despois da contenda ata prohibiron vender o xénero para facelas, porque xa non se distinguían os falanxistas primeiros daqueles que querían mostrarse máis fascistas ca ninguén cando viron que os militares ían conseguir o goberno. Canto pecaron eses que latricaban que facían todo para nos salvar!

Cos anos fun entendendo que salvar a vida propia supón renunciar ás ideas, mirar para outro lado, porque os pobres non temos máis cá vida mesma. Ninguén se acordará de nós. A nosa historia non a vai contar ninguén. Cando penso nestas cousas sempre me vén á cabeza aquela vella co neto no colo que pasaba un día pola rúa nada máis rematar a guerra berrando:

–¡Viva la muerte!, ¡Viva la muerte!, ¡Viva la muerte!

Aquela era unha patada no peito para as familias coma a nosa que tanto sufriramos. Pero, co tempo, só co tempo, puiden entender que a aquela muller non lle quedaba outra que pechar os ollos, acougar o netiño no seu colo e agardar a que ninguén lle fixese ningún mal, mentres levantaban o brazo para facer o saúdo fascista. Aquela vella iría ata o inferno se fixese falta para protexer os seus.



Febreiro 1936

A Fronte Popular

Aquel ano 36 durou como se fosen dous. Os primeiros seis meses foron ledos, mais ó pasar San Xoán todo virou para mal. Eu non entendía de política, porque daba por sentado que aquilo non era cousa de mulleres. Ata miña nai nos dicía que non nos metésemos nesas liortas, que xa abundaba ela.

A min parecíame que aqueles homes que viñan pola casa e despois miraba na Casa do Pobo falar e dar mitins en ocasións daban moitas reviravoltas. Por que tiñan que berrar e pelexar tanto entre eles se todos querían o mesmo? Recordo sempre con congoxa cando Taratola organizou un mitin no cine con aquel home do Partido Republicano Radical que debía ser moi importante, que se chamaba Emiliano Iglesias, e que llo acabaría por rebentar Emilio Nores e outros máis. Meu pai foise de alí cun gran desgusto, máis que nada por sentir que os seus compañeiros estiveran a pelexar entre eles. Sabía que alí non estaban as intencións de todos claras, pero por que había que facer aquelas cousas? Non era mellor deixaren falar? O mellor ás veces é dar corda para que algunha xente se aforque. Se total... xa estaban todos xuntos. Os da CNT e os da UGT eran por fin os que mandaban e as manobras de Iglesias por conseguir aumentar o número de afiliados no seu Partido Radical non tiveran éxito. Finalmente, cando chegou o levantamento todos foron castigados, todos foron machucados do mesmo xeito, fosen do grupo de esquerdas que fosen.

Cada vez que vou á igrexa de Cangas acórdome daquel Emilio Nores, que tiña a vea apaixonada dun artista. Era follalateiro e fixo as lámpadas tan bonitas que aínda hoxe están penduradas do teito. Mereceulle a pena armar aquela lea no mitin? Cando estalou a guerra levárono coma outros ó cárcere de Pontevedra, sacárono unha noite cara ó cemiterio de Pontesampaio, pegáronlle un tiro e alí quedou. Aquel era un bo home. Era un dos poucos que estaba no Socorro Roxo Internacional.

–Que é iso? –Preguntei unha tarde na que lle botei valor e me metín na conversa dos homes que estaban na casa co meu pai.

–É un servizo social internacional. É para os pobres podernos axudar os uns ós outros, sen ter que contar cos curas e coas monxas. Diríxeno mulleres.

–Ah, si? –Respondín sorprendida. Eu naquel momento coñecía só a Pasionaria, que era a única muller de quen todos falaban naquel tempo. Un tempo no que ademais os comunistas ían tendo cada vez máis espazo nos mitins. Había mulleres traballando polos presos!

–A primeira foi Clara Zetkin, que instaurou o día 8 de marzo como o día da muller traballadora, e que morreu hai pouco, e agora é Elena Stásova. Fan traballo humanitario.

Quedei rumiando aquilo e pregunteille logo a meu irmán José.

–Ah! Entón hai tamén mulleres aí?

–Pois claro que hai mulleres! E moitas delas de boa familia, non só obreiras.

–Pois en Cangas hai poucas mulleres que estean pola causa obreira, miña nai e unhas cantas máis. E señoritas non hai ningunha.

–Pero o mundo éche moi grande, Lola. E hai moita xente que pensa coma nós.

Eu quedei un tempo cavilando naquilo. Había homes de máis benestar ca nós como era Manuel, que miraba con bos ollos os obreiros, pero mulleres eu non coñecía ningunha. A maioría das señoritas dáballes sobre todo por ir á misa, ó cine e como moito por cantar na igrexa. Agora penso que ó mellor estaban coma nós, agochadas detrás dos homes, que tampouco apoiaban a causa dos obreiros.

O certo é que aquel ano empezou ben. Fixéronse as eleccións en febreiro e por fin gañou a Fronte Popular, aquel movemento que fora unha esperanza, unha cura contra a desilusión dos dous últimos anos da República. Os dous mestres de Coiro, don Víctor e don Vicente, andaban nunha roda viva. Revolucionaron todo facendo campaña cos escritos que facían cunha soa máquina de escribir.

O día 23 de febreiro eu coloqueime mesmo na segunda fila da manifestación que percorreu a vila para celebrar a vitoria da Fronte Popular nas eleccións. Había bandeiras de todas as sociedades: os canteiros, os mariñeiros, La Unión do Hío... e dúas pancartas grandes brancas cunhas letras vermellas que poñían *¡Viva el Frente Popular! e ¡Amnistía a los 30.000 presos!* Cando chegamos ó concello, estaba o balcón cheo daqueles homes que eu coñecía. Víctor Sánchez, Vicente Sáez, Fernández del Río, Antonio Varela... Mais os que faloron fervorosos foron Manuel Martínez, que era médico, e Corbacho. De alí marchamos todos detrás da banda de música, que daquela dirixíaa Ismael Costas, aquel pobre home que viviu escondido durante a guerra nunha

cova debaixo do altar maior da igrexa de Coiro, protexido por un bo cura que foi Manuel Vivero. Cando se entregou, a Garda Civil fíxolle un consello de guerra e salvou a vida, mais non a esperanza.

Pero naquel momento ninguén de nós, que nos sentiamos triunfantes, puidemos sequer imaxinar o que ía pasar en poucos meses. Os que calaban, sufrindo porque os partidos progresistas e os sindicatos controlaran os concellos, non dicían nada, esperaban agazapados coma os raposos nos seus tobos para lanzarse enriba de nós.

Abril 1936

A fábrica de Pellín

—**L**ola, vou á fábrica de Pellín levar uns folletos, unha muller avisoume de que a encargada chega hoxe unha hora máis tarde e así poderei falar con algunhas sen que teñan medo de que as miren.

—Eu vou contigo.

—Non, non veñas —díxome miña nai, que non quería que eu andase por alí cando ía falar coas traballadoras da conserva.

—Mellor que non te miren comigo nestas cousas.

Eu quería ir sempre con ela, e máis aquel día que a miraba nerviosa, coa cabeza un pouco perdida de preocupación. Deixeiña saír e axexeina desde a porta, como facía sempre, despois saín ata a esquina da rúa e fun detrás dela correndo sen que se decatase.

Mireina alí, parada no portalón da fábrica falando cunha rapaza que andara á escola comigo, que lle chamaban Mucha, e outra muller maior que non coñecía. Arrimeime a elas porque sabía que naquel momento miña nai non me ía berrar. Púxenme a falar con Mucha mentres miña nai seguiu coa outra.

—Levo unha semana traballando aquí, pero hai rapazas da nosa idade que levan máis de dous anos metidas na fábrica.

—Eu tamén quero vir traballar. Xa teño idade, pero meu pai non me deixa —díxenlle eu.

—Mellor que non veñas, tes tempo.

—Estou aprendendo a atar redes.—Si, vaite atar mellor,

que aquí andamos todo o día coa maga.

–Que tes que facer?

–Vou mesa por mesa cunha latiña asistindo as maiores, achégome ás que están empacando dicíndolles “maga, maga” e elas bótanme alí o que lle van sacando ó peixe. Máis adiante ensinaranme a facer as latas tamén a min. As pequenas rinse de min porque son maior ca elas.

–Pero trátante ben, non?

–Si, aquí hai tempo para todo. Pero pasalo ben, pasalo ben, pois tampouco.

Seguíamos de leria cando vimos vir o fillo da encargada, que lle chamaban o Pintos, pouco maior ca nós, un rapaz antipático e altivo.

–Ya está bien, lárguese de aquí que la gente tiene que trabajar –díxolle á miña nai.

–E a ti que máis che dá? Aquí non mandas nada –salteille eu toda salgarita.

–Cállate la boca, y tú vete para dentro, rubia tonta –rifoulle aquel estúpido a Mucha, que era unha rapaza roxiña moi guapiña.

–Ti es parvo ou que? Que te cres? Un señorito? Porque túa nai sexa a encargada non es máis ca nós.

Miña nai sabía que o conflito con aquel tipo non pagaba a pena e quixo que marchásemos.

–Sí, lárguese de aquí –espetou el, maleducado. –No tienen que venir a la fábrica a nada. Llévate esa porquería de folletos, que no va a afiliarse nadie.

–Podemos estar na porta se queremos, –insistín eu – ti non nolo vas prohibir.

–Deixa, Lola. Vamos, filla.

E alá marchamos as dúas. Miña nai, con pouco ánimo de lea, e eu, con moito. Aquel tipo parvo! Sempre miraba para miña irmá e para min cando pasabamos e levantaba o nariz como se lle cheirásenos mal.

Aquela tarde esperei a Mucha á saída da fábrica. Quería preguntarlle todo: como a trataban as demais mulleres, como eran os encargados, como era o traballo. Eu estaba desexando ir gañar algo de cartos tamén, porque iso era facerse maior dunha vez: falar alto coma os homes, mercar algunha cousiña de capricho ou entrar e saír cando quixese da casa; aínda que saídas nunca me faltaron, que meus pais deixáronme sempre andar de acá para alá como se fose un home.

Daquela había moitas rapaciñas traballando desde os once ou doce once anos nas fábricas. Moitas non sabían case nin ler nin escribir. Eran malfaladas, ledas e desenvoltas. Pero Mucha non era así. Cando estabamos na escola sentaba sempre no banco das castigadas ó noso carón, pero falaba pouco. Era roxiña e pálida, delgadiña e tímida. Á súa avoa chamábanlle *a Cruda*, porque dicían que era coma o pan a medio cocer do branquiña que era. E así chamábanlle tamén a ela porque herdara aquela pel e aqueles ollos case transparentes. Eu trateina moito porque ademais viña de vez en cando co seu irmán Lao á asociación Mar y Tierra. Era dunha familia de canteiros: os homes, baixos e recios; elas, finas e delicadas como se fosen señoritas.

Cando a mirei saír, fun correndo para toparme con ela, pero decateime de que alí detrás asomaba o Pintos que ó mirarme freou en seco con moito desagrado.

–Que ben que viñeches –díxome Mucha ó caladiño.

–Aí o teño detrás coma unha sombra, e non son capaz de despesalo. Non quero velo nin en pintura, debe pensar que por ser o fillo da encargada teño que facerlle caso. Vénme esperar e fálame nese “castellanito” que non soporto.

–Ten mal *carauto* ese tipo.

–É capaz de meterme nun enredo co outro encargado. Vai dicindo que son familia de *rojos*. Non quero que veña detrás de min, pero sempre me segue un pouco, cada día uns pasos máis, non me gusta nada. Teño que subir ata San Pedro e vénme detrás.

–Imos para Mar y Tierra, seguro que está teu irmán alí e podedes subir xuntos.

E alá fomos. E aquel tipo perseguiunos sen ningún disimulo. Nós iamos rindo todo o camiño, porque nos parecía de verdade imbécil e sen graza ningunha. Por que pensarían algúns homes que tiñamos que estar contentas con que nos persequisen? Quen inventaría ese xogo perverso no que se supoñía que as mulleres estabamos moi felices sendo amoladas, porque iso se considera un signo de admiración dos homes cara a nós? Non pediamos aquilo, nin nos gustaba. Ai, meu Deus! Eu crieime nunha casa sen moita conciencia do que significaba “ser muller”. Tiña que aprendelo na rúa, porque na miña familia non lle daban moita importancia. As cousas dábanse por sabidas e xa estaba.

Miña nai chegou aquela noite moi cansa. Con todos os folletos sen repartir.

–Paréceme que a xente está empezando a ter medo, José.

–Medo? O que teñen é fame –dicía el.

–Entre unhas cousas e outras sempre estamos os mesmos pagando o pato.

Eu quero ir traballar coma Mucha –saltei eu.

Meu pai mirou para min moi serio e díxome aquilo que me dicía sempre.

–Mellor ir á escola mentres poidas.

Tic-toc, tic-toc, o reloxo soaba na miña cabeza e tamén na del.

Tic-toc, tic-toc, man de obra nova e forte para traballar para outros.

Tic-toc, tic-toc, traballar para engordar os que máis teñen.

Tic-toc para ser muller.

Tic-toc para ter moitos fillos.

Tic-toc, tic-toc para levar unha casa e conformarse con comer.

Tic-toc, tic-toc.

Pero José Rodal era un pouco fantasioso e pensaba que se cadraba, se as cousas cambiaban, as fillas ata poderían estudar un pouco e, se melloraban moito cos cambios políticos que ían acontecer, chegarían a ser mestras ou escribintes e traballarían en seco debaixo dun teito con roupa limpa e ben repasada.

Tic-toc, tic-toc, mais aquel reloxo non o controlamos nós e, o porvir, tampouco.

Tic-toc, tic-toc.



20 de xullo 1936

Desde había un par de días o aire ía espesando pouco a pouco. O verán oprimía as casas cun puño quente que non se erguía ata ás cinco ou ás seis da mañá. A partir do día dezaoto, que foi sábado, todo na vila era un bule bule. Os mariñeiros estaban en folga e as estradas mantíñanse cortadas, había cortes de luz e non funcionaba tampouco correos. Ninguén sabía que pasaba. A noite do dezanove non durmimos tranquilos. Na mañanciña levantouse meu pai e eu con el mentres os demais durmían. Mirou anicarme para coller algo de debaixo da súa cama.

–Lola, que é iso?

–Nada, unha bóla que gardei. É de cristal.

–A ver? Si, de onde a sacaches?

–Deuma Evaristo, que a gañou xogando ó gua.

–É moi bonita si... non llo quitariades a ninguén, verdade? E que fai debaixo da nosa cama?

–Metina aí para que vos dea boa sorte a mamá e mais a ti. Díxome unha amiga que é bo poñer obxectos bonitos debaixo das camas.

–Non te preocupes, muller, non é a primeira vez que nos pasa isto. Ha de ser coma outras veces. Igual nos levan á cadea uns días, pero todo se amañará. Non tes de que asustarte.

Mais a cara de meu pai non dicía o mesmo que as súas palabras. Os ollos estaban esquivos.

–Vou mirar se atopo a Ángel. Onde iría este rapaz? Deixa que a túa nai durma un pouco máis. Non a espertes–
díxome baixiño, antes de saír pola porta.

Eu quedei alí, apertando aquela bóla tan bonita na man. A noite anterior escoitara como lle contaba á miña nai que se levantaran as tropas do exército de África e tamén escoitei algún salouco sobresaltado.

No concello reuníronse unha chea de persoas que querían defender a República. O alcalde pasou o día en contacto co gobernador, que dera a orde de requisar as armas que houbese pola vila e que as levasen a Pontevedra para así poder organizar a defensa da democracia. Algúns foron polas casas pedindo as armas. Pero, quen as tiña? Sobre todo os afeccionados á caza, case todos xente rica, que nós non dispoñíamos desas cousas. Entregar entregaron algunhas pero manipuláronas quitándolles os puntóns para que non funcionasen, tal como lle dixera a Garda Civil que tiñan que facer, para que *los rojos* non conseguisen nin unha escopeta en bo uso.

Aínda así, con catro cousas que requisaron, o clamor era unánime:

–Imos para Pontevedra, non hai que deixar que vaia adiante o levantamento! Disque a xente está toda en Marín.

–Toma, toma ti esta carabina –dicíalle Rufino Miranda naquel momento a outro home.

–E a munición? –Preguntoulle.

–Non, munición non hai.

–Entón!? Eu para levar un pau na man non vou a ningún sitio! É que se me veñen os fascistas, non me podo defender!

–Pois queda aquí se queres. Temos o que temos, e non imos quedar sen facer nada. Debemos ir apoiar a República.

Obedecendo as ordes do gobernador, á media tarde saíron dous camións cheos de homes pola costa de Ximeu arriba. No primeiro ía conducindo Agustín Sanjuán, do Partido Socialista, que non quería nin escoitar aquilo de que había que quedar en Cangas ata saber máis sobre o que estaba pasando, como opinaban algúns.

No Alto da Portela había uns cantos rapaces novos, xa destacados nas organizacións obreiras, que levaban alí dúas noites durmindo para poder controlar quen chegaba a Cangas. Estaba o meu irmán, os Pavitos, Tomás, Evaristo e outros máis. Meu irmán Ángel xunto con outros dous ou tres subiron no último dos camións e marcharon con eles.

Cando entraron en Bueu, xa estaban outros vehículos esperando e alá foron todos para Marín. Ángel contounos despois que unha sección de trinta e seis soldados do Polígono Militar cortáronlles a marcha e desarmáronos. Detiveron varios e os demais volveron para Cangas, tristes e derrotados. Déronse conta de que o poder o tiñan os militares de Marín e de que eles eran os que ían decidir que ía pasar alí. Sentiron que, coma outras veces na historia, non pintaban nada.

Aquela foi outra noite de medo. Xuntárase moita xente por se había algunha noticia, pero non chegou ata as nove da noite, cando desde Pontevedra chamaron ó cuartel para comunicarlles o triunfo do alzamento militar e a proclamación do Estado de Guerra en Cangas. Volveron cortar a luz, mais, aínda

así, o tenente de carabineiros Dativo Córdoba, ó mando de catorce gardas civís, catro carabineiros e catro gardas municipais armados, foron ler a proclamación por tres veces: fronte do Concello, na Alameda e no principio do peirao. Ninguén saíu nin a celebrar nin a protestar. Toda a vila calou a boca, amedrentada, só algúns mozos tiraron pedras contra o cuartel. Os gardas saíron a dar batidas polos arredores axudados por algúns fillos de Cangas, que foron sinalándolles as casas dos que estaban nos sindicatos ou nos partidos de esquerda.

Aquela noite non retornaron todos os homes que foran nos camións. Rufino Miranda, aquel rapaz anarquista e libertario de corazón e espírito, ó que tanto lle gustaban os libros e as risas, xa non volveu máis. Levárono ó cárcere de Pontevedra, un edificio que está alí mesmo na Alameda, e ós catro días metérono naquel inferno que era o Lazareto de San Simón. Só tiña vinte e un anos cando intentou escapar da illa con outro anarquista de Mugardos, Manuel Sayar, pero caeron ó mar. A Manuel engulírono as ondas nun segundo, mentres que Rufino conseguiu chegar á terra á casa do amo do bote que colleran para fuxir. Tan pronto o mirou, a aquel tipo faltoulle tempo para denunciálo. Rufino Miranda estivo un mes nun calabozo de illamento, que soportou só porque era mozo, pero o once de decembro sacárono e alí mesmo o fusilaron, como se loitar pola propia vida fose un delito. Como se pode denunciar a rapaces que non tiñan delitos de sangue, nin de roubo, nin de nada, e despois seguir durmindo? Eu non o sei, pero non teñen perdón os que por quedaren ben cos que mandan, denuncian ós que nin sequera coñecen.

Meu pai, José Rodal

Os primeiros detidos en Cangas despois do levantamento do 18 de xullo foron os da comisión xestora municipal.

As detencións foron sistemáticas, levando unha orde macabra. Primeiro foron buscar o alcalde don Agustín Jorge Etcheverri o día 23; o 24 tocoulle a Lorenzo Corbacho; o 25 prenderon os dous mestres máis comprometidos, a Vicente Sáez e a Víctor Sánchez Martil, a quen foron buscar a Santo Hadrián de Cobres; o 26 viñeron por meu pai, por Ángel Fernández del Río e por Jesús Barreiro. Todos foron sometidos a un consello de guerra como se fosen uns delincuentes. Que fixeron eles de malo? Foron condenados a penas de morte, a cadea perpetua ou a moitos anos de prisión. E o descrédito e o silencio, para sempre. Culpáronos do delito de “prestar auxilio a rebelión militar”. Que trágica ironía cando os sublevados eran os outros! Pero así se escribe a historia. Abonda coa vitoria e con corenta anos para reescribir o pasado, mais eu que o vivín sei que as cousas non aconteceron así.

Ó meu pai coñecíano en Cangas polo alcume do *Marrixo*. Foi mariñeiro desde os once anos, patrón de costa, e bregou toda a vida cos armadores e cos outros mariñeiros para convencelos de que se unisen, xa que só así podían saír daquela miseria. Meu pai tivo sorte, non o mataron no levantamento. Déronlle cadea perpetua que non chegou cumprir. Cando nos

anos corenta empezou aquela fame terrible, porque Franco mandaba os víveres para Alemaña, déronse conta de que non podían manter tanto preso e empezaron a soltar xente, entre eles o meu pai. No estado en que esas almas volvían ás súas casas non era do interese do goberno.

José Rodal era pequeno, mais forte coma unha pedra. Debía ser porque foi ó mar desde os once anos, vogando naqueles barcos nos que todo se facía a man. Facíámoslle a broma de que de tanto traballar non puido medrar en altura, que só puido botar peito e costas para ter forza nos brazos e así darlles ós remos. Contaba que cando era pequeno a ría estaba chea de peixe, que botabas un aparello en calquera sitio e algo sacabas sempre. Traballábase moito, pero a metade do ano non se ía ó mar por causa do mal tempo.

Eu aínda recordo cando a partir do mes de outubro había días en que te arrimabas á ribeira e comíate o vento. Cando había unha maruxía, a area entraba ata as casas que miraban o sur e coábase por debaixo das portas e dos buracos das fiestras. Desde o outono ata finais da primavera o mar podía subir moitísimo cando había temporal, sobre todo se a lúa estaba en crecente. Entón, as mareas enchíanse tanto que non podíamos sequera ir lavar a roupa no río do Señal ó anegarse de auga salgada. O inverno era así, suduestada vai, suduestada vén, un día si e outro tamén. E as casas frías porque non había leña. Podías botar un día enteiro indo no monte a ver se atopabas algún pau nalgunha carballeira, pero que va! Os que vivían máis cerca xa tiñan todo apañado. Para os de Cangas non quedaba nada. E se non tiñas cartos para comprar pelábase de frío e enchíaste de frieiras. Meu pai dicía sempre que os de Cangas eramos coma os gatos da

ribeira, ou había peixe, ou non había nada. O Marrison era un deses gatos, mais a pesar de todas as penalidades por pouco non chegou a vivir os cen anos.

Meu pai vivía rodeado dunha familia que era grande coma unha tribo. Ademais tratábase con moita xente da vila, case todos da sociedade de resistencia Alianza Mariñeira, que se creara no ano 1914, presidida por Corbacho cando este tiña apenas vinte e tres anos. Foi a primeira vez que a xente do mar conseguiu ter algo de forza, pero claro, axiña a patronal se deu conta de que podía organizarse tamén e fundou antes de acabar o ano a súa asociación que chamaron Progreso Pesquero. Na fundación da Alianza Mariñeira estaban moitos daqueles homes que foron represaliados no 36 como Taratola, o Manegra, meu pai, ata estaba o que chamaban Gatos ó lombo, que era ben exaltado de esquerdas naqueles anos, pero que tan pronto como o meteron a traballar no concello de garda municipal foi virando a chaqueta. Aquela asociación buscaba conseguir mellores salarios, que os fillos e fillas dos mariñeiros fosen á escola, que os vellos non tivesen que vivir da caridade dos mozos, poder ir ó médico, comprar medicamentos e cousas así.

José Rodal era un home respectuoso coas ideas dos demais. Cando miña nai nos mandaba ir á misa, el non lle levaba a contraria, sabía calar a boca diante do que miña nai facía. Calaba tamén cando os meus irmáns decidían ir ó mar ou non ir, nunca se metía con eles. Prendérono dos primeiros cando estalou o movemento. Era o día 26 de xullo, só dous días despois dos outros da xestora municipal. Fora ó barbeiro, porque meu pai quería aqueles días de tribulación facer coma se non pasase nada, pensando que aquel levantamento había de pasar coma tantas

outras cousas malas que lle aconteceran na vida. Sentou na cadeira e cando estaban terminando de cortarlle o pelo mirou polo espello os gardas que viñan buscalo. Estivo en Cangas detido varios días ata que o levaron ó cárcere de Pontevedra. Non moito tempo despois xuntáronse meu pai e miña nai naquela prisión.

A partir dese momento sumámonos ó grupo de persoas de Cangas que cada día ían andando ata Pontevedra para que os seus presos tivesen comida e roupa limpa. Cada vez que me acordo! Que hai máis de vinte quilómetros de Cangas a Pontevedra, eh! Aquilo é para contalo e non crelo. Saíamos ás tres da mañá e ás catro, cando xa raiaba o día, estábamos máis alá de Bueu. Andando sen parar, cansadas, e segue, e veña camiño, un pé detrás doutro. Faciamos a visita e despois de volta outra vez, comendo un case nada polo camiño.

Chegabas á prisión e mirabas aquela xentiña que viña da Golada, de Silleda, de todo por aí arriba. O cárcere estaba atestado porque prendían a quen fose, sen ton nin son. Tanto foi a cousa, que tiveron que levar os presos á Normal porque non cabían nos locais da alameda. Os que máis pena me daban eran os vellos que ían andando coma nós e esperaban horas sen saber cando abrirían as portas para poder mirar os seus. Os gardas ían saíndo:

–¡Familia de fulano de tal!

Dabámoslles a bolsa que levabamos e recollíamos a que deixaban os presos. O peor era a incerteza, non saber a quen lle tocaría ese día a noticia de que o seu familiar xa non estaba alí. Andabamos coa alma nun puño. Iamos tamén por miralos aínda que fose un momento. Poñíannos nuns corredores anchos coa

persoa que ías visitar a catro ou cinco metros, cuns taboleiros polo medio e un garda ó lado. Non había maneira de entender que che dicían, porque todo o mundo tiña que berrar para falar, pero polo menos podíamos volver tranquilos porque nos conformabamos con mirar que estaban vivos. E así, veña, un día e outro día, e outro día.

Pasado un tempo, sacaron a meu pai de alí para levalo ó Lazareto da illa de San Simón, onde estivo case un ano enteiro. Levárono a el e mais a outros de Cangas. Disque pasaron unha fame terrible, porque alí non podíamos levarlle nada de comer. Avisáronnos un día de que o ían trasladar a Pamplona ó forte de San Cristóbal e fomos correndo para Redondela para ver se podíamos miralo. E si, mirámolo miña irmá e mais eu, pero non puidemos sequera falar con el, porque xa o tiñan metido nun vagón de tren ateigado de presos. Non me deixaron nin achegarme, non puideren tocalo, nin darlle un bico de despedida.

A meu pai non lle gustaba falar das cousas malas e pouco nos contou cando o soltaron no ano 41, pero debeu vivir un inferno. Conforme foron rolando os meses, acabou por confesar o que tiña gravado a ferro no corazón. Non lle esqueceu unha Noite Boa na que os camións das subministracións non chegaron ó penal e puxéronlles un caldo feito con mondas de patacas para cear. A máis dun caíanlle as bágoas tanto pola falta de comida como pola falta da familia.

Contounos que naquel penal encerraron case tres mil homes nun espazo preparado para seiscentos. Un grupo planeou moi ben a fuga carcelaria máis grande de Europa na que participaron máis de cincocentos presos. Despois dunha moi boa

planificación, o 22 de maio do 38, alguén berrou: “¡Las puertas están abiertas! ¡El que quiera que salga!”. E alá marchou aquel grupo tan grande, mais só tres conseguiron pasar a fronteira a Francia. Os gardas perseguiron e mataron douscentos seis dos fuxidos polos montes e ó resto fixéronlles un consello de guerra e fusilaron a catorce no penal. Puxéronos no borde dunha foxa común e disparáronlles, mentres que os demais foron castigados a oír misa e a rezar horas e horas. El non foi dos que intentaron escapar porque sufrira unha pneumonía tan forte, que o levou ás portas da morte e debeu estar varios meses tirado nun catre. Canto sentiu non poder saír cos compañeiros! Pero aquilo salvoulle a vida. Cando se ergueu despois de varios meses, tivo que volver aprender a camiñar.

O ano que volveu meu pai foi o ano da fame. Non había aceite, non había azucre, non había fariña e quedamos ata sen pan. E todo fora porque Franco pagou a débeda a Hitler, por causa de lle ter mandado avións e tanques durante a guerra. Á súa vez, Hitler pediríalle na reunión de Hendaya un batallón de soldados. “Le mandaré un millón de hombres” díxolle Franco. E foi cando mandou a División Azul. Daquela, estaba todo destruído. A moitos dos mozos preguntábanlles:

–¿Qué prefieres, estar en la cárcel o ir en la División Azul a servir a España?

E alá ían, calquera cousa menos estar naquelas prisións onde morrían pouco a pouco. Algúns dos que andaban escapados incluso se meteron na Lexión para poder salvar a vida. Cantos había que tiñan mortos asasinados polos franquistas e dicían que foran mortos polos republicanos para que non se metesen con eles!

Cando soltaron o meu pai, puxeron libres a moitos máis, pero non foi un bo momento porque cando chegaron os presos á casa, miraron que non había futuro ningún en Cangas e tiveron que emigrar: Manolo Núñez marchou para Santoña, Germán Leiro para Burgos e así moitos.

Miña irmá e eu, que quedáramos soas na casa, puxémonos moi contentas cando papá volveu, mais tamén sentimos unha dor moi fonda porque faltaban os demais. Miña nai seguía na cadea, meu irmán Ángel asasinado, meu irmán José tan lonxe polo mundo sen saber del. Cando o miramos vir fraco e acabadiño fomos correndo para abrazalo. Miramos como lle caían as bagoas polo rostro, asustadas porque nunca antes o miráramos chorar.

–Miñas filliñas, xa estou na casa. Seguro que a mamá logo a soltan tamén. Xa estou aquí, non vos vai faltar de nada.

Botara cinco anos fóra. Cando chegou a Cangas foi xunta do médico.

–¿Y usted qué oficio tiene?

–Yo soy marinero.

–Puf! La mar usted ya ni olerla, ¿cómo va a ir al mar? Tiene los pulmones destrozados.

E aínda así seguiu indo ó mar outros trece anos cos meus primos. Que outra cousa podía facer? Ó vir pasou moita penuria, porque coma outros que volveron, ningún armador lle daba traballo. Non esquecerei aquel 17 de maio, cando todos os homes estaban preparándose para ir á campaña do bonito, esperanzados de facer un bo changüí, pero a el deixárono en terra. Que desgusto levou! O que estaba na Axudantía, un tal Rosendo Novo, non lle deu o permiso para ir traballar, porque “a los rojos había que eliminarlos”.

–¡Aún os presentáis aquí! A los rojos hay que exterminaros de raíz –soltoulle. E botábaos fóra da Axudantía. E pensar que aquel home ía á misa e comulgaba todos os días!

Que podía facer meu pai? Estaba prohibido xuntarse máis de tres persoas, xa confiscaran todos os locais dos sindicatos, a Casa do Pobo, as escolas do Pósito. Todo desfixeron. Quedaron con todo o que os obreiros conseguiran levantar. El desesperábase por non poder ir ó mar e ter que andar unha man sobre outra dun lado a outro do peirao. Aínda así, conseguiu falar cuns cantos homes que andaban aboiados coma el e pedíronlle cita ó gobernador de Pontevedra. Cando os recibiu foi el o que tomou a palabra:

–Mire señor, España está arruinada, destruída, ¡y hay tanta gente que queremos trabajar! ¿Por qué no nos dejan? Ni vencedores ni vencidos. Déjenos ir a trabajar.

Aínda que a maioría das autoridades seguiron machucando e machucando na xente un ano tras outro, ata décadas enteiras, aquel home algo fixo. Debeu obrigar ó de Cangas a darlle o permiso para poder saír por fin ó mar. Mentres, meu pai seguiu agardando a volta da miña nai.

11 de agosto, días de cadea

Aquel día o tempo refrescara e ninguén sabía que facer. Ás nove da mañá do día 21 de xullo do 36 escoitamos un grupo de xente ir cara ó peirao berrando “¡Arriba España!”. Miña nai non quería que saíse da casa, pero, coma sempre, non lle fixen caso e alá fun eu soa ver que pasaba. Ían os gardas diante e detrás unha comitiva de xente non moi numerosa pero moi farrucos. Foron á Casa do Pobo e entraron para coller toda a documentación que había. Saíron con caixas de papeis nas mans e puxéronlles uns cadeados ás portas para que ninguén puidese entrar.

Cando a noite caeu, un grupo deles entrou outra vez no local da Alianza Mariñeira. Non ían buscando máis que os libros e os periódicos para sacalos á rúa e prenderlles lume. Máis dun cruzou as mans enriba do peito agradecéndolle a Deus o poder que lle estaba dando para salvar o mundo de semellante herexía. Eu fiquei mirando con mágoa todas as historias que alí ardían, todas as que me quedaban por ler e, sobre todo, a que nos quedara a medias: *El botín*. Xa nunca máis sabería como acabarían aquelas mulleriñas explotadas polos homes. Como podían queimar os libros? Os libros que tanto nos custara xuntar en Mar y Tierra? As bágoas empezáronme a caer e marchei correndo, pois non me fosen mirar chorar.

Ninguén puido protestar porque a rúa estaba tomada por aqueles que inventaron un uniforme azul, con correas que metían

medo. Con xente que tiña armas e a vontade de non nos deixaren nin respirar.

–Non saías, rapariga! Imos quedar na casa algúns días –consolábame miña nai. Pero o medo, aquel coitelo frío que nos esgazaba por dentro, empezou a entrar en nós conforme iamos escoitando o que pasaba.

Despois de prender os representantes da xestora municipal, alcalde, concelleiros, secretario de esquerdas, foron buscar os que tiñan algún cargo nas sociedades obreiras e os que estaban afiliados a partidos ou sindicatos. Foron caendo todos pouco a pouco nas gadoupas dos asasinados. Camilo Rodal, Antonio Fernández... un por un íanos collendo e levando para as prisións que improvisaron. Só os monárquicos, os de moita misa e así, podían estar tranquilos.

Daquela eu púxenme doente. Creo que debín pasar un xarampón ou algo parecido, porque non puideron saír da cama durante varios días, o que debeu ser bo para a tranquilidade da miña nai. Meu pai estaba xa detido e ela non pegaba ollo. Comemos varios días o que puidemos sen saír da casa; daquela non podías falar con ninguén; se te miraban, viñan por ti.

Cando levaron o meu pai, miña nai quedou a tremer na casa, coma se un frío de inverno entrase e aniñase no seu interior. Aqueles bandidos petaban nas portas e había que abrílles. Levaban con eles para o Instituto de Hixiene ou para os locais da Falanxe a quen querían. A algúns deles como a Lorenzo Corbacho ou a Antonio Fernández desfixéronos a culatazos e despois paseáronos polas rúas para aterrorizar o resto da xente. Non era un matar a escondidas, non, que un dos sitios de tortura

estaba parede con parede cunha escola de raparigas desde a que se podían escoitar as barbaridades que lles facían a aqueles pobriños. Que fixera toda aquela xente? Mataran alguén? Roubaron a alguén? Nada, non fixeran nada máis que intentar vivir un pouco mellor. Pero non todos pensaban coma eles e por iso os esmagaron, esnaquizaron as familias e calaron as nosas bocas para sempre. Corenta anos foron moitos anos de silencio. Aquelas mortes doeron. E que Deus me perdoe pero se existe debería mandalos todos para o inferno. Que fixeramos nós? Que fixeran meu pai ou miña nai? Que fixeran de malo os meus tíos e os meus primos? Aquilo non o puiden entender entón nin o podo entender agora.

Xa contei que o primeiro asasinato que fixeron foi o de Manuel Piñeiro, aquel home novo que viñera de América e lle deu por axudar ás mulleres de Cangas para que participasen no sindicato. A Manuel collérono os falanxistas diante do concello e alí, para que o mirase todo o mundo, déronlle unha tunda coa que poder amedrentarnos. Que tremese todo o pobo, porque aquel home era de boa familia, era escribinte e fillo do secretario do xulgado, nada menos. Había que dar un escarmento. Como se lle ocorreu xuntarse coa chusma! As elites non deben andar cos pobres se non é para explotalos; senón sufrirían a mesma sorte.

Ninguén saíu ó balcón, ninguén pasou pola rúa, mais ó pouco tempo todo o pobo sabía o que acababa de acontecer. Sacárono para levalo a Pontevedra, pero non chegou vivo. Metéronlle varios tiros seica chegando a Mogor, cando estaban xa cerca de Marín. Unha daquelas balas rompeulle aquel corazón grande que tiña. Era o día 11 de agosto. Disque foi a culpa do xefe provincial da Falanxe, que inauguraba así as mortes impunes na

vila de Cangas, aquelas mortes nas que se aplicaba a “Ley de fugas” coa que podían matar a calquera coa desculpa de que o preso intentaba fuxir. Manuel fora o primeiro presidente da Reivindicadora, tiña só trinta e un anos cando o asasinaron como se fose un animal destinado ó sacrificio.

Prenden a miña nai

Aquel mes de agosto do ano 36 non tivo nada de dourado. Unha amiga un pouco bruxa díxome unha vez que é o mes no que debemos pararnos a pensar a quen queremos perdoar, por se acaso marchamos deste mundo sen avisar. Mais ese ano ninguén perdoaba a ninguén. A xente calaba, amedrentada, soportando aquel toque de queda que nos paralizaba. O medo ós berros nocturnos da xente maltratada, o terror a nos erguer cada mañá e decatarnos ó caladiño de que outro fillo máis de Cangas faltaba da casa deixábanos sen alento. Ata que nos tocou a nós.

Naqueles primeiros días da guerra, meu irmán Ángel poñía pola tardiña a roupa gorda e saía para o mar, como se fose un día calquera, que de algo había que vivir. O meu outro irmán, José, xa non andaba pola casa porque estaba facendo o servizo militar.

Aínda que ía calor, aquela noite metémonos as tres, miña nai, miña irmá e eu na mesma cama, todas xuntiñas, como presentindo que ía pasar algo malo, sen querer imaxinar que podería ser, porque o meu pai xa o tiñan preso e era como se faltase a casa enteira.

–Mamá, cando vén papá? –Preguntaba miña irmá.

–Soltarano pronto, xa veredes. Cando chegue o Nadal xa

estaremos fóra destas historias. Non é a primeira vez que nos prenden. Imos saír desta, coma outras veces, teu pai non fixo nada malo.

–Mamá, ti queda sempre con nós.

Pouco a pouco fomos ficando durmidas. De repente, ás dúas e media petaron na porta. Miña nai ergueuse moi nerviosa.

–Quietiñas, non vos movades, que xa vou eu.

–Mamá, non abras, non abras –díxenlle eu.

–Teño que abrir, rapariga, que se non vannos botar a porta abaixo –descalza, puxo un mandilón por riba do camisón e amodiño arrimouse á porta.

–¿Es aquí la casa de Lola?

–Si, é.

–¿Usted es esta señora?

–Si, son eu.

–Acompáñenos.

–Por favor, podería poñer...

–No, no, no, no. Venga a firmar una declaración.

Todos aqueles homes rodearon a miña nai. Puxo unhas zapatillas nos pés e así a levaron, non lle deixaron nin vestirse. Daquela miña irmá tiña trece anos e eu quince, e alí quedamos na cama, mirando para o teito, mortas de medo porque non podías saír á rúa ata que o sol aparecese. Cando nos erguemos, ó mirar que mamá non volvía, empezamos a chorar. Veu unha veciña de en fronte para nos consolar. Había que tragar as bágoas.

–Calade, filliñas –bisbaba mirando para atrás mentres falaba, morta de medo ela tamén.

A miña nai sacárona fóra da casa e levárona fronte á praza, onde estaba o quiosco. Había un coche esperando cunha rapaza moi nova dentro. Dous gardas civís diante, Bernardino e

Legarda, que arrancaron o coche e foron ata o cuartel onde subiu outro máis. Ninguén a escoitou, pero miña nai ó pasar polo cuartel chorou unha vez máis polo seu home encerrado tamén alí dentro.

–Adeus, compañeiriño –dixo en voz alta por se el puidese escoitala. A rapaza que debía ter vinte tantos anos, consolábaa.

–Non chore, señora. Somos mulleres, non nos van facer nada. Eu son de Marín. Son Carme Pesqueira, chámanme a Capirota e traballo de lavandeira na base naval. Dixeron que tiñan que vir buscar alguén a Cangas e despois que nos levaban a Pontevedra para facer unha declaración.

–E que che fixeron, filliña? –Preguntoulle miña nai.

–Non me fixeron nada, pero ameazáronme moito. –Contestoulle á miña nai para que non tivese medo, porque ben se soubo despois que tamén a maltrataron.

–Como son nai solteira non pararon de dicirme cousas malas.

–*Rojas*, ahora os vais a enterar de lo que es el amor libre –dicía Bernal, meténdolles máis medo do que cabía naqueles corpos. E entre insulto e insulto chegaron ó cruce da praia de Agnete.

–Venga, bajaos de una puta vez.

Desembarcaron unha cara á dereita e outra cara á esquerda.

–¡Camine, camine!

Miña nai deuse conta naquel momento de que ía case núa, pero esqueceuse axiña cando escoitou dúas descargas sobre a rapaza. Entón suplicoulle clemencias ó garda, que era coñecido, pero o outro empezou a meterlle présa:

–Marcial, dispárale, venga, ¿qué cojones estás

esperando?

Miña nai, co fognazo caeu sen coñecemento. Cando volveu en si, viu que dun brazo lle chorreaba sangue sen parar. Colleu a bata que levaba, envolveuno e botouse a andar.

Cando o tal Bernardino chegou de volta ó cuartel, xa estabamos alí meu irmán Ángel con só dezasete anos e eu preguntando pola miña nai.

–Mire, a mi madre la trajeron esta noche para dar una declaración.

–Aquí no tenemos conocimiento de nada de eso. La llevarían a Pontevedra. No sabemos nada.

Apoucados, os dous sen saber que facer, collemos camiño cara á porta, cando nisto nos chama un deles, un home alto e díxonos:

–A vosa nai levárona nun coche a Pontevedra.

Naquel momento, volveu saír o outro:

–Venga, largaos de aquí... ¿Para qué queremos a vuestra madre nosotros? ¿Para hacer una tortilla con ella?

Entón marchamos estrada arriba. Chegamos a Bueu ó depósito de cadáveres. E alí confirmáronnos que acababa de chegar un corpo. Só a inconsciencia da xuventude nos deu forza para ir mirar.

O corpo estaba tapado enriba dunha mesa. Cando retiraron a manta miramos unha muller moi nova, como se estivese a durmir. Sempre me deu vergoña o sentimento de alivio que sentín cando vin que non era ela. Un sentimento fóra do que me ensinaran na casa, que era sentir as perdas alleas como se fosen nosas.

A miña nai deixárona por morta no camiño. Pero despois de que eles marchasen, espertou ensanguentada e chea de lama.

Manchada a roupa, manchada a cara de tanto chorar. Tirou por unha leira que quedaba un pouco cara ó monte aínda escuro.

–Meus fillos, meus filliños, que vai ser de vós? –Ía repetindo sen parar –A onde hei de ir así ferida?

Se a miraba alguén, seguro que a delatarían. Lembrouse nese intre dunha prima que tiña unha casa un pouco máis adiante, cerca do matadoiro de Marín. E cara alí foi, nunha mañá de agosto que xa cheiraba a inverno.

–Ai, meu Deus! Miña primiña, toma un pouco de auga. Pero tes que marchar, non podo terte aquí. Se veñen os falanxistas, mátannos a todos –díxolle moi nerviosa cando a viu chegar.

É que daquela non podías acoller a ninguén na casa, e menos un fuxitivo. Nin que fose un fillo, porque entón podían vir e matar a casa enteira. Todo o mundo tiña medo, así que tivo que marchar de alí.

Foi xusto entón cando empezou a sangrar moito, moito e escoitou as voces duns mariñeiros na praia. Foi lavar a ferida no mar, toda cuberta de sangue.

–Señora, por favor! Ten que marchar, ten que marchar! Os homes botábana de alí. Ninguén quería responsabilidades, porque sabían que tamén se poñían en perigo.

E miña nai retomou o camiño. Pasou o día escondida polas veigas, andando cando podía e toda a noite atormentada coa febre. Ó despuntar o día, unha muller mirouna e saíu correndo, cando miña nai lle dixo:

–Ai, señora! Espere, non marche. Non quero nada, non quero nada. Non é por aquí que hai unha fábrica de gasosas? Estou cerca de Cela? Estou perdida.

–Si, está aquí ó lado, vaia pola beira desa carballeira e no fondo de todo atopará a fábrica.

A miña nai acordouse daquel home que podía ser a súa salvación. Ía a Cangas sempre cun carro e cunha mula ata a tenda para facer o reparto. Cando entrou pola porta, aquel home asustouse de mirala con tanto sangue enriba e tan pálida, a punto de caer no chan. Tivo sorte, estaba só. Díxolle que alí non podía quedar. Os veciños decatábanse de todo.

–Pero veña, que teño unha filla que vive alá no monte, que recentemente casou e ten un meniño.

E foi onde a levou, cunha febre terrible e os pés desfeitos. Aquela rapaza tiña aínda debuxadas na cara as redondeces da infancia. Era roxiña, con ollos pícaros e atrevidos.

–Ai, meu pai, que me trae! Veña vostede para acá. Que lle pasou? Pobriña. Como se lle pode facer isto a un ser humano!

Curouna, lavoulle os pés, deulle unhas zapatillas, unhas medias, unha cunca de leite e deitouna. Aquela noite, á miña nai apareceulle en soños o Anxo da Garda coa cara daquela rapariga. A mañá seguinte díxolle:

–Vostede non se preocupe, que aquí non vén ninguén. Fique aquí mentres curen eses peños.

–Non podo, seguro que me están buscando. Non podo poñerte en perigo, rapaza. Quero ir para Cangas.

Entón botouse a andar polo monte e desde a subida de Marín veu dar a Coiro. Ela ía buscando a altura do monte, para vir rumbo aquí. Pero botou todo o día agochándose onde podía. Había xente sachando nas veigas, eran os xornaleiros, pero non quería nin achegarse a eles, aínda que tiña moita sede e mirábaos beber auga e viño mentres sentía que ía morrer. Xa se estaba a

facer tarde cando encontrou un valado polo que discorría un rego de auga. Bebeu del e sen máis azos alí se arrimou e tombouse como puido no chan. Tiña moita febre, miraba as luces dos vagalumes e non sabía moi ben se estaba viva ou morta. Finalmente, rendeuse ó cansazo, á dor, e quedou durmida.

Cando espertou figuráronselle os focos dos coches que andaban a buscar xente. Non lle quedou máis remedio que erguerse e seguir andando, andando, ata que a colleu novamente a noite. Mirou Hermelo, mirou as luces de Moaña e veu vindo máis para Coiro. Atreveuse logo a ir á casa dunha muller que coñecía. Topouse con que xa ela sabía o que pasara, porque o home das gasosas xa fora a Cangas e falara coa familia.

Miña nai chegou por fin ferida e morta de medo á casa. Que iamos facer? Nós, rapaces mozos. Pero alí estaban os meus primos. Antonio, que tiña un estanco, veu onda nós.

–Tranquilos, xa falei coas autoridades de Pontevedra hoxe á mañá.

–Mire, que se vaya para casa ahora mismo. Y que no abra a nadie la puerta durante la noche –foi o único consello que lle deron a meu primo.

–Pero han de ir buscala os falanxistas –replicoulles.

–Si vienen a buscarla que echen la puerta abajo, que se enteren los vecinos, que no es una fugitiva.

Efectivamente, así foi e xusto ás doce da noite... pum, pum na porta.

–¡Esa mujer que se levante! ¡Esa mujer que se levante!

Era o tal Bernardino, que era un criminal. Cando a miña nai mirou aqueles falanxistas, deulle un ataque de nervios e empezou a berrar como se estivese tola. Meu irmán acababa de

chegar do mar. Nós agarrámonos a el e o sarxento que viñera aquela noite abrandouse un pouco. Pero por alí chegou o municipal que lle chamaban Pan e Porco, que tamén foi bo elemento. O sarxento dixo “Gumersindo, vai ó cuartel e trae a máquina de escribir”. Cando veu do cuartel, alí mesmo, na nosa casa, escribiron a declaración. Estaban fartos de saber eles o que lle pasara a miña nai. Pero veña a preguntar e preguntar sempre o mesmo.

–¿Con quién estuvo?

–¿Se encontró con alguien del sindicato?

Cando se fartaron, o sarxento dixo “a esta mujer hay que curarla”. E miña nai quedou na casa, ferida, e nós contentos. Mandamos vir a don José Piñeiro, o médico, que veu visitala vinte e dous días seguidos, porque a bala lle perforara totalmente o brazo.

E claro, desde ese día os falanxistas montaron garda día e noite na nosa porta, co fusil en man, todos tesos e botados para adiante, como se a vila e a nosa casa fosen deles. Non podía ninguén, salvo que fose unha filla, un fillo, un irmán ou unha persoa moi achegada á familia, entrar onda nós. Cando estivo a cousa clara, e ó curar o brazo, ó médico non lle quedou máis remedio que dala de alta. Entón, viñeron de novo os da Garda Civil e levárona para o cárcere de Pontevedra, onde estivo nove días.

Daquela había un xuíz do que todos os familiares dos presos escoitamos falar. Seica viña rabioso da fronte de Asturias, porque alí lle mataran un irmán. Non deixaba falar a ninguén. Cando xulgou a miña nai, no momento dixo:

–¡Pena de muerte para esta mujer!

E así foi, aínda que despois conmutáronlle a pena por cadea perpetua. Non valeu de nada o avogado defensor, un tal Santiago Baeza, que era fino coma poucos e que facía chorar a xente cando falaba das penalidades que sufrían aquelas mulleres; con aquel xuíz resentido non había de que dalas. Había catro xuízos cada mañá, non preguntaba nada, porque a vida daquelas persoas non tiña ningún valor. Meus pais pasaron mil penalidades porque as cadeas estaban abarrotadas de xente, non había roupa limpa, non había comida, non había máis ca fame e miseria.

Miña nai botou ano e pico en Pontevedra e de alí levárona para Surrarán, unha aldeíña de Motrico, no País Vasco, onde botou cinco anos. Estivo fóra da casa máis de seis anos, ano e medio máis có meu pai. Miña nai era unha muller de cincuenta e un anos cando a prenderon e cando volveu tiña cincuenta e sete. Despois de tantas penitencias, de tantas penas, de tantos abusos, volveu arrepiada dos curas e das monxas que corrían co penal, porque mirou cousas horribles, horribles, do que alí facían. “Ai, claro, elas non facían, pero mandaban facer”, dicía. Por aquel cárcere pasaron máis de catro mil mulleres. Malo o que fixeron con elas, pero peor foi o que fixeron cos fillos das *rojas*. Chamábanlles a aquelas criaturas “débiles mentales” e podían quitárllelos ás nais e dalos as familias ricas cando quixesen ou metelos en orfanatos. Vivían aterrorizadas, porque para castigalas podían incluso negarlles o leite para alimentalas. Aquel cárcere estivo aberto só seis anos, pero nese tempo morreron máis de cen mulleres e máis de cincuenta nenos e nenas de fame ou de enfermidades que non trataban. A pobre de miña nai, que tanto lle gustaba ir á igrexa, tivo que vivir con aquilo o resto da vida. Cando eu lle dicía algo criticando os curas ou as monxas, ela respondíame sempre:

–Eu vou á igrexa de Cangas porque teño fe e todos estes non ma van quitar. En cada pedra vexo o esforzo da xente mariñeira que foi pagando do seu traballo para levantala. En cada unha delas está o noso sangue. E vou porque alí foi miña nai, miña avoa e miña bisavoa a chorar polos seus. Xa poden vir curas a dicir o que queiran.

Naquel tempo topámonos soñas miña irmá e eu. Meu pai preso, miña nai presa, meu irmán Ángel tamén preso e Xosé estaba fóra e nada sabiamos del. Pasabamos medo todos os días. Non sei como sobrevivimos a todo aquilo. Tiñamos unha familia grande, aínda que os meus primos e os meus tíos, case todos os Blanco, estaban detidos tamén. Non sabiamos, tan rapazas que eramos, que tiñamos unha lección que aprender: todo pasa, pero ese pasar pode levarche arrastro coa forza das mareas cachos da alma.

22 de agosto

“Aquí non hai máis deus ca min”

Alejandro R foi sempre un resentido. Pode que fose maltratado de pequeno, pode que non se sentise querido, pode que lle fixesen un meigallo de cativo que non o deixase ser feliz, quen sabe. O caso é que no fondo do seu corazón sentía que o mundo lle debía algo e iso dáballe dereito a arremeter contra calquera. Non sei se chegaría a querer alguén algunha vez na súa vida. Cando era rapaz andou namorado dunha veciña que non o quixo, da mesma maneira que nos pasou a todos algunha vez na xuventude, unha época de paixóns intensas na maioría das veces non correspondidas. Case todos acabamos aprendendo, inda que sexa ós tombos, que o amor non pode ser unha cousa obrigada, mais aquel home, fose polo que fose, non foi nunca capaz de poñerse nos zapatos doutro.

Resentido estaba cos compañeiros canteiros que estaban asociados e que andaban xuntos. Protestaba e falaba mal de todos, sen recoñecer que grazas ó sindicato tiñan traballo, porque conseguiran que o concello se metese nunha obra grande para amañar o muro do Forte que parase aquelas areas que, cando había temporal, entraban moitos metros terra dentro. A el dáballe todo igual.

Resentido vivía tamén coa súa irmá Benigna, porque non lle facía caso. Ela era un planeta a xirar noutra galaxia. Xuntábase con mozos e mozas fosen de onde fosen e ía ás festas

naqueles grupos de rapazada que botaban o día enteiro andando para ir ós Remedios, a Santo Amaro ou ó Hío, sabendo que o camiño era o mellor de todo. A irmá era moi nova e coas amigas pasaba as mañás do verán preguntando pola fábrica ás máis vellas de onde eran os foguetes que se oían retumbar ás doce do mediodía, para saber a onde tocaba ir bailar pola tarde. Volvíase xa anoitecido e ó día seguinte tocaba sufrir o sono no choio, pero pagaba a pena. Ás veces as maiores protexíanas e mandábanas durmir un pouco ó almacén entre as caixas. Se viña o encargado: “onde anda fulana ou sitrana?”, “foi buscar unha caixa ó peirao, don Pepe, pero xa vén enseguidiña”, podía contestar algunha.

Que a irmá Benigna andase tan solta cos veciños, coas amigas tan latriqueiras, non lle parecía nada ben a Alejandro. Pero a súa irmá estaba curtida na fábrica e non estaba disposta de ningunha das maneiras a facer o que el quixese. Segundo o irmán, a ela sempre lle gustaba destacar e iso non era bo nunha muller. Aínda por riba, foi Benigna a que lle levara un ramo a Pasionaria cando veu a Cangas. Aquela irmá era unha vergoña para el.

A rapaza da que se namorou Alejandro era a irmá de Daniel, o que chamaban Chichito o da Patoula, que era anarquista e militante da CNT. Aquela rapaza era tamén alegre e resolta. Namorouse moi nova dun veciño mariñeiro e non tivo ollos para outro nunca máis. Con dezaioito anos xa estaba casada e cun fillo. Alejandro tomou o rexeitamento daquela rapariga cando tiña dezaseis anos como un gran desprezo. Alejandro non podía soportar a Daniel, quen falaba en voz alta do amor libre e ata do dereito a ir nus pola rúa, porque total, cal era o problema? Nacemos así e despois apréndennos a sentir vergoña. “Ensínannos que é pecado”, dicía a quen quixese escoitalo,

“porque esas son cousas da igrexa e non da natureza”. Pero que pensamentos son eses? Alejandro non o podía entender e dáballe voltas a aquelas ideas na súa estreita cabeza. O mundo estaba perdido! E a irmá Benigna andando por aí con todos eles!

A Chichito o da Patoula fórono buscar os fascistas unha noite a casa da fonte do Galo, pero non o toparon. Volveron varios días seguidos e tampouco. O tal Alejandro tiraba cada poucos días de dous ou tres compañeiros do fascio para ir rexistrar aquela casa. Ata que unha noite esperaron sen facer ningún ruído, ata máis das doce da noite, que escoitaron a voz dunha muller:

–Ven, meu fillo. Sae xa que aí vai moito frío.

Saltaron coma feras e botaron a porta abaixo a culatazos. Sen agardar a que se vestise arrastrárono á rúa. A nai non esperou tampouco e saíu correndo detrás deles.

–Ai, Alejandro, como nos fas isto?! Deixádeo, que o meu fillo non fixo nada!

Pero el seguía empuxando e batendo nel. Ata ás portas do camposanto chegaron e a nai, detrás, chorando desesperada sen deixar o fillo con aquelas bestas. El ameazábaa e intentaba botala a patadas, mais ela non desistiu.

–Por Deus, Alejandro! Pídocho por Deus!

–Aquí non hai máis Deus ca min! –Contestoulle.

Foi entón que lle pegou tres tiros e deixouno alí tirado. Os tres asasinou marcharon estrada arriba coma se nada. O sangue encheu o pé do cruceiro, deixando aquela nai e aquela familia coa vida partida polo medio. Todo o tempo que lle restou na terra foi poñer flores ó pé do cruceiro, onde aquel salvaxe lle dixera que era Deus. Despois de tres días, aquela besta volveu a aquela casa, rapou a aquela pobre nai e obrigouna a estar na porta

todo o día. Tamén colleran o avó do rapaz, xa vello e metérono preso, así que a aquela pobriña non lle quedou outra que aguantar as burlas dos que pasaban pola rúa se non quería perder o seu pai ademais do seu fillo.

Cando todo isto pasou, non había moitas horas que Alejandro R fora polas rúas de riba con aqueles outros dous camisas azuis. A pouca xente que estaba na porta buscando a calor da tarde tan pronto como os oían vir entraba na casa amodiño e deixábanos pasar por medo a que fosen por eles. Baixaron barullando ata o reloxo que marcaba ás sete en punto, cando se topou coa súa irmá:

–Oe ti, de onde vés?

–De onde me dá a min a gana. A ti que che importa?

–Non me fales así, que son a autoridade.

–Autoridade ti? Vai á merda, que estou cansa de traballar e de aguantarte.

Sen que ninguén anticipase o que ía pasar, aquel tipo abalanzouse sobre a irmá e pediulle ós outros que a suxeitasen con forza. Díxolle que ela tamén era *roja*, pois sempre andaba cos *rojos*. Arrastrouna ata onde estaba a barbería, entrou, colleu unhas tesoiras e alí mesmo a deixou chorando e berrando de xeonllos no chan despois de trasquilarlle todo o pelo.

–Isto é só para que aprendas dunha vez a quen tes que facer caso. Xa te podes ir agora para casa.

Ninguén lle dixo nada. Ninguén pronunciou as palabras “é a túa irmá, como podes facerlle isto?”. Os que pasaron por alí baixaron a cabeza para non mirar aquela muller que non entendía o que lle acababa de pasar. Todos calaron, como sabendo que aquela non ía ser a peor traxedia do día.

28 de agosto

Os mártires de Angueiro

Estabamos indefensos e tratáronnos coma ovellas que levan ó matadoiro. Eles tiñan armas e nosoutros non, eles albergaban no seu interior un instinto de manada que nós tampouco sentiamos.

Aprendín de nova que o horror existe porque o desculpamos como se fose parte do destino. Pero iso é mentira, a violencia pasa porque a consentimos e despois calamos: un morto aquí, outro alá e outro máis acolá. A quen lle importa? Que podiamos facer? A nosa xente na cadea ou mortos de medo a esperar que viñesen buscalos para escarnecelos. E os demais? Aqueles que cren en Deus e rezan polos desencamiñados, onde estaban? Eu seino: nas súas casas apuntalando a barbarie.

Tiña quince anos cando todo aquilo aconteceu. Vivía tan certa de estar no lado bo do mundo! E de súpeto, empezaron a dicir que eramos os malos, os condenados, os demos. Na posguerra aprendíanlles ós rapaces que os comunistas tiñan cornos e rabo e así foi medrando aquela xeración máis nova cá miña, pensando que só hai dúas formas de pensar: ou con eles ou en contra deles. Pero a min xa non me podían convencer. A esa idade era xa unha adulta, os meus ollos miraran demasiadas historias como para que me puidesen cambiar.

O nove de novembro, un barco que estaba preto da terra enganchou algo moi pesado no rizón. Asomáronse pola borda dous tripulantes a ver que acontecía coa manobra cando xurdiu unha mancha escura. Eran os corpos de varios homes. Cando chegaron ó peirao xa estabamos alí arremuiñados presentindo a traxedia. Eran os cadáveres de cinco dos homes desaparecidos o 28 de agosto. Correndo viñeron varias familias a ver se o seu estaba alí. Mirei a xente caer de xeonllos sen se atrever a berrar, saloucando ó caladiño. Axiña veu a Garda Civil e mandou a todo o mundo que circulase. Rexistraron no xulgado cinco nomes: Antonio Ferreiro, Normandino Núñez, Daniel González, Antonio Blanco e José Martínez. Outras familias viñeron, mais os cadáveres dos seus non apareceron.

Ninguén deu unha explicación, ninguén reclamou nada. O silencio.

Corenta días levaban aqueles corpos afundidos no mar. Ó día seguinte, todo foi un murmurio: disque saíron a flote outros corpos; seica non quixeron traelos para terra; disque os levaron de noite os da Falanxe nun barco sen luces ata afundilos outra vez no medio da ría para que non volvesen xurdir.

Disque, seica, disque: calar para sobrevivir.

Pode ser que por un tempo moi curto, aqueles bandidos sentiran medo de que o pobo de Cangas se levantase contra deles ó ver tanto cadáver xunto. Pero nada pasou.

Non chegamos a saber por que mataron aqueles homes que o mar devolveu. Ou si, sempre se soubo: asasináronos por se acaso; por se acaso protestaban, por se acaso se organizaban, por se acaso non pensaban coma eles, por se acaso facían folgas, por

se acaso casaban fóra da igrexa, por se acaso non querían enterrarse en sagrado, por se acaso... por se acaso; todo aquilo fixérono por se acaso.

Todo empezara o día 28 de agosto ás dúas da mañá cando un furor maligno atravesaba Cangas. O día estaba aínda por abrir, cegado por unha densa néboa pegada ó mar que facía inmensos os sons das bucinas dos barcos. Un grupo de camisas azuis e correas de coiro foron petando rabiosos a varias portas e sacaron do cárcere algún preso, levando con eles un botín de once homes.

Seica a comitiva macabra estaba composta por dous irmáns M, Pan e Porco, un garda civil, os irmáns Baballos e pode que ata estivese o tal Bruno, o alemán. Eu non o vin, así que teño que falar polo que a xente foi contando. Lamentarei dicir algo que non sexa verdade, non quero poñer este baldón sobre ninguén, porque sería unha mentira atroz. Pero o que é certo é que alguén tivo que ser, porque once homes non se deteñen, non se atan e non se asasinan sós.

A estes once non os deixaron detidos no Instituto de Hixiene de Cangas, senón que os meteron no camiión dun tal José María, o dono da fábrica de gasosas, que subiu a costa de Ximeu na estrada de Pontevedra ata parar no Anguieiro cando eran as catro da mañá, só a un par de quilómetros da igrexa. Fixéronos baixar e matáronos a golpe vivo, a culatazos salvaxes, que non tiveron sequera caridade de meterlles un tiro para aforrarlles sufrimentos. Eran mozos fortes que de seguro habían de defenderse, de non teren as mans atadas.

Sábese que os asasinos volveron para a vila cos

cadáveres, metéronse na fábrica de Cervera e déronse conta entón de que alí só había dez corpos. Fóronos poñendo enriba da mesa onde se traballa o peixe, atáronos a unhas grellas de ferro, subíronos a bordo dunha lancha e fondeáronos no medio do mar para que ningún se decatase da atrocidade cometida. Catro viaxes fixeron levando os defuntos. Ás nove da mañá xa tiñan a carnicería feita e escondida.

Lao Ferreiro era canteiro e tiña dezaioito anos cando o foron buscar para matalo. Sacárono da casa e cando o meteron no camión topouse que alí estaba tamén o seu irmán Antonio; aquel irmán maior, militante do PSOE que non acababa de entender como a aquel irmán pequeno lle deu por meterse nas Xuventudes Comunistas. Tanta discusión sobre o futuro! Xa daba o mesmo. Alí non ían para cousa boa. Metéronos no camión con outros nove homes, todos coñecidos, e sentíronse esperanzados cando miraron que os ían levar directamente a Pontevedra sen pasar polos locais de tortura. Foron baixándoos do camión e mallando neles coas culatas dos fusís. Cando lle chegou a el, un golpe na cabeza deixouno sen sentido. Escuridade. Espertou ó pouco tempo. Sentiu como se só pechase os ollos un segundo e máis lle valería seguir morto! Pero non, espertou entre cadáveres, ferido, con sabor a sangue. Ó chegar a Cangas, conseguiu soltarse e baixar antes de que os asasininos se desen conta e en poucos minutos xa estaba andando cara ó monte. Onde van os desesperados? En quen pensan? Un familiar, un amigo, unha man cun cacho de pan e auga pode ser a diferenza entre a vida e a morte. Case sen saber como chegou a Aldán, topouse coa casa dun familiar.

–Ai, rapaz! Non podes quedar aquí. Non podemos acollerte, que nos matan a todos!

Seguir andando, andando ata a punta Subrido; aquel corpo forte dun canteiro de dezaoitos anos. A febre, o medo, a dor nas costas e na cabeza, a soidade, o frío, a fame, o mar.

Catorce feras saíron de Cangas no día seguinte, sete por terra e sete por mar a cazar un rapaz desfeito. Como sabían por onde andaba? Por aqueles veciños tan predispostos a congraciarse co poder, pois durante o día foron pasando un por un polo cuartel.

–Está entre as pedras.

–Mireino saír da casa do tío.

–Topei sangue na miña porta.

–Andaba pola praia ó mediodía.

–Se ides por aquí, se ides por alá... toparédelo.

Sete por terra con cans para rastrexar o terreo e sete por mar nunha lancha a motor, coa que ían devagar para non deixar nin un laño no que rebuscar. Non tardaron moito en topalo.

–Cabrón, onde cres que vas?

–Librácheste da morte, pero agora valo pasar peor.

E empezaron as risas e os malos tratos, que eu non quero nin sequera imaxinar, porque contar estas cousas faime dano, a min e a toda a humanidade. O pobriño pedía que lle desen un tiro e que o deixasen morto dunha vez. Pero eles, nada. Cebáronse con el coas baionetas e deixárono alí entre os penedos da costa onde bate o mar. Por *rojo*, todo por *rojo*. Por que sei todo isto? Porque máis dun foise polas pedras a escoitalo berrar, a mirar aquel sufrimento, para despois contalo.

Eu tiña só quince anos, mais daquilo non me esquecín nunca. O día que xurdiron aqueles corpos, cando cheguei á casa e sen que ninguén o soubese, busquei un cacho de papel e escribín alí os nomes dos que apareceron e tamén os dos que non, grazas a que as mulleres os repetían ó caladiño pola praza:

–Falta Guillermo Fernández.

–Non apareceu José Nores, nin Alejandro Martínez.

–Que lle farían a Secundino Ruibal e a Eugenio Bastos?

O mar engulíunos.

Escribín os once nomes nunha folliña branca.

Enrosqueina e boteina nun buraco dun ladrillo no faiado para que ninguén puidese atopalos. Foi un impulso que me consolou e deixei de chorar e de sentir medo.

Tardei corenta anos en subir ó faiado a sacar daquel buraco os nomes que fun escribindo. Cando lle botei a man ó papel xa non quedaba case nada, pero os once nomes seguían escritos na miña memoria. A crueldade última de todo aquilo foi non deixar sequera que a xente chorase os seus mortos. Ben que souberon algúns que prohibir a dor era prohibir a palabra e deixarnos sen vida.

Camilo Rodal, o Petiscado

Ó primeiro era só un rumor que se escoitaba por todas partes:

–Cos falanxistas hai un alemán.

–Un alemán? Que fai un alemán en Cangas?

–Si, anda non só aquí senón tamén en Moaña, en Bueu... vai por aí aconsellando os da Falanxe sobre como teñen que facer *cos rojos*.

–Disque os obriga a coller a canta máis xente mellor e ensínalles ós de aquí como teñen que machucalos.

–Chámase Bruno.

–Non deixa a ningún vivo, a ningún sen purgar.

–Se te colle é como o demo: tes que colaborar con el, porque se non lévate por diante a ti tamén.

Durante a guerra eu pensaba que aquel home non existía, que era unha lenda que ía de boca en boca, como o sacaúntos, pero de xente maior, porque cando alguén o nomeaba os demais palidecían. Pero moitos anos despois descubrín que este elemento andou de verdade por aquí, só que quedou a vivir en Moaña. Como sería que ata os propios falanxistas e os gardas civís foron queixarse ó alcalde polas barbaridades que facía! Ata o propio Gatos ó lombo, aquel que fora da Alianza Mariñeira pero despois foi denunciando os compañeiros de Cangas, asegurou que todos os asasinatos que se habían de cometer nesta vila no ano 36 serían culpa do alemán!

Recordo o día que foron buscar o Pitiscado, a Camilo Rodal, e de paso levaron tamén a súa muller, Constanza, que era de Pontearreas. Era moi amigo do meu pai e o seu fillo xogaba sempre cos meus irmáns. Aquel home era anarquista e viaxara con Antonio Ferrari, *o Carabelo*, naquel ano 36 ó congreso da CNT en Zaragoza representando a Alianza Mariñeira polo Primeiro de Maio. Cando volveron sentou na porta da miña casa pola noite a contar o que alí pasara.

–Xa estamos todos xuntos, medio millón de sindicalistas presentes. Por fin os sindicatos obreiros estamos de acordo!

–Pero non están as cousas ben, Camilo. Teñen ganas de dar un golpe de estado.

–Por iso temos que recuperar aquel espírito que houbo na Alianza Obreira do 34 en Asturias.

–Cala, que xa no 34 nos custou a cadea a máis dun.

–Agora estamos máis unidos en toda España. Non vai pasar o mesmo.

–Ben, fixéstelo ben, polo menos está en todo isto a UGT –dicía Taratola. –Non hai que perder a cabeza.

–Para que despois digan que os da CNT non temos sentido práctico da política! –Rematou Camilo con ironía.

Nestas parrafadas estaban Taratola, Corbacho, o Manegra, don Víctor e algún máis discutindo cousas de moita transcendencia, do tipo de se era mellor a revolución proletaria, o comunismo libertario ou o comunismo a secas; de se todos os estados eran opresores ou se necesitabamos ter un estado forte controlado pola clase obreira.

–Hai que dar a cada ser humano segundo as súas necesidades e que cada un destes dea á comunidade segundo poida –remataba Manegra.

–Si, si. Iso é moi bonito, xa sei, pero tal como se está a poñer o país non sabemos se seremos capaces de aguantar o pouco que hai feito –contestáballe outro.

Aquela xente non paraba de debater como debía ser o mundo futuro: o amor libre, que era a liberdade de estar con quen che petase; a vida na natureza; o respecto ás crenzas; ou se debemos estar dentro do estado ou fóra del, porque era un instrumento que pervertía o bo corazón da xente. As ferramentas, o capital e a terra para os traballadores eran as ideas nas que todos coincidían, aínda que alí se discutían tamén cousas máis prácticas: como si se debía facer folga ou non; ou que se debía mercar para as escolas dos rapaces, por exemplo.

O Pitiscado era un home moi apracible, moi tranquiliño, nunca se incomodaba con ninguén. Ocupara todos os postos desde que se fundara Alianza Mariñeira: presidente, vicepresidente, secretario e o que fixese falta. Aquel bo home non escapaba a ningunha obriga. E que morte levou o pobre! Foi dos primeiros que meteron no Instituto de Hixiene que converteron en cadea. Ían buscar a xente á casa ou collíanos pola rúa e levábanos alí antes de mandalos para Pontevedra, se tiñan a sorte de que os xulgasen. Non se sabía nunca canto tempo ían estar alí. Non había ningunha lei que os amparase, ningunha autoridade que mirase polos detidos. E había que levarlles de todo, porque non lles poñían nin un prato de comida diante. Iamos nós coa saqueta de roupa limpa, a comida e incluso a auga fresca para poderen beber.

O Pitiscado, que tiña catro fillos coma catro soles, non tivo nin sequera a sorte de ser sometido a un consello de guerra,

daqueles que había que non valían máis que para condenar xente, pero polo menos había unha posibilidade de salvar a vida.

A el tocoulle o peor: as malleiras, os berros, o sabor do sangue na boca, os paus, pois pegar coa man doíalles ós torturadores. E a xente pasando por alí, sen que ninguén puidese facer nada, tapando os oídos para non escoitar os berros daquel home.

No corpo do Pitiscado practicaron tamén o escarnio público. Unha exhibición de poder máis vella có mundo: mostrar a dor dun como unha ameaza para todos, o sangue para provocar horror. Pobre home... Pobre xente toda!

Aquela mañá apareceu o tal Bruno e volveron interrogar ó Pitiscado.

–¿Quién fue con usted al Congreso de Zaragoza?

–¿Quienes están en la CNT?

–¿Quienes organizaron la huelga?

¿Quienes...?, ¿quienes...? –Cando terminaron con el deixárono no chan sen poder levantarse, malferido e chorreando sangue.

–Vamos, vamos, pónganlo de pie y a la calle con él. Que lo vea todo el mundo. No lo escondáis y la mujer que salga también para que la vean.

–Mire señor que el pueblo se puede levantar si ven a este hombre, que mucha gente lo aprecia y si lo ven tan maltratado... Ya nos dijo lo que queríamos, ya no hace falta que...

–Mejor, mejor, si alguien se atreve a intervenir, dispárenle sin más. Así aprenderán todos de qué va esto.

E así foi. A Camilo Rodal sacárono fóra con todo o lombo en carne viva, cambaleando. A cara desfeita. Sabiamos que era el porque a muller foi a primeira en berrar cando o mirou, ela tamén maltratada. Paseáronos por Cangas ata o local da Falanxe, ó lado do concello. Despois metérono nun coche e el dixo: “Adeus, compañeiros! Vinganza!” Aquel día andaron con varios homes polas rúas como se fosen Xesucristo de Nazaret.

O Pitiscado non volveu e tampouco chegou a Pontevedra. Matárono en Meira, na Borna, deixando o corpo tirado na cuneta ata que a familia foi buscalo. Aquel mariñeiro que tanto loitara por xuntar a xente, porque todo o mundo se levase ben!

Constanza, a muller, tivo sorte, puido marchar despois para Arxentina, a Buenos Aires, onde xa estaban algúns dos fillos, e a súa casa converteuse nun lugar obrigado de visita para todos os que chegaban de Cangas. Ninguén marchaba sen unha indicación, sen unha comida ou con algo de roupa que poñer, por grande que fora a necesidade dos que chegaban exiliados pola fame ou as calamidades deste pobo, que sería duramente castigado tamén polo esquecemento.

Dentro do que cabe tiveron sorte, marcharon dun mundo do que pouco tempo despois xa non se puido escapar. Nos peores momentos eu acordábame do mapa de dona Perfeuta e preguntáballe a miña nai cando estivo ferida e tan maliña:

–Mamá, e nós non podemos ir para Buenos Aires?

Naquel nome soaban os ecos dun mundo feliz ó que xa nunca chegaríamos.



24 de setembro

Lorenzo Corbacho

A Lorenzo Corbacho puxérono fronte ó pelotón de fusilamento un 24 de setembro do maldito ano 36. Non quixo agachar a cabeza nin tapar os ollos, porque acababa de facer o acto de sometemento máis humillante da súa vida: pedir o bautismo para el e a súa familia. Aquilo doeulle máis cás malleiras que recibiu en Cangas nos dezasete días que estivo nas mans daqueles salvaxes, algúns deles veciños de toda a vida. Tiña corenta e cinco anos e aínda se sentía forte para vivir outros tantos, a pesar das penurias que o asolaron. Pero tiña muller e moitos fillos e, xa sabendo que ía morrer, había de mirar por eles, que outra cousa podía facer?

Aquilo doeulle porque se avergoñaba de si mesmo. Un home como era el, que foi preso e xulgado en consello de guerra no buque *Río de la Plata* por participar na primeira gran folga xeral de 1917; que declarou a canda a súa moza Concepción que querían vivir en unión libre sen pasar pola igrexa; que foi desterrado a Marín, detido e condenado varias veces por defender a democracia. El, que sufrira todas as calumnias dos caciques de Cangas para que non chegase a ser alcalde; el, que mantivera viva Alianza Mariñeira nos tempos da ditadura de Primo de Rivera; el, que, aínda sendo dunha familia obreira, foi capaz de escribir para outros obreiros en publicacións coma en *Solidaridad* de Vigo e na *Nueva Aurora* de Pontevedra. Calquera sacrificio era pouco para axudar a familia. Pero, fixesen o que fixesen, non lle arrincarían nunca do corazón o orgullo de ser un loitador da clase obreira.

De todos os homes que viñan pola nosa casa buscar o meu pai, non había outro máis poderoso para min ca Corbacho. Parecíame moi grande, cunha voz que non podías esquecer despois de escoitala. Debeu nacer socialista e, desde que entrou na nosa escola cando era concelleiro para sacar o crucifixo da aula, cun demiño encarnado posto de adorno na solapa como levaban daquela moitos homes de esquerda, eu empecei a miralo coma o heroe que fixo calar a horrible mestra dona Perfeuta.

A ninguén deixaba indiferente Corbacho. Podías quere-lo ou odialo, como facía todo o beaterío de Cangas, porque a el non o ían convencer de que había que pasar pola igrexa a nada, nin para nacer, casar ou morrer. Cando viña de traballar canso de sacar pedra da canteira de Varalonga, e aínda que fosen as dez da noite, percorría as casas dos afiliados para distribuír o xornal *El Socialista*, que custaba dous patacos.

Corbacho, Nores e meu pai andaban sempre a discutir aquelas cousas de política que eu non entendía. Que se estaban traizoando os seus principios, que se a Alianza Mariñeira debía seguir na UGT ou pasar a CNT e cousas así. Os tres fundaran en 1914, antes de nacer eu, a Alianza Mariñeira, a primeira asociación grande que tivo algo de forza fronte ós anos dos barcos e axudou a facer cooperativas para mercar entre varios embarcacións. Corbacho e Nores andaban sempre a discutir. Corbacho exaltábase cando falaba, mais non era que a forza se lle fose pola boca, non, pois cando se empeñaba en sacar algo adiante, conseguíao.

Cando era pequena, para min era coma un heroe das películas e, como a estes, a el tamén lle tocou pasar por grandes

sacrificios, mais despois non resucitou, non. Fusilaron aquel home intelixente e íntegro e converteron aquel asasinato nun acto de propaganda. Da súa morte fixeron un espectáculo no *Faro de Vigo*. A noticia relataba como se celebrara na cadea de Pontevedra “un acto conmovedor”, porque alí se presentaron o cura de Darbo, a muller de Corbacho e os sete fillos para seren todos bautizados e despois realizar o matrimonio pola santa nai igrexa. Que poder tiña aquel novo réxime que ata os máis rebeldes se convertían!

De Cangas saíu a comitiva da voda máis triste do mundo ata a cadea de Pontevedra. Toda a familia coa cabeza baixa. Todos coa tristura no corazón de saber que ían mirar aquel pai, aquel marido por última vez nun acto que sabían que lle rompería o corazón. Segundo contaron no periódico, o cura entregoulle ó matrimonio un crucifixo que os dous bicaron “coa maior unión e recollemento”, mentres pronunciaba un bonito discurso ensinándolles ós fillos cal era o camiño que conducía “al trabajo y al bien”. Hai que amolarse! Os que alí estiveron como testemuñas deixaron constancia do emotivo acto, porque miraron chorar a todos. Pero as bágoas non eran de emoción, senón de desesperación, rabia e medo.

Lorenzo e Concepción colléronse das mans por última vez, ela sabendo da dor daquel home que facía a maior renuncia que un ser humano pode facer cando sabe que vai morrer. E facíao por ela e por aqueles sete fillos que non sabía como ían saír para adiante. Corbacho non chegou a saber o calvario que tivo que pasar a súa muller a quen ninguén daba traballo, porque aquel bautismo e aquel matrimonio non fixo que a perdoasen. Moitas veces, cando Concepción se metía soa na cama preguntábase se

aquilo pagara a pena. Despois contestábase a si mesma que si, que polo menos os fillos estaban vivos. E esa era a única resposta que a consolaba.

1936

As rapadas

Maña nai levaba encerrada na casa dez días co brazo ferido e eu estaba morta de medo porque podía saír lle unha infección e morrer. Isto dábase máis terror có falanxista que tiñamos sempre vixiando na porta.

–Miña naiciña! –Dicíalle miña irmá sen lle tirar ollo todo o día –Non te levantes, que xa facemos nós por ir buscar algo de comer.

Un día e outro ía eu para a ribeira e raro era que non viñese por alí algún familiar cun peixe na man para que puidésemos comer. Meu irmán Ángel andaba tamén doente do pulmón, mais aínda así, saía para o mar un día si e outro tamén. Miña nai só pensaba en como estaría o meu pai na cadea.

–Vai alí, rapariga. Lévalle un pouco de auga fresca.

–Xa fun onte e non me deixaron coller da fonte, tiven que collela do cuartel e revolvéronme a comida toda antes de darlla.

–Pois volve hoxe a ver que che din. Como estarán esas almiñas!

E así foi, eran só as tres e media da tarde cando saín cara á fonte do Señal para coller auga fresca. Unha rapaza viña coa cabeza rapada, mirando cara ó chan sen atreverse a levantar os ollos. Tardei varios segundos en entender o que miraba.

–Mucha! Mucha! Espera. Como che fixeron iso?

–Sh... vaite! Non fales comigo! Entro agora na fábrica, non podo quedar na casa.

–Pero aí tes a esa bruxa da encargada, se te mira así sen pelo seguro que non te deixa en paz.

–Está todo o día enriba de min. O outro día díxome que se pensaba eu que o seu fillo ía facerme caso, estaba moi enganada, que son unha trapalleira e que o deixase en paz. Aínda por riba de ter que soportar ese idiota!

Eu quedei coa boca aberta a mirar para ela sen saber que dicir.

Xa escoitara aquilo de que collían algunhas das mulleres das familias dos que estaban presos e rapábanlles a cabeza diante de todo o mundo. Pero non quería nin pensar en todo aquilo.

–Non nos deixan poñer un pano nin nada.

–Meu Deus! Dixéronme que hai unha muller velliña na rúa de San José, a que lle levaron o fillo, e a ela obrígana a estar todo o día sentada na porta para os rapaces poderense meter con ela. Deixáronlle como unha perrera de pelo que a pobre parece un espantallo. Fano para máis escarnio. E a ti quen che fixo isto?

–Un veciño. Un cabrón que sempre odiou o meu pai por un lío dos marcos.

–Un veciño!?

–Acaba de poñer a camisa azul e ten que demostrar que é máis macho e máis duro ca ninguén. Déixame ir, Lola. Se me mira falar contigo mátame.

Pobre rapaza. Volveu baixala cabeza e emprendeu o camiño cara á fábrica, que non parara a produción nin nos peores días do levantamento. Mireina ir, andando rápido a aquela hora de pouca xente pola rúa.

Collín auga e funme cara a onde estaba o cuartel. Non sei de onde saltou enriba de min o Pintos, aquel rapaz odioso e que seguro que estaba espiando a pobre de Mucha.

–Salgarita, que es unha salgarita, sempre polo medio.

Levaba unha camisa azul, sen correas nin nada, que cando a mirei entroume un terror que me paralizou o corpo e púxoseme un nó na gorxa. Non puideron nin berrar nin queixarme e quedei coma unha ovella. Despois faloume en castelán:

–¡Venga! Acompáñame a cortar el pelo.

E levoume arrastro por un brazo ata unhas escaleiras. Alí apareceu un home, Manolo Pepoucho, que lle dixó:

–¿A dónde vas? ¡Déjala! ¡Si es una niña!

Non tiña medo polo pelo, senón polo que puidese sufrir miña nai se me miraba entrar na casa rapada, un falanxista na porta e o meu pai preso. Que máis nos podería pasar? Eu nunca falara con aquel home que me salvou nin volvín dirixirlle a palabra nunca máis para agradecerllo. Para que? Alí todo o mundo quería esquecer, calar a boca, facer como se non pasara nada. Os dous sabíamos que era mellor así.

Alguén me contou que non estaban todos de acordo co que facían e que, ó día seguinte, Baldomero C e Almiña empezaron a dicir que non había dereito a raparlles o pelo ás mulleres. Que se había que detelas e tiñan que pagar, que fose como se facía con eles, pero darlles un castigo especial por ser mulleres non podía ser. Matar podía ser, pero rapar... aquilo era demasiado! E pediron que se discutise no fascio outra vez.

Non puideron imaxinar que aquela xente sentase a discutir sobre que torturas se podían permitir. Pódese pactar sobre os límites da barbarie? Xa facían o que querían. Antes da guerra os fascistas eran catro na vila, pero tan pronto como estalou o levantamento empezaron a multiplicarse, porque estar na organización dáballes carta branca para roubarlle a un veciño,

quedar cunha leira ou non pagar o que debían. Disque despois Franco meteunos tamén a eles en cintura, poñéndose el de xefe, e a partir de aí todos foron o mesmo.

O mes de outubro foi un mes no que os franquistas se puxeron a tocar as campás da vitoria, pero equivocáronse, porque non conseguiron entrar en Madrid e aquela masacre continuou dous anos máis. Tivemos que sufrir todas as barbaridades dos fascistas facendo coa xente de Cangas o que querían. O día catro dese mes de outubro realizaron unha homenaxe militar a Franco e ó levantamento, ó que tiven que ir, por se acaso. Escoitei sen pestanexar como M e o Mixixi dicían que había que matar a todos os homes e as mulleres “que fueran de ideas *rojas*”. Outros como o Chiripa ou aquel que chamaban Borralla do Outeiro saíron á rúa ver a quen topaban para insultar.

Daquela raparon a Carme e a Laura Carracelas, a Paracha, a Petoula, a Petira, a Leonor Rodríguez, a María Gamallo, a Carraxona, a Pitiscada e a Concepción Iglesias. Á muller de Corbacho fixéronlle pasar un verdadeiro calvario para criar os fillos e a outras humilláronas como puideron naquel xogo macabro. A Josefa Mariño non só a pelaron senón que tivo de fregar o local da Falanxe dúas veces entre insultos.

Moitos anos despois mirei na televisión unha película muda moi antiga, *Juana de Arco*. Cando vin como rapaban aquela rapariga, empecei a chorar case cincuenta anos despois o que non chorei cando mirei a miña amiga sen pelo pola rúa. Foi como se o tempo non pasase e eu debese pagar unha débeda de bágoas que non fun capaz de verter cando todo aquilo pasou. Chorei e chorei durante horas eu soa ata que se me tranquilizou o corazón.

Castigábannos por ser mulleres quitándonos o que se supoñía que era noso: o corpo, a fermosura e a vida. Era un castigo individual que podía ser contra a miña amiga, contra min ou contra calquera outra muller. Eles e nós sabiamos que era un castigo colectivo, de homes contra das mulleres, non só para ferirnos, senón para facer dano ós outros homes ós que pensaban que pertenciamos.

Eramos *las rojas* non por selo nós, senón por ser as nais, as mulleres, as fillas dos *rojos*. Pensaban que non valiamos nada, nin para nós mesmas.



7 de abril de 1937

O meu irmán Ángel

Xa estábamos soños na casa. Meu pai preso, miña nai presa, pero todas as noites os tres irmáns consolabámonos os uns ós outros dicindo que polo menos non mataran os nosos pais como fixeran con outros. Eramos tan mozos que non queriamos crer que eran tempos de feras que querían o noso exterminio. Pero un día tamén viñeron buscar o meu irmán Ángel, que era o único que estaba na casa, e levárono para o local da Falanxe sen dar ningunha explicación. Miña irmá mais eu quedamos completamente soas. Agora sei que sobrevivimos a aquelas penas grazas á inconsciencia que nos daba a idade.

Chamábanlles *rojos* a todos, fosen do partido que fosen: cenetistas, socialistas, comunistas, todos iguais metidos no mesmo saco para poder mallar en nós o que quixesen. Ningún dos nosos tiña delitos de sangue, ningún roubara nada, mais daba o mesmo. No ano 37 prenderon tamén a case todos os homes da familia Blanco: meus tíos, meus primos, once da mesma familia. Aquilo foi unha desfeita.

Colléronos e leváronos para Vigo, someténdoos a unhas condicións calamitosas, porque aquilo non era unha cadea senón unha corte onde gardaban os cabalos. Facíanos durmir e comer entre os animais e non lles daban nin roupa nin alimentos. Tiñamos que ir os familiares atendelos a Vigo. Cinco meses

estivemos así, de Vigo a Cangas e de Cangas para Vigo, cada día, ata que puidemos alugar entre todos os da familia unha casiña ó lado daquela corte e cada día íámoslles levar o almorzo e a roupa. Puidemos darlles esta axuda porque moita outra xente tamén nos axudou a nós. Algúns mariñeiros dábannos peixe ás agachadas, tanto os que faenaban na ría como os das parellas cando volvían das campañas. Aquel peixe dábanos a vida, podíamos vendelo e iso dábanos para manter a aqueles once que estaban presos.

Estabamos tan mal que cada día con eles vivos era un triunfo. Unha mañá subía eu pola rúa do Príncipe de Vigo para ir para a casiña alugada cando mirei un grupo grande de homes que baixaba. Eran os meus primos, os meus tíos! Viñan contentísimos, rindo, querendo coller canto antes o barco da pasaxe para chegar a Cangas. Os meus ollos buscaron entre eles o meu irmán.

–E Ángel onde está? –Preguntei tremendo ó momento.

–Dixéronnos que o soltarán mañá. Non te preocupes, muller. Xa miras que nos deixaron saír a nós. É que a el confundírono cun fotógrafo que andaba tirando fotos por Vigo e dixéronlle que tiña que quedar ata que a cousa se aclarase.

Alá me fun preguntar por el coa sensación de que me quitaran a terra de debaixo dos pés. Os gardas dixéronme o mesmo, que si, que no día seguinte ían soltalo cando aclarasen a cuestión do fotógrafo que faltaba. Fun para aquela casiña pensando que era o último día que durmiría alí. Meus pais non estaban e desde que faltaba el miña irmá e eu estabamos como perdidas.

Era o 7 de abril de 1937, o mes da morte. Levantámonos para levarlle o almorzo, mais xa non o topamos.

Ninguén nos daba razón, ninguén sabía nada. Fomos andando, andando ata Porriño cos familiares doutros sete homes que tamén faltaban. Alguén lles dixera que o camión no que os meteran tomara esa estrada. Daquela todo estaba moi lonxe, mais non nos importaba. Conforme iamós preguntando por onde pasabamos íannos dicindo os veciños:

–Aquí apareceron cinco mortos hai tres días, pero xa os levaron.

–Aquí tiraron con tres, pero xa non están.

E así ata que chegamos a Pinar do Foxo en Pontearreas. Alí decatámonos de que acababan de topar aquela mañá cinco cadáveres. O que vivín a partir daquel momento é como se non me pasase a min, como se alguén me prestase un corpo de boneca que non sentía nada. Alí o estaba, tiradiño no chan cos outros homes de Vigo.

–Non podeades levar o cadáver? O cura non quere enterralos aquí–menciounou alguén.

Eramos unhas nenas, que podíamos facer? Quen tiña cartos para alugar un camión e mover o corpo?

–E como imos levalo?

Alí estaba aquel cura da aldea, coma un corvo roldando a morte.

–Aquí no quero enterrar *rojos*, que nos contaminan la tierra. Llevadlos para Cangas, llevadlos...

–Non podemos, señor cura. Non hai coche, non temos nada.

Alí estábamos todos os familiares chorando en silencio. Ninguén se atreveu a facer un escándalo ou levantar a voz. Pecharon a boca coma todos e abrírona só para lle suplicar ó cura que lles deixase un cacho de terra para poder enterralos.

–En sagrado, no –contestou el inflexible.

–E aí no atrio detrás desa tapia? –Dixo alguén.

–Bueno, metedlos ahí entonces, pero no quiero que los vean. Y no podéis ponerle el nombre ni nada.

E alí quedou enterrado o noso irmanciño con dezaoitto anos. Meu irmán, aquel dos xogos na praia de Rodeira, o que andaba no mar desde os catorce anos e nos coidaba como se fose o noso pai. Meu irmanciño. Naquel momento xurei que non podía morrer eu deixándoo alí, enterrado fóra de Cangas. Busquei unha pedra e marquei o sitio onde estaba por se algún día podía ir buscalo. Custoume moitos anos, pero conseguimos desenterralo e traelo por fin a descansar coa nosa xente.

Eu era una rapariga aínda, mais nunca esquecín a morte que lle deron ó meu irmán, como nunca lle perdoei a aquel cura que non quería nin prestarlle un anaco de terra para enterrármolo. Pero tiven que seguir indo á misa, tiven que ir confesarme cos curas porque non se podía vivir doutra maneira. Despois da guerra eles eran os que daban os informes para todo: para poder traballar, para casar, para saír da vila. Quen podía vivir á marxe daquelas sotanas negras?.

Non te librabas de ir confesar polo menos unha vez ó ano, pola Pascua. Na igrexa facíanse unhas listas e tiñas que pasar polo confesionario. Pasados varios anos despois do levantamento, tocoume confesar cun cura que viña de fóra:

–Ave María Purísima, ¿cuánto tiempo hace que no te confiesas?

–Hace un año, padre.

–Ay, ¿por qué mujer? ¡Tanto tiempo!

–Este cura de aquí no quiso darle buenos informes a mi madre, que está presa, y yo...

- Algún delito cometería.
- Y a mi hermano me lo mataron.
- ¿Y por qué te lo mataron?
- Por nada.
- Por nada no se mata a nadie.
- Por nada.
- ¿Y qué edad tenía tu hermano?
- Tenía 18 años, aún no los tenía cumplidos.
- Caramba, caramba... Tan joven y tan rebelde, caramba, caramba.

Aquelas palabras atragoáronseme dunha forma que nunca máis quixen saber de curas nin de igrexas.

Naquilo converteuse a nosa vida: a rezar, si; a rezar mañá, tarde e noite. E a cantar aqueles himnos: “Amad a la patria...”, “La patria bendita, la patria es la cuna del hombre al nacer”. A patria, a patria...

Eu cantaba tamén, que remedio me quedaba, mentres me acordaba do que dicía Ángel: “A patria é ese sitio onde traballan vinte para comeren dous”. Como ía eu crer naquel conto que nos contaban? Como ía eu crer nos curas que axudaron a aqueles bandidos dende o principio ata o final do franquismo?



Cando a casa é unha tumba

Eu tiña dezaseis anos e aquel home trinta e un e xa me parecía un vello. Sempre sentín pena por el por pura simpatía. Miña nai dicía cando se arrimaba pola nosa casa como de broma:

–Que soño está este Luís Soliño.

Daquela todo o mundo dicía que un home solteiro era unha desgraza moito maior ca unha muller solteira, porque non se sabían coidar. Luís casara en Bueu, pero non fixo bo matrimonio e volveu para Cangas vivir cos pais, así que para nós era como se fose solteiro. Era un home que falaba pouco, non quería escoitar críticas ós curas nin á igrexa e miña nai mirábao por isto con bos ollos.

–Deixade a Deus e a igrexa en paz. Non teñen nada que ver co que estamos a falar. Hai bos e malos en todas partes.

–Pero Luís, se ti es comunista coma nós! –Dicíalle Antonio Blanco.

–Vaia se teñen que ver! –Apostilaba José Mejuto.

–A min non me foi tan mal na igrexa e por iso sigo indo cando me peta.

Aquel home era un apaixonado non tanto da igrexa como das procesións de Semana Santa, en especial aquela do Encontro dos Venres Santos.

Soliño crecera desde pequeno roldando a igrexa. Cando se ía acercando o Venres de Dores andaba nunha roda viva,

desaparecía e non volvía pola nosa casa nin pola Casa do Pobo ata que pasaba o Domingo de Resurrección. Cando terminaba a coresma, xa non lle importaba nin a célula comunista, nin valía que se risen del os compañeiros Lao Graña, o Hazaña ou Emilio Nores, porque aqueles días non había nada máis importante que preparar os santos para que estivesen ben traxeados nas procesións. No Encontro había que poñer toda a enerxía do mundo, porque viña xente de Moaña, de Bueu e ata de Marín para mirala. Saía moi cedo, xusto cando raiaba o día, e un cura que viña de fóra empezaba a narrar a morte de *Nuestro Señor*, mentres a figura do Cristo articulado caía tres veces, levando a cruz ata o Calvario, seguido da figura do neno Francisquiño da ferramenta, que leva un cesto ó lombo co martelo e os cravos para a crucifixión. Que arrepió! Polo camiño íase topando coas tres Marías e tamén con San Xoán, con aquela melena rizada de pelo natural, que era a envexa de moitas mulleres.

Luís andou ó mar desde moi pequeno, mais o párroco Valentín Losada, que moita xente quixo ben, axudouno porque seica era moi delicado de saúde e púxoo con el de sancristán, para libralo de andar zapateado polas ondas do mar. Despois, cos anos, non lle quedou outro remedio que volver coller a patela, pero a afección por coidar dos santos seguiu con el toda a vida. Lembro o día que gañou as eleccións a Fronte Popular, cando se puxera tan contento que perdeu a vergoña e saíu polo balcón do concello e dixo unhas palabras que foron moi aprezadas por axustadas e por breves. A alegría deulle valor a aquel home tan tímido.

Vivía nunha casiña que había no Señal cos seus pais. O pai estaba cego e pasaba o día sentado na porta, esperando a que alguén pasase e lle dese algunha palabra. Unha noite tamén foron

os da Falanxe buscar a Luís, mais non o toparon por pouco, porque alguén o foi avisar que viñan por el. Escapou polo monte, pero alí non se aguanta moito se non encontras unha man caritativa que che axude. Unha noite que estaba todo completamente escuro e chovendo a mares, volveu para casa.

–Meu filliño, que imos facer? Se te collen mántante como están facendo con outros.

–Quedo esta noite, miña nai. Mañá mesmo volvo marchar.

–Non, non, queda aquí connosco, escondido. Non fagas ruído, levanta esas táboas, con tres xa vale, sacamos a area do chan e facemos un burato, xa irei eu levándoa á ribeira pouco a pouco para que ninguén se dea conta.

E así foi. Fixeron un buraco pequeno para Luís. De día andaba pola casa, pero en canto sentía alguén metíase alí. Pero as casas eran pequenas, os veciños moitos e non todos de fiar. Había un dos irmáns M vivindo moi pretoño. Disque foi a muller quen lle empezou a quentar a cabeza cada vez que se deitaban pola noite:

–Mira que acabo de ver que alguén se move nesa casa. O pai non é porque non anda así tan lixeiro.

–Que o Luís non pode ser. Xa fomos mirar tres veces e só están os vellos.

–Onte quedei a mirar media hora enteira desde aquí e puiden ver que alguén se agachaba.

–Iso figuróuseche a ti, ho.

–Xogo a cabeza, e non a perdo, a que ese comunista está na casa escondido cos pais.

Conseguíu así que varias veces máis lle foran petar á

porta. Entraban, rexistraban, mais non topaban nada. Pero a muller do M seguía a rillarlle a orela cada día:

–Dígoche eu que está aí, estou segura! Tedes que ir outra vez! Vouche dicir eu como o vas descubrir.

E alá foron na noite seguinte. Entraron, fixeron o rexistro e saíron para fóra coas mans libres. Quedaron na porta coa cabeza pegada e ó pouco tempo escoitaron:

–Vente Luís que xa marcharon.

E coma sempre, estalou o ritual de violencia: malleiras primeiro e despois contalo, para que todo o mundo se decatase do listos que eran os falanxistas e que ninguén podía enganalos. O círculo pechouse cando o meteron nunha camioneta ata non moi lonxe. Unha parada, un tiro, outro corpo máis tirado nunha cuneta calquera e un certificado de defunción no que poñía que o preso intentou escapar cando pararon para arranxar unha roda picada. Era o 24 de maio de 1937. A procesión do Encontro xa non volveu ser a mesma porque faltaron as mans amorosas do comunista Luís Soliño arranxando aqueles santos.

O Charrúa

Nieves Miranda era unha veciña que vivía na esquina da rúa do Lirio. O seu home, o Charrúa, andaba fuxido desde o alzamento militar. Estaría contenta de saber que se encontrou cun anxo que se chamaba Elisa Soliño polos montes de Aldán, unha muller valente coma poucos, que ía polos camiños comprando e vendendo galiñas, ovelas, ovos e todo o que pensaba que os veciños máis illados lles puidese vir ben.

Elisa Soliño tiña medo, coma todos. Sobre todo cando estaba na casa, porque cando andaba polos montes sentíase libre e segura. Coñecía aquel terreo como se fose a palma da man. Aprendera a identificar calquera pedra que se movese de sitio, calquera planta pisada, calquera herba cortada... así que non lle custou moito atopar a persoa que debía andar no monte escondida e que, sen se dar conta, ía deixando marcas por aquí e por acolá. Grazas a ela, o Charrúa puido sobrevivir case un ano naqueles montes. Elisa sabía sempre que era o que precisaba aquel home e decote lle levaba unha muda limpa e algo de comer. E así foi como el aguantou coa ilusión de encontrarse con ela de cando en vez.

Elisa Soliño era tratanta e sabía ter a boca pechada, porque traballando polos camiños non se debe andar con contos dun lado para outro, porque nunca sabe unha con quen está a falar. Así que aínda que viña a Cangas, nunca lle dixo nada á

familia daquel home, ata que un día escoitou que a muller do Charrúa estaba moi maliña e, claro, non puido calar e comentoullo a aquel home que vivía amedrentado. Nese momento, o Charrúa non quixo saber máis nada e botouse a andar de noite para Cangas, polas rutas máis altas e escabrosas dos montes. Quería só mirar a súa muller un momento, saber como estaba. Cando entrou na casa, abrazouna e díxolle que non volvería marchar pasase o que pasase.

E o que pasou non foi bo, porque daquela non pasaba nada que nos dese esperanzas. A familia do Charrúa estaba desfeita, coma case todas. Antes da guerra mirábanse moi ben, porque el era taxista e tiña un coche, e quen tiña un coche daquela? Coñecía a todo o mundo de Cangas e prestábase sempre a levar a Pontevedra ós da Alianza Mariñeira sen cobrarlles máis que o mínimo. Aquel debeu ser o seu delito, porque os irmáns M, envexosos e sen vir a conto, un día estragáronlle o coche e deixaron aquela familia na miseria.

O Charrúa quedou, como algúns máis, agochado na casa e mentres foron pasando os días puido incluso vivir certos momentos de felicidade, abrazado á súa muller e ó resto da familia.

Rufino Miranda, o sogro do Charrúa era o que estaba ó coidado da familia naquel momento, no que non había máis que facer que mirar uns para os outros; daba medo saír, daba medo estar na casa, daba medo todo. Pero a vida continuaba e un día houbo un temporal, movéronse as tellas e empezou a chover dentro da casa. A pingueira caía xusto enriba da cama de Rufino, que xa non tiña idade para andar subindo no tellado. Chamou o

Felecho, veciño de toda a vida, para que fose el solucionar aquela desfeita. Como ía imaxinar que aquel home que era coma da familia ía mirar unha cama no faiado, ía pensar que alí estaba o xenro de Rufino escondido e que acabaría por denunciálo ós da Falanxe?

Outra vez máis ás dúas da mañá nun día de abril do 37, petaron na porta e empezou o ritual de violencia. Abriu Rufino e alí estaban o G, o Bobiño, Corneta e L, aqueles cans que se abalanzaron sobre el e o tiraron contra a parede, mentres a netiña se agarraba ás súas pernas, dándolles patadas a aqueles homes enormes que maltrataban o seu avó.

–Como vides á nosa casa buscando a José? Estivestes aquí con nós tantas veces ó redor da mesa! Como sodes capaces de facernos isto? –Preguntáballes a muller.

Pero alí non houbo piedade. Non houbo unha palabra amiga, unha mirada de compaixón. Fóra había polo menos corenta falanxistas rodeando a casa, como se fosen asaltar un cuartel de xente armada; as rúas tomadas como se houbese algún perigo de verdade, porque o grupo dos falanxistas non parou de medrar desde que Franco cruzara o Estreito.

–Marcha, José. Escapa polo tellado –mandoulle o cuñado Manolo cando escoitou a lea. José botou a cabeza pola fiestra para marchar, pero cando oíu chorar a filla parou en seco.

–Non, non vou a ningún lado. Son capaces de collervos a vós.

–Vaite, vaite. Xa nos zafaremos!

–Como? –Preguntou tristemente José, baixando polas escaleiras co cuñado detrás.

Cando chegaron abaixo empezaron a maltratalo alí mesmo. Atáronlle as mans e levárono para a sede que tiñan na rúa Real. O G, xunto con outros dous, quedaron atrasados e sen mediar palabra descargaron contra Manolo os golpes que quixeron ata esnaquizalo tamén a el. Ninguén soubo se era algo persoal, que o sería, porque se non a que viña aquela malleira sen ton nin son?

Tivérono só dous ou tres días no local. A filla foi a que lle levaba a comida. Era un catorce de abril o día en que os falanxistas de garda fixeron a vista gorda e deixaron que José, sentado, collese no colo a súa filla.

–Nieves, filliña. Mira por túa nai e por teu avó por se tardo eu un pouco en volver á casa.

Ninguén soubo nada máis ata que alguén veu avisar que toparan o corpo de José en Pontevedra. Alá foron as dúas Nieves, nai e filla, e alá foron Rufino e Manolo buscar algún sitio para poder enterralo.

Por aqueles días aprendín tamén outra lección: que a vida ten moito de casualidade, de azar. Nós imos aló onde pensamos que nos vai tocar algo de balde, o maná que baixa do ceo, que os regalos da vida están aí para collelos; mais ós pobres énos moi difícil que nos caian cousas boas, porque o destino azouta os que menos teñen. Foi como se o Charrúa o quixesen matar dúas veces, porque o confundiron con outro a quen asasinaron tamén.

Saturnino Blanco era o amo do cine vello ó que tanto nos gustaba ir. Era un bo home, dos que non abandonan os amigos, dos poucos que quedaban en atreverse a axudar os caídos daquela

traxedia que estabamos a vivir. O día quince de abril do ano 37 deitouse pensando no que lle acababan de dicir: que o seu amigo, o Charrúa, estaba detido nos locais da Falanxe a carón da igrexa. Ó día seguinte, levantouse e foise sen pensalo moito a aquela cadea coa esperanza de que algún coñecido lle permitise falar co seu amigo. E así foi. Mirouno e quedou en paz, porque alí estaba o Charrúa, maltratado, pero vivo. Só lle dixo que ía facer por axudarlle todo o que puidese. Coñecía a moita xente e seguro que conseguiría que o soltasen, xa que tiña a certeza de que non lle fixera nada malo a ninguén.

Cando saíu de alí, con moito pesar, pensando nas penas que lle tocaba vivir ó seu amigo, no adro da igrexa apareceron uns tipos:

–Alto, ti es José o Charrúa, onde vas? Tes que estar preso! Alto!

–Non, non. Non son José. El está dentro. Eu son Saturnino Blanco...

–Quieto aí! Non te movas! –Berroulle un mentres sacaba unha pistola.

Deulle tempo só de dar dous pasos atrás, cando nun segundo sentiu que todo o peito lle rebentaba por dentro. Saturno caeu no chan como se fose un boneco recheo de follacos.

Sáron á porta do seu local varios falanxistas.

–E vós que facedes?

–É o Charrúa que escapaba!

–Papahostias... está dentro.

O Charrúa escoitou o tiro que lle deron ó seu amigo e cando se decatou do que pasara, non soubo onde encaixar outra

dor máis na súa alma. Escoitou tamén que estaba gravemente ferido e que o levaban ó Hospital de Pontevedra. Non sería ata no día seguinte cando descubriuse que non sobrevivira a aquela trágica confusión. Cando se chega a ese estado de violencia, as vidas coma as deles non valían nada.

Os da Illa

A primeira novela que recordo de cando era pequena na miña casa é a das aventuras de *Robinson Crusoe*. Tróuxoa un día Evaristo e a min pareceume un tesouro. O libro tiña unhas pequenas ilustracións nas que se miraba un home construindo un mundo el só ata que aparece aquel amigo, Venres. Desde entón as illas eran na miña imaxinación unha fonte de aventura, pero tamén de protección. En Cangas tamén tiñamos unha illa. Chamabámoslle simplemente así, A Illa, aínda que eran dúas, antes de eu saber que se chamaban Cíes. Daquela non é coma agora, a Illa estaba moi, moi lonxe e os mariñeiros falaban sobre todo das perigosas ondas que debían sortear cando navegaban entre a Illa Norte e a Illa Sur. Naqueles tempos quen ía alí que non fosen mariñeiros?

Un grupo de mozos, a maioría cenetistas, con medo a que os detivesen, deberon ter a mesma idea cando o mundo se derrubou e marcharon para á Illa esconderse, pensando que alí ían estar protexidos. Non imaxinaban que irían caer nunha trampa, porque entón non había ningún recuncho libre de ser un inferno. Marcharon para alá coa esperanza de que un barco amigo se arrimase nunha noite escura e os puidesen sacar de alí, para marcharen despois a Francia, mais aquel barco nunca chegou e quedaron varados un día detrás doutro.

Bernardo Lemos tiña trinta e dous anos, era forte coma un buxo e coñecía de punta a chicote a Costa da Vela e A Illa. Andaba ó mar desde pequeno, arrimándose ás pedras máis perigosas para coller polbos. Cando mirou como ían detendo os primeiros días do levantamento os seus amigos, sobre todo os que andaban pola Alianza Mariñeira, tivo axiña claro que lle botarían o dente a el tamén, e máis sendo da CNT e tendo ido no camión para entregar as armas a Pontevedra. Estaba tan seguro de que aquela bota militar ía caer enriba da súa cabeza, que non dubidou en falar con Manolo Soliño, Carolitos, que tiña nove anos menos, pero era tan botado para diante coma el, aínda que estivese delicado de saúde. Aquel era un rapaz moi guapo ó que todas as raparigas miraban cun sorriso porque ademais era ben simpático. Animáronse un ó outro e un día á unha da mañá colleron unha lanchiña e puxéronse a vogar con todas as forzas cara á Illa. Chegaron rebentados, pero chegaron. Alí estiveron tamén Antonio Ferrari, *o Carabelo*, aquel home que volvera tan contento do Congreso da CNT de Zaragoza, no que se decidira ir xuntos ás eleccións coa UGT, e Antonio Fernández, o Amaro, da directiva da Alianza.

Pasaron na Illa Sur tres meses. Non era fácil conseguir nin comida nin calor. As illas son fermosas, con aquela area branca, cheas de paxaros e toxos, mais non eran propicias para pasaren desapercibidos. Non podían facer lume, pois tiñan que vixiar constantemente, xa que por veces os da Falanxe requisaban un barco, entraban nas tendas de ultramarinos collían as conservas e a bebida que querían e ían para ás illas en busca deles. Aqueles desalmados ían de caza como se fosen de excursión. Mentres andaban por alí, os agochados tiñan que botar horas nalgún laño do acantilado que xa coñecían ben rezando

para que non os atopasen. Bernardo Lemos e Manolo Carolitos sobreviviron porque o pai e o irmán de Bernardo ían por alí nalgunhas ocasións e levábanlles algo de comida ou de roupa, ata que finalmente os colleron a eles tamén e, para castigalos, mandáronos para o Lazareto.

Tres meses pasan decontado cando pensas cada día que pode ser o último da túa vida. O 18 de outubro, aqueles dous amigos descoidáronse e non se deron conta de que se arrimou na madrugada un barco co motor apagado, do que desembarcaron varios homes armados como se fosen loitar cun rexemento. Bernardo acordou e foi á fonte beber tranquilamente e alí mesmo lle pegaron varios tiros. Despois foron detrás de Carolitos e matárono tamén. Aquel grupo de asasinios volveu contento para Cangas, faltoulle tempo en contarlle a quen quixese oír que a caza de homes aquel día fora de marabilla. Alí deixaron os corpos das presas que cazaron, segundo eles, para que os comesen as gaiotas. Alguén das familias foi á Illa, alguén os buscou e os enterrou, porque non somos animais, porque temos a obriga de dar sepultura ós nosos mortos, porque ninguén nos pode impedir chorar.

A sorte do Carabelo e o Amaro foi mellor. O sogro deste último descubriu que ó día seguinte ían ir cazalos e foi sacalos de alí. Conseguiron volver a Cangas e andaron escondidos primeiro varios días polo monte e despois pasaron dúas semanas na casa de Maximino Rodríguez, quen os axudou cunha valentía que case ninguén tiña xa naqueles tempos. Foi un día de defuntos cando tiveron que saír da casa, porque alguén lle soprou ó Maximino que ían facer un rexistro.

–Que imos facer? Onde podemos ir?

–Se nos collen aquí... lévante a ti por diante tamén.

Eran novos e atrevidos, así que non se lles ocorreu outra que vestirse de muller para non levantar sospeitas, con pano da cabeza e todo, e así marcharon cada un para a súa casa. Disque o Carabelo pasou dous anos detrás dun cadro que tiña a figura da Paixón. O Amaro andou de casa en casa, despois entregouse e zafou cun par de anos de cárcere en Pontevedra.

Eu fun de excursión á Illa moitos anos despois, cando os de Cangas comezamos a desfrutar do mar como se fósemos turistas no verán. A Illa non era ese lugar acolledor que eu imaxinara lendo a historia de Crusoe. Cando volvíñ ler o libro, moitos anos despois, viñéronme as bágoas ós ollos. Como Robinson, eu tamén tivera dous irmáns maiores, un asasinado nunha guerra e outro que se perdeu polo mundo. Lembreime de cando lía o que Crusoe dicía de si mesmo e eu non entendía e preguntáballe a meu irmán:

–José, que quere dicir esta frase: “... desde muy pequeño me pasaba la vida divagando”. Que significa “divagar”?

–É como andar dun lado a outro e non parar en ningún sitio, só que co pensamento.

Eu tamén pasei a vida divagando entre todos aqueles mortos.

As raposas de San Simón

A estas alturas xa me doe o corazón de recordar todo o que pasou. Canta xente mataron aqueles bandidos! Como sería a cousa en Cangas que ata o alcalde de Moaña lle mandou ó gobernador unha solicitude para que os irmáns M e os seus amigos non puidesen actuar na súa vila. Pero aquí fixeron o que quixeron durante toda a guerra. Xa non me restan moitas forzas para falar de cousas tan tristes, mais quero recordar o que me contaban que acontecía naquel inferno que era o Lazareto da Illa de San Simón.

Esa illa do fondo da ría é fermosa, tranquila, pequena e plana. Eu fun só unha vez que me levaron despois do final do franquismo. Se digo que había algo no aire que a facía insoportable diredes que é normal por todo o que sabía que alí pasara. Agora dá a sensación de que está a tiro de pedra, pero daquela era un sitio afastado de enfermidade e de morte. San Simón era onde a xente que viña nos barcos debía pasar a corentena. Se mal non recordo despois houbo alí unha leprosaría, pero todo pechara no ano 23, porque era moi incómodo manter aquelas instalacións, pois na illa non había auga.

Volveron usar aqueles edificios no ano 36, cando ós rufiáns fascistas non lles cabían os presos nos cárceres e mandáronos para alí. Os pobres andaban vagando por aquel cachiño de terreo, todos luxados, con piollos e sarna. Fixéronlles pasar un inferno. Ían coma pantasma dun lado para outro se tiñan

sorte e non os encerraban en celas de castigo. Comían mondas de patacas fervidas nos anos da fame. O director foi un tal Fernando Lago Búa, que chamaban *El carnicero de San Simón*.

O outro mandamáis do Lazareto disque era un cura, un xesuíta que lle chamaban Padre Nieto, que oficiaba misa coa pistola no cinto. Poñíase diante dos que chegaban novos e dicíalles que alí era obrigatorio ir á misa e que se algún non quería ir, que llo dixese porque alí mesmo atoparía a morte, que a el o mesmo lle daba matar un home que cen, mentres sacaba a pistola do cinto, levantando o brazo e berrando:

–Cuantos más mate, más honores tengo!

Como sería que unha vez todos os homes, desesperados, negáronse a confesar con el ó mesmo tempo e ata un dos gardas que había alí meteuse no medio para dicir que iso non podía ser, que a relixión católica tiña que ser voluntaria. A aquela mala besta deulle igual, pois disque Cristo dixo aquilo de que estaba permitido arrincar a mala herba coma o xoio do trigo para poder facer unha boa colleita:

–Lo que debemos hacer es limpiar la sociedad de gente maligna.

Eu non sei se estas barbaridades son todas certas, pero contáronme que a un preso lle desfixo a cabeza baténdolle cun crucifixo, porque se negara a confesar antes de que o fusilasen.

Foron moitos os de Cangas que pasaron por alí. Algúns, coma meu pai, sacáronos para mandalos a outros infernos máis lonxe da casa. Outros homes tiveron menos sorte e alí deixaron a vida. Algúns deles tamén pereceron fóra de alí, porque cando os

falanxistas buscaban diversión ían e pedíanlle ó director sacar os que quixesen. Levábanos para abusaren deles a gusto e despois matábanos sen máis.

Eran as “*raposas*”, chamábanlles así porque aquelas bestas cazaban coma os raposos: de noite e ó caladiño. Chegaban a San Simón xa caída a tarde, case todo en escuridade. Os presos podíanos mirar vir nunha lancha, desembarcar e falar co director. Despois empezaban a vocear algúns nomes en alto.

–Eduardo García! Ángel Rial! Vicente Sáez! Aniceto Franco! Adonis Teixeira!

Tíñanse que ir presentando. Cada vez que chegaba un barco ou unha gamela daquelas todos os presos tremían. A quen lle tocaría aquela noite? Podían empezar a maltratar algún deles alí mesmo se lles daba a gana ou levalos para a terra. Non había unha regularidade, non había unha orde. Podían ser tres, seis, cinco... podía algún día vir máis dunha lancha ou non vir ningunha. Polo trato que recibían e as informacións que ían traendo os novos detidos, sabíase que alí non podía pasar nada bo. Cando caía a tarde, un home acercábase a outro para deixar un recado por se alguén saía de alí:

–Compañeiro, se sobrevivés vai mirar a miña filla, eu son de Bouzas. Quedou en estado a rapariga. A miña muller morreu hai pouco. Dille que me acordei sempre dela.

Os homes que levaban os gardas con eles non volvían á illa nunca máis e ás súas casas non chegaban tampouco. Os corpos aparecían despois tirados en calquera cuneta. Non quero nin pensar que facían con eles, porque non podo entender o gusto de maltratar a ninguén. Dáslle armas e poder a unha persoa e

calquera é capaz de asasinar e desfrutar co sufrimento alleo? Eu quero pensar que non, que non pode ser así, porque se non, que nos queda?

Daquel inferno de illa tan cerquiña da terra, que eu saiba, ningún preso escapou. Só Clemente Carracelas, que sobreviviu a un dos fusilamentos e claro, onde ía ir? Á súa casa. Pero aqueles demos non perdoaban a ninguén. Foron alí e ameazaron con matar a toda a familia. Non lle quedou máis remedio que entregarse e, para sobrevivir, enrolouse, caéndolle as bágoas, na Lexión. Debeulle ser imposible cambiar de chaqueta, porque a familia non volveu saber nunca máis del.

Que sorte tiveron os que morreron na fronte e non pasaron por esta vida escura! Todos aqueles presos quixeran ser Manuel Botello, que morreu pelexando na fronte de Teruel, ou mellor Bernardo Blanco, que morreu no buque *Libertad* defendendo a República e acabou sendo recoñecido polos seus compañeiros. Pero que hai de glorioso en que te traten coma un animal e non che deixen nin sequera loitar? Aqueles todos foron os esquecidos, porque foi todo tan horrible que non servían nin sequera de medallas para os vencedores. Aquele inferno estivo aberto ata o ano 44. Seica neste último ano deixaran alí seis mil homes vellos e enfermos e máis de catrocentos deles morreron de fame.

Esta é a imaxe de San Simón que me quedou gravada na mente. Antes tivera outra, as marabillas que describe Julio Verne na novela *Veinte mil leguas de viaxe submarino*, que liamos de pequenos. Naquela historia, o fondo da ría era o lugar onde había tesouros escondidos, galeóns afundidos cheos de ouro e prata.

Mais andando a vida, non quedou en min unha soa imaxe boa deste lugar, onde hai máis persoas asasinadas ca lingotes de prata no lodo daquel mar.



Taratola, “A política mal feita é un veneno”

A Manuel Nores todo o mundo lle chamaba Taratola. Era un home bo. Non era ambicioso, non era de escalar, non.

Quería que as cousas fosen claras, moi claras. Foi concelleiro de obras e se miraba unha inxustiza pola rúa non a deixaba pasar.

Unha vez Cheré, o rico da rúa Real, que era dono do local do cine e vivía no peirao, encargou facer unha casa. E como os ricos teñen que facerse ver, quixo plantar medio metro para fóra da liña da rúa a súa flamante casa nova. Alí foi Taratola falar co albanel.

–Mire, que o que lle encargou a obra tamén ten que cumprir coa normativa. A ver que fai.

Pero el seguiu traballando, botando a cimentación por onde lle mandara o amo. Cando Cheré se decatou aquela tarde, díxolle ó albanel:

–Ah, o que faltaba! Desde que están no concello os da chaqueta de mahón pensan que temos que facer o que eles queren! Non lle fagas caso, ti sigue e nada máis.

Volveu Taratola, paroulle a obra e despois Cheré non tivo máis remedio que darlle a casa para atrás. Taratola era así, cando as cousas non podían ser, non podían ser e xa está.

Cústame traballo falar del porque estaba decote metido en todo e sempre parecía facer todo ó xeito. Eu gardei sempre no corazón aquela frase que lle escoitei un día: “A política mal feita é un veneno”. Oxalá todos pensasen coma el! Nunca lle fixo dano a ninguén. Con meu pai e con outros fundaran a Agrupación Socialista de Cangas, pero claro, ás veces chocaba con Corbacho que tiña un carácter que non vexas ti. Corbacho era máis nervioso, máis peleón, mentres que Taratola era máis tranquilo. As discusións que tiñan os dous cantábanas ata nas comparsas do Entroido, sabendo que, ó final, acababan sempre estando de acordo, porque como dicía a sonata que lle sacaron cando os dous eran concelleiros:

*Todos al saber lo que pasa aquí
nos pusimos en camino
para averiguar si era cierto al fin
lo que en la prensa leímos.*

*Es nuestra misión la causa indagar
y por desgracia sabemos
que los ediles del pueblo
disgustos nos quieren dar.*

*Yo sé de fijo,
no sé por qué,
que siempre amigos
habrán de ser.*

Meu pai facía bromas sempre con aquela disidencia e cantaba na casa:

*Non lle deas voto ós dos lentes...
Déalle voto a Taratola, quiquiriquí,
que anda nas ondas do mar*

Era un home enfermo de tuberculose, que falaba e falaba ata que se lle poñía un pito na gorxa cando se fatigaba. Non tiña estudos, pero botaba horas a ler e por iso foi capaz de escribir algunhas das súas vivencias. Era un autodidacta, daqueles que había neses tempos, nos que uns obreiros educaban a outros, aprendíanlles a ler ou, cando non, lían en voz alta para todos.

Taratola era socialista ata a medula e cando Alianza Mariñeira se inclinou cara á CNT non parou de repetir que aquilo era un grave erro para o movemento obreiro de Cangas, que estaba gañando a xente nova sobre os vellos e que a ver onde ía acabar isto. A min non me estraña que o anarquismo tivese tanto éxito, porque traía ideas que lle gustaban moito á xuventude. Non só eran ideas políticas, senón ideas de como había que vivir cada día, como había que vivir o amor respectando os outros, como comer ben para non maltratar os animais, ou como tratar ben os corpos para estar sans.

Fora a América de novo e, no canto de volver rico, o que trouxo de volta foi unha tuberculose. Algúns dos que marcharan a finais do século dezanove fixeron fortuna, pero para chegar á fortuna necesitas poñer a traballar a outros. E Taratola non era así, seica os catro anos que botou alí pasounos polos peiraos organizando folgas e sindicatos en vez de intentar amasar cartos.

Cando volveu a Cangas pasouno mal tamén. Moitos donos dos barcos non o querían contratar, porque aínda que era un home pacífico, tiña sempre metido no sangue que as cousas debían mudar para mellor e, claro, aquelas ideas alborotáballes o galiñeiro ós armadores.

El foi o que nos anos da ditadura de Primo de Rivera, xunto con algún máis, conseguiu que o movemento obreiro non fose ó tacho en Cangas. Foi unha época en que a Alianza Mariñeira quedou case sen xente. O Pósito tampouco ía ben, porque ó goberno non lle interesaba que os sindicatos tivesen forza. Era amigo dun republicano importante, Emiliano Iglesias, que lle buscou un hospital en Madrid para ir sandar, mais a enfermidade que el tiña non se curaba de todo e menos se andabas nas ondas do mar.

Cando os mesmos teñen o poder de xulgar e castigar, cando os mesmos poden inventar as leis e executalas, podémonos botar a tremer. Iso foi o que pasou co alzamento nacional. Os falanxistas e militares ditaban a lei, facían cumprir con violencia e esa violencia podía ser física, pero tamén económica. E Taratola sufriuna ben sufrida. Fora concelleiro no ano 33 cando o andazo de tuberculose en todo O Morrazo. Morrían nenos e, sobre todo, mozos que ían secando pouco a pouco. Ir ó médico podíamos, mais non tiñamos para comprar as menciñas, así que os concelleiros aquel ano decidiron excederse no presuposto da beneficencia. A moción fíxoa Taratola diante de todos os concelleiros, que non lles quedou máis remedio que firmar aquel acto de caridade. Quen podía imaxinar que no 36 lle ían vir e pedir responsabilidades por isto e obrigar ós concelleiros a devolver os cartos ó concello? Cincocentas pesetas tiveron que

pagar cada un deles, pero claro, pagaron só os pobres. José Vicenta tivo que vender unha veiga, e Taratola foi á cadea. Os ricos como Luís Bolívar Massó non soltaron unha chica porque disque “ía moi pouco polo concello”. Non che é palla o que se pode inventar para desculpar ou condenar a alguén!

Taratola foi o milagre da guerra, a excepción que confirma a regra do exercicio da barbarie como un acto sistemático. Morreu de enfermidade no ano 43, despois de pasar pola cadea; pode que non quixesen sequera gastar unha bala con aquel home que levaba visible xa a marca da doenza.



Exilios: O meu irmán Pepe

O meu irmán Pepe foi ó que lle tocou estar lonxe de nós a vida enteira. Marchou para o servizo militar con dezanove anos e non volveu a Cangas ata que meu pai foi moi vello, despois de morrer o ditador. Puido quedar en Vigo facer o servizo, pero non quixo que meu pai lle pedise favores a ninguén: “Mellor vou á miña sorte”. E así foi. Marchou embarcado a Cartaxena na fragata *Libertad*. Cando lle quedaban só uns meses para cumprir o servizo estalou o alzamento. Cartaxena quedou na parte democrática e Galicia caeu nas mans dos franquistas, por iso durante moito tempo non soubemos nada del.

Aínda que era o maior dos irmáns, meu pai non quería por nada do mundo que o fillo fose traballar no mar. A José gustáballe a escola, na que estivo ata os quince anos e como estaba moi ben formado e era moi intelixente, empezou a traballar como mancebo nunha das farmacias que había en Cangas. Queiras que non, aquilo era unha oportunidade de non ter que andar zapateado polo mar. Coma outros mozos de Cangas, tanto el coma Ángel apuntáronse na CNT. Pepe era un rapaz serio, dos que axiña cae ben á xente vella e nunca se meteu en ningunha liorta. Sabía tratar ben a todo o mundo na farmacia, aínda que os pobres pouco gasto podíamos facer alí, porque só con sorte podíamos ir ó médico, que nos receitaba cousas que non podíamos comprar, pero dábanos vergonza dicirlle que non

tiñamos nin unha peseta para mercar medicamentos, que daquela se facían nas farmacias. Se che doía unha moa, bótalle cal! E barbaridades así. Valía unha peseta quitala, quen a tiña? O que facía de dentista era un barbeiro que che metía unhas tenazas na boca e ala, a aguantar, que era máis barato que andar nas farmacias.

Meu irmán xa deixou Cangas antes da guerra para ir traballar a outra farmacia que o xefe abrira en Brión, perto de Santiago. Viña de vez en cando e traíame uns caramelos pequeniños e moi duros con sabor a unha menta moi forte. Non era que me gustasen moito, pero como mos traía el, facíanme moi feliz e ensináballelos ás miñas veciñas moi contenta. Non me acordo moi ben cando marchou, porque desapareceu coma se nada, como se fose volver ó día seguinte. Saíu da casa sen maleta, que daquela, quen a tiña? Nunca máis volveu de todo á casa para quedar.

Fun miralo a Francia moitos anos despois, cando el cumprira os cincuenta anos. Non esquecerei o momento na estación de trens cando o volvín ver. Estaba de costas, un home xa maduro e chaparrote coma meu pai. Coñecino enseguida, antes de mirarlle a cara. Foi un momento raro. Eu tiña só catorce anos cando marchou de aquí e ficárame no recordo a imaxe dun rapaz novo, que para min era forte e poderoso. E seguía sendo cando o volvín ver, mais o tempo non perdoo a ninguén. Quedáballe no fondo dos ollos unha serenidade que intimidaba. El era así, un pouco retraído, nunca quixo volver a Cangas, eu creo que por medo a toparse coa vida que perdeu. Andando por aí el tamén sufrira moito e penso que no fondo se sentía coma un estraño en todas partes.

Despois de marchar embarcado para Cartaxena soubemos moi pouco del. Moi de tarde en tarde chegaban a través da Cruz Roxa Internacional unha especie de “carteritas” con moi poucas palabras escritas: “Estoy bien, no os preocupéis”. E xa está. Naqueles primeiros anos de Franco todo o correo estaba vixiado. Se escribías unha carta para a fronte ou para un preso debías encher o sobre todo con frases coma “Viva Franco”, “Arriba España”, “Viva la Iglesia”. Había que poñelas por todas partes, porque se non os mesmos traballadores tirábanchas nun recuncho e non chas mandaban.

Durante a guerra puidemos saber do meu irmán polos que ían e viñan de Cangas, polo boca a boca. Eramos todos como unha grande familia. Cando alguén da vila topaba con outros andando por aí, recollía todos os recados e facía todos os favores que podía, para que a familia soubese deles. Ó mesmo tempo, a el íanlle contando todo o que pasaba aquí: todo o que se perdeu, que quedamos arruinados, que entraron os de Franco, que mataron o irmán, que detiveron os pais, que esfolaron os que quixeron. Entón el decidiu non vir máis. Corenta anos de franquismo foron moitos anos. A que ía vir? A que o prendesen tamén a el? Eu nunca puiden imaxinar como é vivir sen irmáns, sen primos, sen familia, máis que a muller e os fillos. Mais a vida del así foi, non lle quedou outra.

Contoume que estivera coa morte nos ollos moitas veces. Participara na Batalla do Cabo de Palos cando a mariña republicana afundiou o barco *Baleares*, que estaba no bando de Franco, un mes de marzo de 1938. Era un barco grande e novo, impresionante. Xunto con outros dous foron os que bombardearon a poboación civil de Málaga. Cando mo contaba

meu irmán, eu non entendía de que me estaba a falar, porque claro, daquela as barbaridades que fixo o exército franquista non aparecían nin nas noticias, nin na radio, nin se publicaban nos periódicos que chegaban a Cangas. Nada soubemos daquel desastre en corenta anos que estivemos sumidos no silencio. O que pasou foi que os civís da cidade de Málaga temían a chegada do exército franquista e miles botáronse a camiñar para chegar a Almería, nunha aventura que a xente chamou *La Desbandá*. Eran miles de persoas circulando por unha estrada que ía por uns acantilados: a un lado, o mar, ó outro o monte. Non había por onde escapar. Desde o mar aqueles barcos enormes bombardearon a toda aquela xentiña indefensa e desarmada, atacando desde o mar e tamén desde o aire. Homes maiores, mulleres de todas as idades, rapaciños... Seica morreron máis de doce mil persoas acribilladas. Bandidos! Cantas cousas calaron daquela!

Cando todo estivo perdido, a tripulación levou o *Libertad* ata o porto de Bizerta en Túnez, pois as tropas franquistas fixéranse con todo o territorio nacional. Cando chegaron, moitos pediron asilo político, quedando no barco uns poucos tripulantes. A maioría mandáronos ó campo de internamento de Meheri Zabbens e alí empezaron as penurias do meu irmán.

Foi con outros oitocentos homes facer traballos forzados no deserto de Túnez para os alemáns e para os italianos, cavando trincheiras e facendo estradas. Cheos de fame, piollos, miseria e mirando morrer a moitos ó seu carón. Pero el era coma meu pai, un ferrote. Xa non era só o traballo, senón que nalgunha ocasión bombardeábanos e, claro, como estaban baixo o mando militar alemán, non había forma de escapar.

Cando terminou a guerra europea no ano 45, pasou mil peripecias. Foi para Túnez e conseguiu traballo nun hotel. Foille ben e acabou sendo xefe de cociña. Alí namorouse dunha moza italiana e finalmente casaron. Despois foron para Francia e agora viven en Avignon. Ó meu irmán Ángel matárono e a José exiliárono á forza. A miña familia quedou en nada con miña irmá e comigo. Para meus pais xa nada na casa volveu ser o mesmo. Hai moitas maneiras de que che arranquen os fillos e sentir que quedas pobre para sempre!



As fillas dos carreiros

“Para unha muller pobre ser moi guapa é unha desgraza”. Isto dicía sempre a miña veciña a Roxa cando tocaba falar da familia dos carreiros que vivía xusto ó principio do Forte. Era unha casa de mulleres, cinco fillas, todas elas fermosísimas. Ás veces é difícil atopar a beleza da xente entre farrapos, mais no caso destas rapazas non había dúbida: eran as máis fermosas de Cangas. Xuntáranse nelas os trazos angulosos dunha nai morena, co empaque dun pai de ombreiros anchos e cara regular, case demasiado guapo para ser un home. Eran máis fermosas que todas as señoritas xuntas que mirabamos no cine sentadas todas tesas e ben vestidas na preferente. Só as actrices das películas podían igualar as fillas do carreiro. Dúas delas sentaban connosco na escola no “banco do seguro” de dona Perfeuta.

Podo contar pouco de como era o mundo para a xente rica de Cangas naquela época, porque para nós era como se non existisen. Andaban noutro mundo: o Casino, o Club Deportivo Rodeiramar, como moito, algunhas mulleres de boas familias andaban nas igrexas facendo música ou caridade. O único trato que había era se che daban traballo nunha boa casa como costureiras, criadas ou xornaleiras. Por iso tedes que desculparme se pouco conto de toda aquela xente que viaxaba, que ía estudar a outros sitios, que facía deporte e gañaba campionatos de natación ou de vela. Eu diso non podo falar,

porque nunca fun servir ningunha destas casas e non tiña trato con eles, pois.

Precisamente souben algunha cousa por dúas destas irmás dos carreteiros, Arxentina e Josefa, que case por casualidade entraron a traballar na casa duns conserveiros dos que tantos había en Cangas coma os Massós, os Azpeitia, os Chamadoira, os Paganini... Todos eran xente de boas familias, que casaban entre eles e criaban os fillos moi lonxe da miseria que viviamos nós. O seu mundo e o noso eran como dous planetas xirando ó redor do sol que non se mesturaban nunca e máis valía que así fose.

Arxentina tiña só doce anos cando foi para a fábrica traballar, pero ós poucos días de estar alí, recollendo a maga do peixe cunha lata na man, indo mesa por mesa onde estaban as mulleres máis expertas empacando o peixe nas latas, veu o amo falar co encargado.

–Quiero llevarme una niña de estas a cuidar de la nieta que acabo de tener.

O encargado, que quería quedar ben, mandou a Arxentina, que cun vestidiño limpo parecía un anxo baixado do ceo. E alá a levou. Estaba pola mañá coa nai da criatura que lle daba de comer e poñíaa limpa e despois deixábaa coa nena ata que lle tocaba volver darlle de comer. A nai poñíase a ler ou a tocar o piano, mentres ela entretiña aquela criatura que ía abrindo os ollos á vida e á que tanto cariño lle colleu.

Pasaron algúns meses e chegou o verán. Arxentina pasaba a maioría do tempo no xardín coa criatura. Era un bo

traballo ó lado das penurias de ter que andar mollada na fábrica. Aquele xardín denso, poboado de arbustos en flor e froita pendurada das árbores, parecíalle a Arxentina o xardín do Edén. Aínda que era pequena, deulle para maquinari moito sobre a casualidade que é nacer nunha familia ou noutra. Como sería ela se nacesse naquela casa? Tamén lle darían arrepío as rapazas pobres como lle daba ela á mestra dona Perfeuta Sitoula?

Gustáballe estar alí.

Cando entraba pola porta da casa dábanlle un mandilón branco moi bonito, que tapaba toda aquela roupa vella que ela levaba. Cando podía, mirábase no espello e sorría do guapa que estaba. Ademais, de cando en vez, dábanlle algún vestido vello que a súa nai podía amañar para algunha das fillas, iso si, quitándolle antes todos cantos adornos tiña, porque non viña a conto que as rapazas pobres tivesen nos vestidos todos aqueles volantes e lazos que ninguén podía amidonar.

Cando pasaron uns meses ata se atreveu a facer unha treta ocorrente e, para min, inxenua. Nas tardes de verán, cando levaba unha hora no xardín, pegáballe unha voz á ama desde abaixo:

–Señorita, la niña está mojada, tengo que subir a cambiarla.

–¿Otra vez? ¡Pero cuánto pis hace esta cría! ¿Estará enferma?

Arxentina subía á casa coa nena. Sen que a ama soubese, molláballe un pouco con auga os cueiros e así podía ir á cociña e comer un cacho de pan, beber un pouco de leite e ata coller algunha galleta sen que a botaran de menos, porque aquela era unha familia grande. Cambiarlle os cueiros a aquela meniña tiña

un premio difícil de resistir cando na túa casa non había case de nada, así que aquel bebé ía sempre máis seco e máis limpo que calquera outro do mundo. A nai, aquela rapaza nova e de bo carácter, non lle prestaba moita atención, porque lle faltaba tempo para estomballarse nun diván e ler un libro.

A outra irmá, Josefa, tiña tres anos máis que Arxentina e uns meses despois foi traballar á mesma fábrica. O amo que controlaba todo por alí, mirouna e foi buscala.

–Eres la hermana de Argentina, ¿verdad? Si quieres, vente a trabajar con nosotros a casa, que necesitamos a alguien en la cocina.

–Yo no sé nada de cocina, don Amaro.

–No te preocupes por eso, mi mujer te enseñará. Vente, pero sólo si quieres, ¿eh! Si no, busco a otra.

E alá foi Josefa, ata podía aprender un oficio, pero claro, aquilo non era que lle gustase moito porque alí ía estar máis soa. Non tiña a gandallada das outras mozas, non sabía se podía ir ás festas e todas esas cousas. Era menos traballo, desde logo, mais estar na casa da xente era tamén escravo, porque alí tiñas que calar a boca e aparentar que algo de señoritismo levabas na alma. Ó final, alá foi cando mirou que a súa irmá se puxera tan contenta de pensar que ía ter dentro da casa unha aliada.

Don Amaro e a súa muller tiñan catro fillos, tres homes e só aquela filla coa meniña acabada de nacer que quedara a vivir con eles. Os tres homes levábanse poucos anos e estaban todos fóra. Pasaron algúns meses e cando chegou o verán alí se instalaron todos para pasar as vacacións despois de estudaren todo o ano en Santiago.

O pequeno chamábase Matías, era un rapaz tímido de vinte e un anos que estudaba Dereito, que cando mirou a Josefa quedou completamente prendido dela. Buscábaa cando sabía que non había ninguén na cocina, cando a nai saía mercar á praza ou ía visitar algunha amiga. Espiábaa a todas horas e en todos os sitios. Os domingos que non ía traballar volvíanse os días máis tristes daquel verán. Matías non era un home guapo, mais era un bo deportista e poderíamos dicir que era boa persoa. El empezou a escribirlle uns papeleños curtos, con tres ou catro palabras de amor, porque amor era o que sentía por ela. E ela non sabía ó principio se era amor por el o que sentía, ou se simplemente se sentía gabada de que un home fino coma el puidese fixarse nunha pobre coma ela. Ó final, Matías tivo que volver marchar para Santiago cando a rapaza estaba namorada del xa sen remedio.

Josefa entrou nunha tristura difícil de disimular. A súa nai era unha destas mulleres que conseguía ser amiga das fillas, polo que lle contaban todo e, a cambio disto, tiña moi pouca autoridade sobre elas.

–Ai, meu Deus! –Dixo alporizada cando a filla lle falou destes amores. –Se lle fas caso estás perdidíña! Os señoritos non son para nós.

Matías, aínda que señorito, non debía ser mal home. Un día botoulle valor e mandoulle unha carta ó seu pai dicindo que estaba namorado de Josefa e quería casar con ela. Que inocente! O pai non se preocupou moito, mais ben pensou que que fillo máis vivo tiña, pois parecía o máis parado de todos! Xa se lle pasaría aquel amor de xuventude coa criada! Acaso a maioría dos señoritos non se namoraron algunha vez dunha pobre? Todos sabían o final desas historias: as criadas acababan fóra da casa e

os fillos casados cunha muller nova de boa familia. A nai de Matías, en cambio, quedou moito máis preocupada, coñecía a bondade e o idealismo daquel fillo seu que estudaba Dereito, segundo el, non para gañar cartos, senón para defender os inocentes. Así que finamente o que fixo foi botala da casa.

–Josefa, hija, ya no nos hacéis falta ni tu hermana ni tú. Mi hija se va a ir con el niño y los chicos se van todos a Santiago. Con la criada ya me apaño, solo quedamos mi marido y yo en casa, así que podéis volveros las dos a la fábrica.

Esa foi a explicación que lle deu porque quixo, porque en realidade non tiña que darlle ningunha, que ela era a ama e a outra a criada.

Podería acabar aí a historia se non fose porque Matías non estaba disposto a renunciar a aquel amor, aínda que non era fácil encontrarse con Josefa sen que ninguén se decatase. Non había coches privados para ir e vir de Cangas a Santiago, mais aínda así, cando hai amor non hai maneira de paralo.

Chegou xullo e xa estaban na casa todos os fillos do dono da fábrica. Eran grandes nadadores e frecuentaban o Club Rodeiramar con aquelas rapazas tan modernas que tamén nadaban e vestían traxes claros e lixeiros. Ninguén podía imaxinar que Matías agardaba durante horas e horas para poder atopar a escondidas á súa moza, a quen lle prometera matrimonio en canto rematara a carreira. Xa se zafarían! Os pais nada souberon daquel reencontro, pero estalou a guerra e mobilizaron a Matías xunto con outros tantos de Cangas, a pesar de ser de boa familia. Levárono para a fronte de Aragón e ós poucos meses

oíuse un berro desesperado da nai que ó abrir un telegrama soubo da morte daquel fillo seu.

Non podo nin quero facer deste relato unha historia romántica de película, non podemos saber que pasaría se Matías volveuse da fronte. Casaría con aquela rapaza fermosa, pero pobre, filla de carreteiros? Os contos de fadas poden existir.

Mais o que si sei é que Josefa pariu unha criatura durante o segundo ano da guerra. Cando soubo que podía estar en estado, foi coa irmá pequena ata a igrexa do Hío, para rezarlle en secreto a aquela imaxe pintada nun retablo que chamaban A Dema do Hío, na que aparecía unha diaña con sete peitos aleitando a sete demiños. A maioría das mulleres ían alí rezarlle cando querían ter un fillo e non podían; mais elas, en cambio, foran rezar desesperadas para que non fose verdade aquela preñez que xa se empezaba a notar un pouco. A Dema do Hío nada fixo por ela e ós poucos meses e en plena guerra Josefa pariu unha nena escuálida que morreu ó pouco tempo, como tantos outros anxos que morrían por calquera cousa. A vida de Josefa foi para adiante coma todas as vidas. En vez de marcas, levaba sucos dun pasado que castiga as mulleres que se desvían do bo camiño. O peor de todo o que viviu foi aquel sentimento de culpa que tivo sempre por ir rezarlle a aquela dema para que a filla non lle nacese. Pero naceu, e enfermou, e perdeuna, todo por culpa dela, por rezar a quen non se debe.



1941

Volveu Evaristo

Mireino pasar no ano 41 polo centro de Cangas, subindo a rúa Real. Estaba delgado, cos ollos metidos nas profundidades das cuncas. A min deume vergonza a roupa que eu levaba, mais el, pobriño, ía peor ca min. Parvadas da xuventude. Traía o pelo case rapado e os ósos da cara facíanlle un perfil diferente ó que eu coñecera. O nariz era máis grande e destacaba naquela cara moito máis alongada ca antes. Non era nin moi guapo nin moi alto, porque as fames e a guerra non lle deixaran medrar.

–Evaristo, Evaristo! Xa estás aquí!

Cando lle saltei con estas alegrías el pareceu saír doutro mundo e mirou para min cos ollos ardentes. Abriunos moito e penso que quixo sorrir, mais non puido. Non abriu a boca. Esquivou a mirada, agachou a cabeza e alí chegou a súa irmá maior, Beatriz, que o colleu do brazo e o guiou rúa Real arriba. Que lle pasaba? Parecía outra persoa. Como non estaba contento de volver? Morreran tantos daquela! Estar con vida xa era abondo.

Cando cheguei á casa, conteillo a meu pai que acababa de vir tamén do penal de Pamplona.

–Si, dixéronmo á mañá que chegou onte. Seica o tiveron nun campo de concentración en Vitoria ou por aí e o pobriño non está ben. Debeu mirar moito sufrimento, disque está coma un

morto en vida. Pasoulle coma a Secundino Rodríguez que se volveu tolo no Lazareto.

Dous días despois coa desculpa de ir ó monte coller unhas piñas con miña irmá, subimos o camiño de Cimadevila a ver se o topabamos. Alí baixaba a súa irmá maior.

–Como está Evaristo? –Pregunteille eu.

–Ai, filliña! Non está ben, non está ben –As bágoas asomaron por aqueles ollos cansos. –Estache na casa cos meus pais, pero non pode saír. Non sei se poderán con el.

–Pero, que lle pasa?

–Nada, nada. Ten a cabeza ida. Hai que deixalo tranquilo, a ver.

Seguimos subindo ata chegar á fonte do Ouro, que tiña un fermoso lavadoiro a carón das veigas e do camiño. Se querías falar con alguén, alí tiñas que ir porque sempre había mulleres dándolle á lingua mentres enchían o balde.

–Por Deus, non hai quen durma con ese rapaz.

–Leva dous días a berros pola noite. Os pais non poden con el.

–Os meus nenos téñenlle medo.

–Que pasa? –Preguntei eu facendo un pouco o parvo.

–Nada, que está este veciño noso, Evaristo, que veu mal da cabeza. Pobre. Temos medo porque se pon a berrar alto e a ver se nos vai meter a todos nun problema!

–Así non vai poder estar aquí, que va! A ver se nos levan a todos presos por culpa del!

Evaristo fora un dos rapaces máis listos da escola, xunto co seu irmán Benedicto. O pai era un home moi lector que lle

aprendeu ós fillos a ler moi cedo e eles estaban sempre picados a ver quen era máis intelixente. O seu pai e o meu eran amigos da Alianza e do Pósito de toda a vida. Tamén era moi espelida a súa irmá Beatriz, a quen ese pai e eses irmáns tan listos non lle ensinaron a ler, porque ser a irmá maior nunha familia pobre de Cangas era unha desgraza. Elas non ían á escola porque tiñan que coidar dos irmáns que ían chegando un detrás doutro. Así que Beatriz aprendeu a ler ela soa mirando de esguello os libros do seu pai. Non era un mal pai, que non era violento, nin borracho, nin gastador. Era un bo home, mais así eran as cousas naquel entón. A Beatriz mandárona servir con doce anos a Mondariz para coidar nenos a unha casa. Os irmáns xa eran maiores, podían valerse e quitar unha boca da mesa, non che era palla. Así que Beatriz, que tamén era moi lista, leu toda a vida amodiño e ata aprendeu soa a facer a súa firma, para non pasar a vergonza de ter que poñer unha cruz.

O pai de Evaristo era un home de esquerdas que pecaba de fantasioso. Pasaba o día lendo e tiña a gala de ser republicano. Cando as fillas naceron, buscou nomes literarios para elas, porque non quería poñerlles nomes católicos, así que escolleu a Beatriz de Dante, a Ofelia de Shakespeare e a Colombiana, en homenaxe a aquel anaco do continente americano co que tantos lazos había. Non coñeceu á súa familia paterna, pero sabía que eran daqueles que volveron de América con moitos cartos despois do desastre de 1898, en que España tivo que arriar o pouco que alí lle quedaba.

O gusto pola lectura, que o pai de Evaristo inculcou nos fillos, víñalle a el por liña directa do seu pai, Carlos, de boa familia do Ferrol. O tal Carlos viñera facer o servizo militar a

Vigo e nunha excursión coñeceu a que sería a súa muller, unha rapaza pobre de Cangas. Carlos foi entón expulsado da familia e iniciou aquela póla dos Dobarro desherdados en Cangas.

Para o pai de Evaristo, os dous fillos varóns eran uns auténticos tesouros, porque ían ser eles os que recuperarían a dignidade perdida, reparando o dano que lle fixeran ó seu pai. As mulleres, en cambio, non lle importaban tanto. Pero as cousas non van así na vida, xa o sabemos. Os fillos bastante teñen con tirar para diante co que van topando como para ocuparse de pagar débedas que non son súas. Con todo, moitos pais non saben isto e pasan unha auténtica agonía e fánllesla pasar ós fillos, intentando que fagan o que eles non souberon ou non puideron facer. Así que o pai de Evaristo alí o estaba, mariñeiro e lendo libros sen parar, un pouco fóra do mundo.

Dos dous fillos, Evaristo era o seu favorito. Era un pouco golfeiro, vivo, pero cada ano, cando acababa o curso o mestre non paraba de gabarillo.

–Este rapaz ten que estudar. Cando se faga maior pode falar co cura a ver se entra nun seminario.

Pero Evaristo era unha alma libre e non quería que o encerrasen en ningún sitio. Alí en Cangas quería estar e máis adiante xa miraría. Viña á miña casa, ía a Mar y Tierra, onde contaba con sumo gusto o que lía, traballaba tamén e con iso estaba contento. O outro irmán era doutra pasta. Gustáballe estudar tamén, mais o del non era xuntarse cos rapaces mariñeiros. Cando estalou a guerra, cada un deles caeu nun lado diferente da contenda. Benedicto foi á guerra polo bando nacional, porque lle tocou, pero adaptouse ben, era relixioso e topou un mundo de orde que lle acabaría prestando. Así que

deixouse ir, pois non lle ía levar a contraria ó destino! Cando terminou a guerra, fíxose militar de carreira e comulgou con todo o ideario do franquismo. Que eu saiba, nunca puido facer nada polo seu irmán.

Evaristo, o pobre, tocoulle vivir o inferno en plena xuventude dos que foran de esquerdas aínda que el era só un rapaz. Cando veu a guerra metérono preso no Instituto de Saúde con outros sindicalistas. Beatriz foi unha mañá coa cabeza gacha buscar o que fora un amigo da primeira xuventude co que andaba polas festas, Marcelino M, que era director da Falanxe. A nai de Beatriz estaba aterrorizada:

–Non vaias, rapariga, non vaias, a ver se van meterse ademais co teu pai. E ti xa tes unha filla pequena, tes que mirar por ela.

Pero non se resignou e alá foi.

–Marcelino, home, non o matedes. É un rapaz moi novo e non fixo nada.

El veulle a dicir que non o metese nun compromiso diante dos compañeiros e que algo faría.

–Non o imos matar, vai tranquila –díxolle polo baixo.

Ben que sabía el que xa lle deran unha malleira, mais non llo ía dicir. Se tivese que facer caso a todas aquelas que viñan chorar polas familias o Movemento estaría acabado! El, que nin sequera tivera piedade dun cuñado! Mulleres, puro sentimento. Así que Evaristo acabou, tan novo, nun campo de concentración e Beatriz pensou sempre que aquel home fixera algo por ela, porque ó seu irmán non o mataran. Aínda por riba, agradecida!

Pero hai máis formas de matar que dar a morte mesma. A tolería de Evaristo era que subía ata o Montaña de Cimadevila e desde alí, a pleno pulmón, empezaba a berrar a calquera hora da noite:

–Franco, asasino! Asasinos! Non pagades coa morte!

Que vos fixeron aqueles homes? Por que tivestes que matar a todos por culpa daqueles corvos? E por que non morrín eu? Por que non quedei alí coma eles?

Evaristo non durmía. Botaba toda a noite querendo escapar pola rúa a insultar ó caudillo. Na familia conseguiron entender a trágica historia que trouxera sobre as súas costas.

Cando estaba no campo internado, un grupo grande de homes escapou e meteuse nunha veiga de millo a comer as espigas do leite, porque estaban mortos de fame. A veiga era dun convento de monxas e elas, en vez de protexelos, foron denuncialos.

Colleron moitos e metéronos de novo no campo de concentración. Nada máis entrar, puxéronos en fila e el, que era dos máis novos dos que escaparon, saíu da fila no último momento porque un dos homes maiores deulle un empuxón e díxolle de marchar. Os demais miraron e calaron a boca. Levaron os que comeron o millo a unha fosa e executáronos. El salvou a vida, pero non a cabeza. Por que tiveron que delatalos? Por que? Por que morreron todos menos el? Non tiña que cambiar de fila facéndolle esa xogada ó destino. Tiña que pagalo, tiña que pagalo; debía ser máis valente ca ninguén e morrer como morreron tantos e tantos.

Así que alí ía cada noite berrar ós catro ventos en contra de Franco, en contra das monxas, en contra dos curas. Outra vez, a pobre Beatriz foi chorar polo seu irmán, que non tiña culpa de nada. Explicou de novo que toleara, que non merecía a morte e agora nin sequera a cadea porque o pobriño non sabía o que dicía.

Levárono para Conxo en Santiago, aquel centro psiquiátrico no que acabou moita xente que non encaixaba naquel mundo. Toda a vida encerrado, toda a vida medicado. Cando se fixo maior, mandárono para un asilo. Pasou máis de cincuenta anos encerrado. Aquela guerra deixou moitos mortos en vida como Evaristo e outros tantos que morreron un pouco por dentro.



Os anos de silencio

Podería contarvos moitas outras historias, mais estou cansa e non quero aburrirvos con máis lérias. Nalgún lugar hai que poñer un punto e tirar para adiante. As terribles experiencias que vivimos non podemos esquecerlas porque, se o intentamos, quedan no fondo do corazón convertidas en traumas.

Paro aquí porque o que veu despois xa foi outra cousa. Os asasinatos foron minguando, mentres que os mortos en vida foron indo a máis.

Agora toca abrir as xanelas e deixar que o vento fresco arrastre toda a cotra que se vai formando alí onde queda algo de suciedade. O sol todo o sanda. Se habemos de habitar esta casa vella que é o noso mundo, máis vale que limpemos antes de sentar a descansar.

Non quero deixarvos soamente un testemuño de inxustizas, senón o dunha xente que pensaba que era posible cambiar o mundo se traballamos todos xuntos para que a vida dos máis pobres sexa mellor.

Eu vivín a fragilidade da vida humana, mais tamén a forza que dá andar todos xuntos buscando para todos, para todas, unha vida mellor.

COLOFÓN

Este é un texto feito a partir das declaracións que quedaron gravadas de Lola Rodal Blanco e que agora están depositadas no Museo do Pobo Galego. Trátase dun exercicio de “antropoloxía literaria”, xa que os seus recordos son o fío central no que fun trabando outros sucesos que pasaron na vila de Cangas a principios do levantamento militar do 36. Con todo, este libro non fala só da guerra, senón tamén do movemento obreiro formado a principios do século XX nas ribeiras mariñeiras galegas.

Algunhas cousas cotiás e algúns personaxes son invención miña, mais os sucesos políticos e sociais que se recollen están documentados en traballos históricos relevantes como o é por exemplo o libro *Historia de Cangas 1900-1936. Unha ribeira de Pescadores*, escrito por Santos Castroviejo e Nores Soliño e editado n'A Nosa Terra no ano 2005.

A miña voz está sobreposta á voz de Lola Rodal Blanco, que me deu unha desculpa para poder contar a memoria que ela deixou, e tamén o que a min me contaron, porque a memoria social artículase nun enredo de voces e experiencias que asumimos coma propias.

Neste texto manteño os nomes e apelidos das persoas coma un homenaxe para contrarrestar a Historia oficial que destaca as fazañas da xente importante e esquece as da xente máis desfavorecida. Eliminei os apelidos dos que exerceron a violencia, que son indicados só cunha inicial, mentres que si reproduzo os alcumes tal como eran. A razón desta eliminación é que os apelidos se transmiten no tempo e non creo que nunha vila coma a nosa ninguén teña que sentirse sinalado por actos de algún dos seus antepasados dos que non son responsables.

Grazas a Iago Santos Castroviejo, que posúe a tan escasa habilidade de traballar xenerosamente para apoiar os proxectos doutra xente, sen o seu impulso eu non me sentiría lexitimada para falar pola voz de Lola Rodal Blanco. Grazas tamén a Paula Cousillas, que correxiu o texto, e a Carmen Mejía e a Ana Acuña por exerceren a súa maestría. Por último, grazas á Asociación de Memoria Histórica 28 de agosto de Cangas que apoiou este traballo.

ÍNDICE

Chámome Lola, son filla de Cangas	7
1926. A matanza das bigornas	11
Dona Perfeuta	17
1930. A radio de don Víctor	23
1931. Imos a Saturno !	31
1931. A República	35
1933. O submarino	39
20 de maio de 1933. Os anxiños	45
1934. O mitin na praza do touros	51
1934. A revolución de outubro	55
1935. Lola Blanco	61
Febreiro de 1936. A Fronte Popular	69
Abril de 1936. A fábrica de Pellín	73
20 de xullo 1936	79
Meu pai, José Rodal	83
11 de agosto, días de cadea	91
Prenden a miña nai	95
22 de agosto “Aquí non hai máis deus ca min”	105
28 de agosto 1936. Os mártires de Angueiro	109
Camilo Rodal, o Petiscado	115
24 de setembro. Lorenzo Corbacho	121
As rapadas	125
7 de abril de 1937. Meu irmán Ángel	131
Cando a casa é unha tumba	137
O Charrúa	141
Os da Illa	147
As raposas de San Simón	151
Taratola, “A política mal feita é un veneno”	157
Exilios: O meu irmán Pepe	163
As fillas dos carreiros	169
1941. Volveu Evaristo	177
Os anos de silencio	185
Colofón	187

